



limiar

NO “LIMAR” DA *MEMORIA SOBRE A situación económica e social de Galicia* do ano 2002, considerouse que o acontecemento socioeconómico máis salientable de dito ano foi a ameaza do impacto social, económico e ambiental das mareas negras do buque *Prestige*.

Nesta *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia* do ano 2003, cómpre resalta-la importancia que, para o desenvolvemento económico e social de Galicia, ten o compromiso de maiores investimentos por parte da Administración autonómica, coa aprobación do *Plan de dinamización económica de Galicia 2003-2006* (23 de xaneiro de 2003) e da Administración Xeral do Estado, coa aprobación do *Plan Galicia* no consello de Ministros reunido en A Coruña o 24 de xaneiro de 2003.

Para palia-lo impacto negativo da contaminación provocada polo afundimento do *Prestige*, o importe total das actuacións planificadas acada os 10.428 millóns de euros.

Con respecto á necesidade de concreción dos orzamentos das novas actuacións en infraestruturas a desenvolver en Galicia pola Administración Xeral do Estado, o importe planificado acada os 3.616 millóns de euros. O 81,5% de dita cantidade dedícase a infraestruturas do AVE.

O esforzo adicional de Xunta de Galicia, a concretar nos seus orzamentos para o período 2003-2006, acada os 882 millóns de euros. O 73,5% de dita cantidade dedícase a actuacións en infraestruturas e ou 17,6% a actuacións no sector pesqueiro.

Respecto as actuacións xa comprometidas, nas que se planificou un acurtamento medio dos prazos de execución, aparecen actuacións en infraestruturas a desenvolver en Galicia pola Administración Xeral do Estado, por valor de 5.149 millóns de euros. O 81,6% de dita cantidade dedícase a infraestruturas do AVE.

A Xunta de Galicia planificou un acurtamento medio dos prazos de execución, a desenvolver durante o período 2003-2006, de 781 millóns de euros. O 49% de dita cantidade dedícase a actuacións en infraestruturas.

O CES-Galicia considera importante realizar un seguimento de tódalas actuacións previstas pola Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia como consecuencia do impacto da catástrofe do buque *Prestige*, a súa denominación, características técnicas, cuantificación económica e prazos previstos de finalización. O estudo da situación das distintas actuacións realízase no capítulo **5.4. Políticas de desenvolvemento rexional.** ■

C. consideraciones

situación económica

emprego

sectores productivos

benestar social

desenvolvemiento rexional

C.1. situación económica

Crecemento e converxencia

Cadros C.1.1. a C.1.4. e gráfico C.1.1.

Ó igual que o acontecido en 2002, ó longo do ano 2003 os países da OCDE presentaron, no seu conxunto, unha aceleración da súa actividade económica, que medrou un 2,0% respecto ó ano anterior (dúas décimas máis que o rexistrado en 2002). Este maior dinamismo prodúcese na economía estadounidense (2,9% en 2003, medio punto porcentual máis que en 2002) e en Xapón (2,7% no último ano fronte ó crecemento do 0,2% do ano 2002). Pola contra, os países da zona euro e os da UE-15 considerados no seu conxunto rexistran unha desaceleración no seu ritmo de crecemento (medran un 0,5% e 0,7%, respectivamente, catro décimas menos do que o fixeran en 2002).

O produto interior bruto a prezos de mercado xerado pola economía galega en 2003 medrou nun 2,4% en termos reais, segundo a estimación do IGE (unha déci-

C.1.1.

PIB galego a prezos de mercado 2002-03: distribución segundo os seus compoñentes (1)

	2002		2003				03/02
	Total	Total	I	II	III	IV	(%)
		(en miles de €, prezos constantes de 2000)					
Agraria e perqueira	1.811.557	1.744.504	437.443	435.373	433.807	437.881	-3,7
Enerxía	1.554.603	1.607.872	397.571	401.078	403.675	405.548	3,4
Industria	5.441.192	5.573.527	1.381.841	1.389.648	1.387.796	1.404.242	2,4
Construción	3.751.957	3.869.221	954.628	965.710	971.938	976.945	3,1
Servicios	19.078.210	19.568.749	4.833.717	4.872.378	4.910.362	4.952.292	2,6
de mercado	14.024.151	14.314.430	3.538.352	3.565.637	3.591.206	3.619.235	2,1
non de mercado	5.054.059	5.254.318	1.295.365	1.306.741	1.319.156	1.333.056	4,0
Impostos netos sobre os produtos	3.633.772	3.764.079	933.193	937.609	941.952	951.325	3,6
PIB a prezos de mercado	35.271.291	36.127.952	8.938.393	9.001.796	9.059.530	9.128.233	2,4
Gasto en consumo final	28.446.944	29.379.054	7.252.010	7.313.236	7.376.505	7.437.304	3,3
gasto do fogares	22.094.497	22.773.306	5.627.228	5.672.594	5.716.529	5.756.965	3,1
gasto das AAPP e ISFLSF	6.352.447	6.605.748	1.624.782	1.640.652	1.659.976	1.680.339	4,0
Formación bruta de capital	11.274.811	11.721.124	2.879.472	2.918.924	2.948.770	2.973.959	4,0
Demanda interna	39.721.755	41.100.178	10.131.482	10.232.160	10.325.274	10.411.262	3,5
Exportacións de bens e servizos	21.055.235	22.238.472	5.436.891	5.510.768	5.595.430	5.695.384	5,6
Importacións de bens e servizos	25.505.699	27.210.696	6.629.980	6.741.132	6.861.172	6.978.414	6,7
		(en miles de €, prezos correntes)					
Agraria e perqueira	1.903.496	1.865.541	464.759	464.334	465.027	471.421	-2,0
Enerxía	1.649.645	1.792.035	433.636	442.751	452.684	462.964	8,6
Industria	5.754.335	6.016.168	1.480.103	1.495.708	1.512.408	1.527.949	4,6
Construción	4.282.383	4.737.272	1.139.832	1.174.241	1.200.298	1.222.901	10,6
Servicios	20.882.182	22.274.624	5.423.685	5.517.590	5.614.273	5.719.116	6,7
de mercado	15.436.898	16.483.111	4.009.531	4.063.758	4.155.652	4.234.170	6,8
non de mercado	5.445.284	5.791.513	1.414.154	1.433.792	1.458.621	1.484.946	6,4
Impostos netos sobre os produtos	3.907.402	4.212.228	1.027.893	1.043.110	1.060.554	1.080.671	7,8
PIB a prezos de mercado	38.379.443	40.897.868	9.969.908	10.137.694	10.305.244	10.485.022	6,6
Gasto en consumo final	30.254.868	32.191.859	7.860.631	7.980.038	8.110.040	8.241.149	6,4
gasto do fogares	23.466.538	24.945.952	6.097.879	6.188.305	6.283.190	6.376.579	6,3
gasto das AAPP e ISFLSF	6.788.330	7.245.907	1.762.753	1.791.733	1.826.850	1.864.571	6,7
Formación bruta de capital	12.101.867	13.090.017	3.170.827	3.252.605	3.310.343	3.356.242	8,2
Demanda interna	42.356.735	45.281.876	11.031.458	11.232.643	11.420.383	11.597.391	6,9
Exportacións de bens e servizos	21.787.761	22.981.822	5.608.742	5.662.548	5.781.428	5.909.105	5,5
Importacións de bens e servizos	25.765.053	27.365.829	6.670.291	6.777.499	6.896.566	7.021.473	6,2

(1) Revisión a 27 de xullo de 2004
Fonte: IGE

C.1.2.

Taxas de variacións anuais do VEB (1) e do emprego 2002-03 en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos

	Galicia				España			
	02/01		03/02		02/01		03/02	
	VEB	Emprego	VEB	Emprego	VEB	Emprego	VEB	Emprego
Primario	0,7	-12,8	-3,7	-0,9	1,7	-5,7	-1,4	-2,0
Industria	1,5	5,6	2,7	-1,6	0,7	-0,4	1,3	-1,0
Energía	-2,9		3,4		0,9		1,3	
Industria	2,9		2,4		0,6		1,3	
Construcción	3,0	2,4	3,1	-3,0	5,2	3,4	4,3	3,7
Servizos	1,8	2,7	2,6	7,2	2,3	3,2	2,4	4,1
de mercado	1,4		2,1		2,2		2,1	
non de mercado	2,7		4,0		2,7		3,3	
Non primarios	1,9	3,3	2,7	3,7	2,2	2,5	2,3	3,0
Total VEB pb	1,8		2,3		2,2		2,3	
Total PIB pm	1,9		2,4		2,2		2,5	
Total emprego		0,9		3,1		2,0		2,7

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 2000 no caso galego e 1995 no caso de España)
 (2) Os datos para Galicia proceden do IGE (revisión a 27 de xullo de 2004), e os de España do INE
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

ma inferior á taxa de crecemento estimada polo INE para o conxunto do Estado), 0,5 puntos máis do que o fixera no ano anterior. Nas dúas fontes obsérvase unha tendencia positiva que se vai reforzando segundo avanza o ano.

O devandito crecemento do ano 2003 veu acompañado dun cadro macroeconómico caracterizado por unha moderación das tensións inflacionistas. A taxa de variación das medias anuais de inflación en Galicia foi do 3,1% (sete décimas menos que o rexistrado no ano anterior), sendo de 3,0% no conxunto do Estado (3,5% en 2002).

Asemade, o mercado de traballo en Galicia experimenta unha medra da poboación activa de 44,7 miles de persoas (3,7%), dos que 33,2 miles de persoas corresponden ó incremento da ocupación (3,1% máis que no ano anterior) e 11,5 miles de persoas ós desempregados (7,8%). O incremento da ocupación (2,3 puntos porcentuais por riba do que sucedera no ano 2002) prodúcese como consecuencia de que o emprego no sector primario descende un 0,9% (1,4 miles de persoas) e nos sectores non primarios medra un 3,7% (34,7 miles de persoas). A taxa de

paro galega en 2003 aumenta catro décimas respecto á de 2002 (12,6% en 2003).

Ó contrario do acontecido no ano anterior, en 2003 a economía galega, cun parello crecemento da súa produción á do conxunto da economía española, presentou unha taxa de creación de emprego catro décimas superior. Dunha banda, os sectores non primarios en Galicia, cunha medra catro décimas superior, presentan unha taxa de creación de emprego sete décimas superior. Doutra, a pesar da caída da produción do sector primario (-3,7% fronte ó descenso do 1,4% no conxunto do Estado), a caída do emprego agrario en Galicia é inferior á rexistrada no conxunto do Estado (-0,9% e -2,0%, respectivamente).

Desde o punto de vista da oferta, a aceleración do ritmo de crecemento da actividade económica prodúcese por mor da evolución dos sectores non primarios, que pasan de medrar, en conxunto, un 1,8% no ano 2002 a un 2,7% no ano 2003. Fronte a esta medra, a actividade agraria presenta en 2003 unha contracción do 3,7%, cando en 2002 producírase unha leve recuperación ó incrementarse a súa produción un 0,7%. Aspecto a ter en

C.1.3.

Converxencia real das CC.AA. fronte a España e a Unión Europea (UE-15)

	PIBR por habitante (1)			PIBR por habitante (poder de compra)			
	2002	2003	03/02	2001	1999-2001	2001	1999-2001
	(media española= 100)		variación absoluta	(media UE-15=100)		(media AC10+UE15=100) (2)	
Andalucía	74,9	75,3	0,4	63,1	62,5	69,2	68,7
Aragón	107,5	108,3	0,9	90,5	89,6	99,3	98,5
Asturias	84,6	85,2	0,7	72,3	71,9	79,4	79,0
Baleares	123,6	120,6	-3,0	105,4	102,4	115,7	112,5
Canarias	94,6	93,4	-1,2	80,3	79,6	88,1	87,4
Cantabria	96,7	97,1	0,4	82,7	81,3	90,7	89,4
Castela-A Mancha	80,7	80,6	-0,2	67,1	67,5	73,7	74,2
Castela e León	92,7	93,1	0,4	78,0	77,5	85,6	85,1
Cataluña	118,7	118,6	-0,0	100,7	101,2	110,5	111,1
C. Valenciana	95,8	95,1	-0,8	81,1	80,8	89,0	88,7
Extremadura	64,4	64,9	0,5	53,5	53,8	58,7	59,1
Galicia	79,1	79,3	0,2	66,5	66,3	73,0	72,8
Madrid	134,3	134,0	-0,3	112,4	112,3	123,3	123,4
Murcia	86,3	86,9	0,6	71,2	70,5	78,2	77,4
Navarra	126,4	126,9	0,5	106,2	106,2	116,5	116,6
País Vasco	124,2	124,8	0,6	105,1	103,6	115,4	113,9
A Rioxa	112,8	113,0	0,3	96,9	94,7	106,3	104,0
Ceuta y Melilla	85,1	84,5	-0,7	-	-	-	-
Total	100	100	-	84,2	83,9	92,4	92,2

(1) Datos do INE, Contabilidad Regional de España base 1995 (CRE-95). Serie 1995-2002 (prezos correntes)

(2) Los países AC10 son Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia e Eslovenia.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e Eurostat

conta, xa que segundo os datos da Contabilidad Regional do INE, o peso do sector agrario no PIB galego é do 6,7%, moi superior ó peso relativo do sector primario en España, que é do 4,1%.

O sector industrial no seu conxunto (enerxía e industria) presentou no último ano unha taxa de crecemento do VEB do 2,7% (1,2 puntos porcentuais superior á rexistrada no ano anterior). Segundo a Contabilidad Regional, o peso relativo deste sector no PIB total galego é do 24,7%, superior ó 22,8% da economía española (o sector industrial, sen a rama enerxética, representa o 17,7% en Galicia, fronte ó 18,8% no conxunto do Estado).

A construción presenta unha taxa anual de crecemento do 3,1%; unha décima superior á experimentada no ano anterior (3,0%). Ó igual que acontecía no caso do sector primario, o seu peso relativo no PIB galego (9,9%) é superior ó peso deste sector en España (8,8%).

Os servizos tiveron un crecemento medio de 2,6%, fronte ó 1,8% experimen-

tado o ano anterior en Galicia. Este é o sector máis importante en canto á xeración do PIB, xa que aporta o 62,6% do mesmo no ano 2003, inferior á contribución do mesmo na economía española, que foi do 68,2% no ano 2003.

O peso relativo da economía galega en España, medido en termos do PIB a prezos de mercado, descende ó longo desta onda expansiva que semella perder forza, pasando do 5,49% en 1998 ó 5,37% do ano 2003. Entre os anos 2002 e 2003 este peso relativo mantense practicamente constante, pasando do 5,38% de 2002 ó devanditos 5,37% de 2003.

Tomando como indicador de converxencia da economía galega á española o PIB rexionalizable per cápita, no ano 2003 redúcese a fenda con respecto á media española. No último ano o indicador do PIB per cápita (prezos correntes) acadou un valor de 79,3 (media española = 100), dúas décimas superior ó de 2002 (79,1). Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade co menor valor, por diante de Estrema-

C.1.4.

Producto Interior Bruto a precios de mercado das CC.AA. 2003: distribución segundo ramas de actividade (1)


	Agricultura, gand. e pesca	Industria	Energía	Construcción	Servizos	PIB	CA/total	CA/total
	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(%)	(%)
Andalucía	6.892.736	7.896.361	2.451.937	7.315.617	49.811.714	71.571.153	14,1	13,9
Aragón	880.888	3.770.315	715.456	1.206.396	10.203.132	16.145.186	2,9	3,1
Asturias	294.946	2.148.830	964.675	1.141.113	7.315.292	11.418.584	2,1	2,2
Baleares	194.948	758.718	452.041	934.322	9.561.733	11.454.102	2,7	2,2
Canarias	416.332	1.219.223	599.698	2.373.100	16.411.112	20.228.861	4,7	3,9
Cantabria	285.683	1.350.929	176.054	619.300	4.296.488	6.456.129	1,2	1,2
Castela e León	2.215.024	5.525.657	1.908.757	2.660.616	18.340.728	29.497.917	5,2	5,7
Castela-A Mancha	1.748.203	3.069.381	810.956	1.957.192	11.227.085	18.105.212	3,2	3,5
Cataluña	1.503.937	26.074.293	3.501.718	6.770.305	60.132.909	94.297.729	17,1	18,2
C. Valenciana	1.505.718	10.776.867	1.480.527	4.964.536	33.450.335	50.215.417	9,5	9,7
Extremadura	978.062	689.499	625.969	1.059.858	6.116.854	9.114.039	1,7	1,8
Galicia	1.853.011	4.926.602	1.933.559	2.752.924	17.390.283	27.771.006	4,9	5,4
Madrid	202.240	12.997.571	2.813.980	6.795.780	70.648.302	89.942.649	20,1	17,4
Murcia	972.610	2.156.606	502.131	1.257.300	8.283.116	12.685.958	2,4	2,5
Navarra	386.520	3.068.622	180.462	659.252	5.053.167	8.996.417	1,4	1,7
País Vasco	534.532	9.819.525	1.356.496	2.548.846	19.975.687	32.947.404	5,7	6,4
A Rioxa	364.701	1.112.010	100.660	298.673	2.142.706	3.867.593	0,6	0,7
Ceuta e Melilla	4.909	23.991	28.924	101.870	1.393.155	1.494.442	0,4	0,3
Total	21.215.000	97.385.000	20.604.000	45.417.000	352.290.000	516.736.000	100	100

(1) PIB a prezos básicos (prezos constantes) calculado coa 1ª estimación para o 2003

Fonte: INE, Contabilidade Regional de España

G.C.1.1.

Participación da produción ⁽¹⁾, a poboación e o emprego galego no total español 1998-03



(1) PIB a prezos de mercado. Prezos constantes
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

dura (64,9%) e Andalucía (75,3%). Cómpre salientar que estas dúas comunidades achegáronse máis á media estatal do que o fixo Galicia (5 e 4 décimas mellor que en 2002).

Tan preocupante ou máis que a escasa converxencia que amosa a economía galega en PIB per cápita é a vía pola que se teñen acadado os avances: a perda de poboación en termos relativos. Falar de converxencia en magnitudes per cápita pode levarnos a esquecer que o desenvolvemento económico dun territorio existe non só avanzar nestas, senón manter ou incrementar a súa dimensión demográfica. Converxer perdendo poboación conleva a reducir o noso peso poboacional e, xa que logo, social e político no conxunto do Estado. Neste sentido, as quedas en emprego e poboación que reflicten o **gráfico G.C.1.1.** son preocupantes e amosan un dobre problema para a economía galega: achegámonos lentamente á media española e o facemos pola vía de reducir o número de persoas entre as que repartir o PIB. Abandoar esta “vía pasiva da converxencia” en troques dunha “vía activa”, baseada en crecementos do PIB galego

sostidamente por riba do español, esixiría un maior esforzo a desenvolver en tres eidos.

En primeiro lugar, incrementar os recursos adicados á capitalización da economía galega, mediante o cumprimento dos investimentos do Estado previstas para o que resta de década, o mantemento dos fondos estruturais a partires do ano 2006 e as políticas para aumentar o stock de capital privado, son alicerces fundamentais para o futuro de Galicia. Nembargantes, perante o difícil escenario que se presenta na renegociación da política rexional europea que se fará ó longo do 2005, debería activarse tamén a discusión sobre a reforma e potenciación do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI). Cunha coantía conxelada dende hai anos, pódese converter nunha peza compensatoria chave nos vindeiros anos.

En segundo lugar, aumentar a rendibilidade social no gasto dos fondos de desenvolvemento percibidos por Galicia. As experiencias doutros territorios deberían levarnos a reflexionar sobre o óptimo das liñas de actuación potenciadas no

pasado e os proxectos concretos nos que éstas se teñen traducido nalgúns casos.

En derradeiro lugar, artellar e reforzar liñas de actuación que vencellen en meirande grao os esforzos dos sectores público e privado. Adiantando algunhas das consideracións que se fan posteriormente, habería que falar eiquí da formación de traballadores, a investigación e a innovación, o investimento coordinado en infraestruturas chave como portos e aeroportos, o pulo á oferta e uso das telecomunicacións ou a potenciación dos clusters sectoriais.

No ano 2003, o índice RFBD por habitante acada un valor de 90,4% (media española = 100), fronte ó 88,9% do ano anterior. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia supera a Andalucía, Canarias, Castela A Mancha, Estremadura e Murcia. A incorporación dos fluxos fiscais e de transferencias das AA.PP. ás familias eleva en 11,1 puntos a converxencia de Galicia en termos de RFBD respecto á converxencia en termos de PIB (**cadro C.5.15. PIB e Renda familiar bruta dispoñible por habitante nas CC.AA. 2002-03**).

No contexto europeo (UE-15=100), a economía galega presenta no ano 2001, segundo os datos do Eurostat, un PIB per cápita do 66,5% da media dos quince países da UE, sendo o valor do conxunto do Estado do 84,2%. Os datos confirman que este proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade en tódalas rexións, sendo Galicia a segunda rexión con menor crecemento do valor do índice PIB per cápita (UE-15=100) entre 1995 e 2001 (3,3 puntos máis), por diante de Castela A Mancha (2,9 puntos máis), ademais de Ceuta e Melilla (2,7 puntos).

Coa excepción de Navarra, a segunda rexión co maior índice PIB per cápita (UE-15 = 100) en 2001, cunha medra de

6,7 puntos, e Cantabria, cun incremento de 9,9 puntos entre 1995 e 2001, as catro primeiras rexións en canto ó valor do devandito índice en 2001 son as que presentan o maior incremento (Madrid, con 9,5 puntos máis; Baleares, con 8,2 puntos; e País Vasco, con 11,8 puntos máis). O incremento experimentado no conxunto do Estado entre 1995 e 2001 foi de 6 puntos.

Cómpre reflexionar sobre este dato, en especial nunha rexión que é obxectivo nº 1 en termos da política rexional europea e no contexto da ampliación da Unión a países e rexións menos desenvolvidas. Se se teñen en conta os 25 países que forman a UE a partir do 1 de maio de 2004, o PIB per cápita de Galicia pasaría do devandito 66,5% da media dos actuais 15 países da UE ó 73,0% da media da Europa de 25 países en 2001 (último dato dispoñible).

Neste senso, en relación coas 211 rexións europeas consideradas na UE-15, Galicia ocupa o posto 183, por diante de 28 rexións: 8 gregas, 6 alemanas, 4 portuguesas e italianas, 3 francesas, 2 de España e unha do Reino Unido. Se se consideran as 41 rexións dos 10 países que ingresaron na UE en maio de 2004, Galicia supera a todas agás seis destas novas rexións (Chipre, Malta, Eslovenia e unha da República Checa, Eslovaquia e Hungría).

Demanda e sector exterior

Cadros C.1.1., C.1.5. ea C.1.6.

A aceleración no ritmo de crecemento do PIB a prezos de mercado da economía galega rexistrado ó longo do derradeiro ano veu motivada pola medra da achega da demanda interna, que acada o 3,9% (nove décimas máis que no ano 2002), mentres que a achega da demanda externa foi medio punto inferior á rexistrada o ano anterior, quedando situada en -1,5 puntos porcentuais (-1,1 puntos no ano 2002).

Á devandita recuperación da demanda interna contribuíron tanto os compoñentes do consumo –gasto en consumo final dos fogares e das Administracións públicas e Institucións financeiras sen fin de lucro– como a formación bruta de capital (FBC). O gasto en consumo final e a FBC medraron en 2003 un 3,3% e un 4,0%, respectivamente, sendo esta porcentaxe do 2,7% en 2002.

Polo lado do consumo, o gasto en consumo final das administracións públicas medrou a un ritmo do 4,0%, seis décimas máis que no ano anterior, en tanto que o gasto en consumo final dos fogares galegos creceu un 3,1%, medio punto máis sobre o crecemento rexistrado en 2002. A recuperación deste compoñente da demanda interna apoiouse tanto nos diversos programas de apoio postos en práctica como na mellora das rendas, e queda reflectida tanto na medra das matriculacións de turismos como nas importacións de bens de consumo.

Segundo os datos do IGE, a renda salarial real rexistrou un incremento do 3,7% en 2003, 1,2 puntos porcentuais máis que no ano anterior. Isto é resultado dun aumento do 3,3% no emprego asalariado, medido en termos de afiliacións á Seguridade Social, e do incremento do 0,4% que tivo lugar no poder adquisitivo dos salarios, consecuencia, sobre todo, do importante descenso que experimentou a taxa de inflación na segunda parte do ano.

Respecto ó comportamento de diferentes indicadores do investimento, a licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en 2003 una medra similar á de 2002, co 25,7% (medra un 29,3% no caso da obra civil e un 16,1% no caso do total edificación), e o consumo de cemento o fai nun 5,6%, catro puntos máis que no ano anterior.

Polo que respecta ó investimento en bens de equipo, fronte ós descenso do ano anterior, as matriculacións de vehículos de carga incrementáronse un 5,6% (no ano anterior o descenderan nun 6,6%), e as importacións de bens de equipamento experimentaron unha medra do 9,4% respecto ó ano anterior (-14,8% en 2002).

O investimento público real territorializado por habitante das Administracións públicas presentou (**cadro C.5.6. *Investimento público real territorializado nas CC.AA segundo axentes das administracións públicas 2002-03: presupostos iniciais***) unha variación interanual de 14,9% (79,73 euros máis), acadando un valor total de 616,02 euros por habitante. Este incremento prodúcese tanto no caso da C.A., con 36,26 euros por habitante máis, como no caso do Estado e das entidades locais, con 27,39 euros e 16,08 euros por habitante máis que en 2002.

A pesar deste crecemento, o investimento público real territorializado por habitante segue a ser inferior á media española rexionalizable. En 2002 o investimento en Galicia é o 84,8% da media rexionalizable (95,95 euros menos), sendo do 88,3% da media rexionalizable en 2003 (81,96 euros menos).

Comparando o investimento público por habitante en Galicia coa media rexionalizable, o principal desfase prodúcese no caso dos concellos, con 129,83 euros menos, seguido polo investimento estatal, que é 9,67 euros inferior. Se a comparación se fai coa media total, este desfase é de 129,83 euros e 57,66 euros, respectivamente.

O fluxo de investimento estranxeiro bruto efectivo en Galicia acadou no ano 2003 un valor de 28,4 millóns de euros (o 0,2% do total estatal) o que significa que se produciu un descenso do 93,9% respecto o ano anterior (437,6 millóns de euros

C.1.5.

Investimento estranxeiro bruto efectivo nas CC.AA. 2002-03

	2002		2003		03/02
	(en miles de €)	CA/total (%)	(en miles de €)	CA/total (%)	
Andalucía	310.329	1,0	231.574	1,4	-25,4
Aragón	965.577	3,1	4.997.531	30,0	417,6
Asturias	1.489.735	4,7	10.434	0,1	-99,3
Baleares	108.537	0,3	313.452	1,9	188,8
Canarias	977.465	3,1	146.777	0,9	-85,0
Cantabria	15.354	0,0	581	0,0	-96,2
Castela e León	265.060	0,8	6.866	0,0	-97,4
Castela-A Mancha	38.008	0,1	359.161	2,2	845,0
Cataluña	3.744.805	11,9	1.444.149	8,7	-61,4
C. Valenciana	77.134	0,2	71.014	0,4	-7,9
Extremadura	8.222	0,0	92.848	0,6	1.029,3
Galicia	466.037	1,5	28.422	0,2	-93,9
Madrid	22.425.984	71,5	7.808.542	46,9	-65,2
Murcia	2.562	0,0	869.124	5,2	33.819,7
Navarra	23.222	0,1	10.379	0,1	-55,3
País Vasco	361.403	1,2	216.539	1,3	-40,1
A Ríoxa	78.392	0,2	27.658	0,2	-64,7
Ceuta-Melilla	7.550	0,0	6.040	0,0	-20,0
Total	31.365.376	100	16.641.090	100	-46,9

Fonte: Dirección General de Comercio e Inversiones

menos). Tras este forte descenso Galicia pasa a se-la sexta comunidade con menor investimento estranxeiro, por diante de Cantabria, Castela e León, Navarra, Asturias e A Ríoxa, ademais de Ceuta e Melilla.

Os principais países que entre xaneiro e decembro de 2003 invisten entre nós son os da UE-15, cun volume total de investimento de 23.955,4 miles de euros (un 94,8% menos que o investido no mesmo período do ano anterior), o que representa o 84,3% deste investimento (98,4% en 2002). No conxunto do Estado, a importancia relativa do investimento estranxeiro procedente destes países foi do 52,9% en 2003 (37,6% en 2002).

Entre os países europeos salienta o investimento procedente dos Países Baixos e o Reino Unido, con 9.073,3 e 4.349,1 miles de euros, respectivamente.

En 2003 apréciase unha concentración nas ramas de actividade de “producción, distribución eléctrica, gas e auga”, “actividades inmobiliarias e servizos” e “industria extractiva e refino de petróleo”, que acollen o 31,2% e o 17,4 e 15,8% do total investido nas empresas galegas, respectivamente.

En canto ó fluxo do **investimento galego no estranxeiro**, este descendeu en 2003 un 60,5% respecto ó ano anterior, acadando os 111,5 millóns de euros (o 0,5% do total investido por España nese ano), dos que os países da Unión Europea (UE-15) reciben o 63,9% (o 68,0% se consideramos os 25 países da UE trala ampliación do 1 de maio de 2004). Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a oitava comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Aragón, Cataluña, País Vasco, Baleares, a C. Valenciana e Canarias.

Asemade, cómpre salientar que Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector comercio, que acolle o 72,3% do total investido (no conxunto do Estado representa o 7,0%).

No concernente ó **comercio exterior**, se se consideran as relacións comerciais entre residentes en Galicia e os residentes fóra de Galicia (incluído o resto do Estado), o cadro macroeconómico galego (fonte IGE) amosa que o valor total das exportacións e importacións medraron en 2003 un 6,0% e 6,4%, respectivamente.

C.1.6.

Importacións e exportacións de Galicia 2002-03: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
	(en millóns de €)				(%)			
Total (1)	25.765,1	27.365,8	21.787,8	22.981,8	-3.977,3	-4.384,0	84,6	84,0
Resto de CC.AA. (2)	16.596,4	17.182,4	12.027,8	13.041,4	-4.568,6	-4.141,0	72,5	75,9
UE-15 agás España	5.559,7	5.962,2	7.807,2	7.823,0	2.247,5	1.860,8	140,4	131,2
Resto de Europa	569,9	888,6	605,8	672,4	35,9	-216,2	106,3	75,7
Estados Unidos	290,0	410,9	197,1	156,4	-92,9	-254,5	68,0	38,1
Resto do mundo	2.749,1	2.921,7	1.149,9	1.288,6	-1.599,2	-1.633,1	41,8	44,1

(1) Valor total de exportacións e importacións recollidos no cadro macroeconómico de Galicia

(2) Calculado como a diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fonte: IGE

En termos absolutos, as exportacións acadaron un valor de 22.981,8 millóns de euros, e as importacións os 27.365,8 millóns de euros (prezos correntes), polo que o grao de apertura da economía galega foi do 123,1% do PIBpm galego (IGE) (123,9% en 2002). As taxas de cobertura da economía galegas acadan un valor do 84,0% en 2003 fronte ó 84,6% do ano anterior.

Como primeira característica das relacións comerciais galegas, cómpre salientar que España é o principal mercado dos nosos produtos, ó acolle-lo 62,8% das importacións e o 56,7% das exportacións en 2003. Neste ano, o saldo comercial con España presenta un déficit de 4.141,0 millóns de euros, sendo a taxa de cobertura do 75,9% (72,5% en 2002).

As relacións comerciais co resto das comunidades autónomas españolas (suma de exportacións e importacións) medraron en 2003 un 5,6%, sendo esta medra do 3,5% no caso das importacións e do 8,4% no das exportacións.

No que ó comercio exterior galego con terceiros países se refire, existe unha forte concentración e especialización da actividade comercial. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara o 61,4% do comercio exterior da comunidade (66,2% no caso do valor das exportacións).

Doutra banda, a Unión Europea dos quince (agás España) é o segundo mercado en importancia, xa que o 34,0% das vendas galegas dirixense a estes países e o 21,8% das compras veñen desta zona xeográfica. O comercio con estes países presenta unha balanza comercial cun saldo positivo (1.860,8 millóns de euros), sendo a taxa de cobertura do 131,2% (140,4% en 2002).

No que atinxe ás relacións comerciais coa UE-15, agás España, estas crecearon un 3,1%, sendo estas porcentaxes do 7,2% e 0,2% no caso das importacións e exportacións, respectivamente.

As exportacións a Estados Unidos experimentaron en 2003 un descenso do -20,6%, que reflicte en gran parte a perda de competitividade asociada á apreciación do euro contra o dólar norteamericano. Pola contra, o valor das importacións de Estados Unidos medrou nese ano un 41,7%.

Asemade, un só capítulo arancelario, o capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios), representa o 26,7% e o 46,3% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. Cómpre salientar tamén os produtos do mar, cun papel crucial de intermediación do sector galego a nivel mundial, que son o segundo capítulo importador e

C.1.7.

IPC galego e español 2002-03: medias e taxas de variación das medias anuais

	2002		2003	
	IPC (media anual)	taxa de variación das medias anuais (%)	IPC (media anual)	taxa de variación das medias anuais (%)
Galicia	103,8	3,8	107,0	3,1
A Coruña	104,1	4,1	107,5	3,3
Lugo	103,6	3,6	106,6	2,8
Ourense	103,4	3,4	106,3	2,8
Pontevedra	103,8	3,8	107,0	3,0
España	103,5	3,5	106,7	3,0

Fonte: INE

C.1.8.

Índice de prezos de consumo harmonizado dos países da UE 2002-03

	Índice (Base 1996)		Taxa anual (%)
	Decembro 2002	Decembro 2003	
Alemania	108,6	109,5	1,1
Austria (1)	109,5	110,9	1,3
Bélgica	111,1	113,0	1,7
España	119,0	122,2	2,7
Finlandia	112,3	113,7	1,2
Francia (1)	109,0	111,6	2,4
Grecia	127,4	131,4	3,1
Holanda (1)	118,8	120,4	1,6
Irlanda	123,9	127,5	2,9
Italia	115,5	118,4	2,5
Luxemburgo (1)	113,5	116,2	2,4
Portugal	120,6	123,4	2,3
Unión Monetaria (1)	112,1	114,2	2,0
Dinamarca	114,3	115,7	1,2
Reino Unido	109,3	110,7	1,3
Suecia	110,7	112,7	1,8
Unión Europea (1)	112,0	113,9	1,8

(1) datos provisionais
Fonte: INE

exportador, co 13,3% e o 7,8% do total das importacións e exportacións galegas. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 80,3% do total das exportacións e no 78,0% no caso das importacións galegas no ano 2003.

Inflación

Cadros C.1.7. a C.1.9.

O crecemento anual en termo medio do Índice de Prezos ó Consumo (IPC) en 2003 registrou, tanto na economía galega como na estatal e como en anos anteriores, valores superiores ás previsións iniciais

nas leis de presupostos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma, cifrados no 2%.

A taxa de variación das **medias anuais de inflación** en Galicia no ano 2003, medida a través do índice de prezos ó consumo (IPC), foi do 3,1%, situándose sete décimas por baixo do crecemento rexistrado en 2002 e unha décima por riba da taxa de inflación do conxunto do Estado en 2003. Xunto a esta minoración das tensións inflacionistas ó longo do último ano, as taxas de variación interanuais da inflación en Galicia sitúanse por baixo da media estatal nos derradeiros cinco meses do período 2002-2003.

C.1.9.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. segundo destino económico 2003: taxas medias de variación anuais

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradero	Bens de consumo non duradero	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
Andalucía	1,6	4,0	1,7	4,2	1,3	1,2	-1,6
Aragón	0,6	1,9	0,4	2,7	0,4	0,6	-0,7
Asturias	0,9	2,9	3,1	2,8	2,7	-0,7	1,6
Baleares	2,1	2,0	1,8	2,0	3,7	1,3	2,6
Canarias	0,6	4,0	4,3	4,1	3,2	-0,5	-2,7
Cantabria	4,2	4,6	1,5	5,7	2,3	5,1	-3,3
Castela e León	1,1	1,8	0,6	1,8	2,6	0,0	-0,2
Castela-A Mancha	1,1	2,2	0,5	2,5	1,7	3,0	-1,2
Cataluña	0,6	2,0	1,4	2,0	1,2	0,3	-3,1
C. Valenciana	3,9	2,8	2,7	2,9	1,7	0,2	18,6
Extremadura	2,6	4,5	3,5	4,6	1,4	1,6	2,1
Galicia	1,2	3,1	0,9	3,1	1,1	0,6	-0,8
Madrid	0,3	1,9	5,2	1,5	-1,6	1,4	-6,3
Murcia	0,4	2,2	1,8	2,3	0,5	1,8	-4,6
Navarra	1,2	1,0	-1,4	1,7	1,7	1,0	-5,9
A Rioxa	1,8	2,9	2,7	2,8	0,5	0,5	-5,4
País Vasco	0,1	1,9	0,5	2,8	1,6	1,0	-7,0
Total	1,1	2,4	2,1	2,3	1,3	0,9	-1,1

(1) base 2000
Fonte: INE

Atendendo á evolución da inflación segundo “grupos especiais”, os grupos que presentan unha maior taxa de crecemento, tanto no conxunto do Estado como en Galicia, son os de alimentos sen elaboración (6,0% e 5,7%, respectivamente) e os dos servizos, que presentan unha medra do 3,7% e 3,3% se se considera o alugamento de vivenda, ou de 3,6% e 3,3% no caso en que non o consideremos. A inflación subxacente, que non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos, presentou en 2003 unha taxa de crecemento medio do 2,9% en Galicia e España.

A taxa de crecemento do índice de prezos de consumo harmonizado (base 1996) en España, entre os meses de decembro de 2002 e 2003, foi dun 2,7%, só inferior á rexistrada en Grecia (3,1%) e Irlanda (2,9%). No conxunto da Unión Europea o incremento do IPC foi do 1,8%, co que Galicia tería perdido en 2003 aínda máis competitividade europea vía prezos que o conxunto do Estado.

O índice xeral de prezos industriais (IPI) en Galicia rexistrou no ano 2003 unha medra do 1,2% respecto ó ano anterior, sendo esta porcentaxe unha décima

superior á rexistrada no conxunto do Estado. Atendendo á desagregación segundo destino económico, os prezos industriais medraron en Galicia un 3,1% no caso dos bens de consumo (2,4% no conxunto do Estado), sendo este crecemento do 1,1% no caso dos bens de equipamento (1,3% no conxunto do Estado), e de 0,6% no caso dos bens intermedios (0,9% en España). Pola contra, o índice de prezos na industria enerxética descende tanto no conxunto do Estado como en Galicia, sendo esta caída do 1,1% e 0,8%, respectivamente. ■

C.2. emprego Poboación

Cadros C.2.1. e C.2.2.

Galicia conta, segundo a revisión do Padrón Municipal de 1 de xaneiro de 2003, con 2.751.094 habitantes, 13.724 persoas máis que as recollidas na revisión de xaneiro de 2002. En termos relativos, a poboación galega medrou un 0,5% fronte ó 2,1% rexistrado no conxunto do Estado, polo que continúa o preocupante descenso do peso relativo da poboación galega no total español, que pasa do 6,54% do 2002 ó 6,44% do 2003. Unha caída semellante prodúcese no caso da importancia relativa da poboación feminina e masculina, que representa o 6,58% e 6,30%, respectivamente.

Esta medra da poboación galega beneficia ás provincias de A Coruña e Pontevedra, cun 0,8% máis de habitantes cada unha delas (8.928 e 7.621 habitantes máis), perdendo poboación as outras dúas. A perda en Ourense foi de 1.555 habitantes (0,5% respecto ó padrón do ano ante-

C.2.1.

Poboación de dereito nas CC.AA. 2002-03

	Revisión padronal a 1/1/2002		Revisión padronal a 1/1/2003		Total	Hab./Km2	Mulleres	Homes	Total	Hab./Km2	Mulleres	Homes	Total	Hab./Km2	Mulleres	Homes	Total	%	03/02 (variac. absoluta)
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres															
Total	7.478.432	3.791.011	3.791.011	85,4	7.606.848	3.757.370	3.849.478	86,8	1,7	128.416									
Andalucía	1.217.514	603.149	603.149	25,5	1.230.090	610.210	619.880	25,8	1,0	12.576									
Aragón	1.073.971	515.166	515.166	101,3	1.075.381	515.945	559.436	101,4	0,1	1.410									
Asturias	916.968	458.349	458.349	183,7	947.361	474.248	473.113	189,8	3,3	30.393									
Baleares	1.843.755	923.353	920.402	247,6	1.894.868	950.159	944.709	254,4	2,8	51.113									
Canarias	542.275	264.492	277.783	101,9	549.690	268.309	281.381	103,3	1,4	7.415									
Cantabria	2.480.369	1.223.935	1.256.434	26,3	2.487.646	1.228.177	1.259.469	26,4	0,3	7.277									
Castela e León	1.782.038	888.987	893.051	22,4	1.815.781	907.656	908.125	31,3	39,6	33.743									
Castela-A Mancha	6.506.440	3.201.029	3.305.411	202,6	6.704.146	3.309.850	3.394.296	208,8	3,0	197.706									
Cataluña	4.326.708	2.136.323	2.190.385	186,1	4.470.885	2.213.010	2.257.875	192,3	3,3	144.177									
C. Valenciana	1.073.050	533.539	539.511	25,8	1.073.904	533.891	540.013	25,8	0,1	854									
Extremadura	2.737.370	1.316.721	1.420.649	92,6	2.751.094	1.324.385	1.426.709	93,0	0,5	13.724									
Galicia	1.111.886	533.914	577.972	139,8	1.120.814	538.469	582.345	141,0	0,8	8.928									
A Coruña	361.782	175.583	186.199	49,7	360.512	174.906	185.606	49,6	-0,4	-1.270									
Lugo	343.768	164.967	178.801	34,9	342.213	164.171	178.042	34,7	-0,5	-1.555									
Ourense	919.934	442.257	477.677	204,7	927.555	446.839	480.716	206,4	0,8	7.621									
Pontevedra	5.527.152	2.663.407	2.863.745	682,5	5.718.942	2.760.877	2.958.065	706,2	3,5	191.790									
Madrid	1.226.993	616.236	610.757	108,4	1.269.230	639.795	629.435	112,2	3,4	42.237									
Murcia	569.628	284.620	285.008	54,8	578.210	288.991	289.219	55,6	1,5	8.582									
Navarra	2.108.281	1.032.209	1.076.072	291,4	2.112.204	1.034.326	1.077.878	291,9	0,2	3.923									
País Vasco	281.614	140.780	140.834	55,8	287.390	143.995	143.995	57,0	2,1	5.776									
A Rioxa	76.152	39.195	36.957	40,08,0	74.931	38.395	36.536	39,43,7	-1,6	-1.221									
Ceuta	69.184	35.178	34.006	5,321,8	68.463	34.737	33.726	5,266,4	-1,0	-721									
Meillia	41.837.894	20.564.089	21.273.805	82,7	42.717.064	21.034.326	21.682.738	84,4	2,1	879.170									
Total	6,54	6,40	6,68	6,44	6,30	6,58													

Fonte: INE, Cifras de población española

C.2.2.

	Estranxeiros (1)			Poboación total (2)			(1)/(2) (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
España	2.664.168	1.414.750	1.249.418	42.717.064	21.034.326	21.682.738	6,2
Galicia	53.808	25.649	28.159	2.751.094	1.324.385	1.426.709	2,0
A Coruña	18.212	8.326	9.886	1.120.814	538.469	582.345	1,6
Lugo	5.229	2.407	2.822	360.512	174.906	185.606	1,5
Ourense	10.055	4.754	5.301	342.213	164.171	178.042	2,9
Pontevedra	20.312	10.162	10.150	927.555	446.839	480.716	2,2
				(%)			
Galicia / España	2,0	1,8	2,3	6,4	6,3	6,6	
A Coruña / Galicia	33,8	32,5	35,1	40,7	40,7	40,8	
Lugo / Galicia	9,7	9,4	10,0	13,1	13,2	13,0	
Ourense / Galicia	18,7	18,5	18,8	12,4	12,4	12,5	
Pontevedra / Galicia	37,7	39,6	36,0	33,7	33,7	33,7	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, *Revisión del Padrón municipal 2003*

rior) e en Lugo, de 1.270 persoas (0,4%), co que se agrava o declive demográfico destas provincias, que presentan unha densidade de 34,7 e 49,6 habitantes por quilómetro cadrado (93,0 hab/km² de media en Galicia).

En relación a súa distribución xeográfica, salienta que o 69,8% da poboación se concentra nas comarcas occidentais e costeiras (33,6% da superficie galega), en tanto que as comarcas orientais e interiores acollen ó 30,2% da mesma (66,4% da superficie). Asemade, esta concentración da poboación prodúcese tamén nos sete grandes núcleos de Galicia, que albergan o 35,8% da poboación. Salienta tamén o elevado grado de dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego, que se reflicte no feito de que en Galicia hai un total de 29.964 entidades de poboación, o que supoñe o 48,9% do total de entidades en España.

En Galicia persisten fortes movementos migratorios que explican, en parte, a situación descrita anteriormente. Das 52.220 migracións interiores rexistradas no ano 2002, 42.885 realizáronse entre concellos dunha mesma provincia. A provincia de A Coruña é a que rexistra un maior número de desprazamentos, en termos absolutos, con 21.615. Séguena

Pontevedra, con 11.491 movementos, e Ourense e Lugo, con 5.975 e 3.804 movementos, respectivamente.

No caso dos movementos entre Galicia e o resto do Estado, o saldo migratorio no ano 2002 segue presentando un signo negativo, e acada os -3.652 fronte ós -4.229 do ano anterior. Esta mesma evolución é seguida tanto no caso dos homes como das mulleres, ó deixar de residir legalmente en Galicia un total de 1.896 homes e 1.756 mulleres. Canarias, Madrid e Cataluña son as principais comunidades de procedencia e de destino, acollendo a metade dos movementos migratorios de Galicia cara ó resto do Estado e das inmigracións con procedencia noutras comunidades autónomas.

O número de estranxeiros residentes en Galicia ascendeu, segundo a *Revisión do Padrón municipal 2003* (fonte: INE), a 53.808 persoas, das que 28.159 son mulleres (o 52,3%). Comparado co total estatal, cómpre sulñar, dunha banda, que Galicia acolle o 2,0% dos estranxeiros residentes, sendo esta porcentaxe do 2,3% no caso das mulleres e do 1,8% no caso dos homes. Doutra, o peso relativo da poboación estranxeira en Galicia na poboación total é do 2,0%, cando no conxunto do Estado, esta importancia relativa ascende

ó 6,2%. O 81,6% dos estranxeiros residentes en Galicia (43.915 persoas) son persoas en idade de traballar (15-64 anos).

Os datos do padrón municipal de habitantes reflicten que gran parte da medra da poboación galega en 2003 débese á evolución dos estranxeiros residentes. A poboación galega incrementouse en 2003 en 13.724 persoas, das que 11.346 son estranxeiros.

As catro provincias galegas presentan un incremento do número de estranxeiros residentes, sendo o máis elevado o rexistrado en Pontevedra, con 5.098, seguido do de A Coruña, con 4.327 persoas máis.

No ano 2003 rexistráronse en Galicia un total de 20.435 nacementos (1.085 máis que en 2002) e 29.727 defuncións (1.452 máis), polo que o crecemento vexetativo foi de -9.292 (-8.925 no ano anterior). A taxa de natalidade en Galicia foi en 2003 de 7,56 nacementos por cada mil habitantes (10,50 nacementos no conxunto do Estado) e a taxa de mortalidade de 11,00 defuncións por cada mil habitantes (9,16 falecementos en España).

Mercado laboral

Cadros C.2.3. a C.2.10.

No último ano, a poboación maior de 16 anos medrou un 0,4% (8,7 miles de persoas) respecto ó ano anterior. En Galicia, a evolución da poboación activa en 2003 é positiva, ó rexistrar unha medra de 44,7 miles de persoas (un 3,7%). A poboación inactiva descendeu un 3,1% (36,1 miles de persoas menos) respecto ó ano anterior.

A taxa de actividade rexistrou en 2003 unha medra de 1,6 puntos porcentuais, ascendendo ata o 53,1%. A evolución positiva fixo que se reduza o diferen-

cial coa taxa de actividade media no conxunto do Estado, que acada o 55,0% (un punto porcentual máis que en 2002). O incremento da taxa de actividade prodúcese con máis intensidade na feminina que na masculina (2,2 puntos fronte a 1,2 puntos), permanecendo a diferenza entre ámbalas dúas en torno ós 20 puntos (43,8% no caso das mulleres e 63,4% no caso dos homes).

A aceleración do ritmo de crecemento da actividade económica en 2003 trasladouse de forma directa ó mercado de traballo, que presenta unha creación de emprego de 33,2 miles de empregos e unha medra da poboación activa de 44,7 miles de persoas, producíndose polo tanto unha medra do paro en 2003 de 11,5 miles de persoas.

Ó longo de 2003 experimentábase unha medra da “probabilidade de emprego” en Galicia, calculada como a relación entre o incremento do emprego e o stock inicial de parados máis a variación de activos e a destrución de emprego, que se sitúa no 20,9% fronte ó 16,7% do ano anterior. No conxunto do Estado a probabilidade de emprego foi de 18,6% fronte ós 15,6% do ano anterior.

Galicia, cun crecemento do VEB do 2,4% no ano 2003 (unha décima inferior ó crecemento rexistrado no conxunto do Estado), experimenta unha medra na xeración do emprego do 3,1%, catro décimas superior ó total estatal.

En Galicia os sectores non primarios, cun incremento do seu VEB do 2,7%, rexistran unha suba do emprego do 3,7%, namentres que no conxunto do Estado, o VEB xerado medra un 2,3% e o emprego un 3,0%.

A produción dos sectores primarios descende en conxunto un 3,7% e rexistran unha caída do emprego do 0,9%, en tanto

C.2.3.

Principais datos do mercado de traballo 2002-03

	2002			2003			03/02		
	Homes	Mulleres	Total (en miles de persoas)	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Poboación total maior de 16 anos	1.132,0	1.240,2	2.372,2	1.135,5	1.245,4	2.380,9	0,3	0,4	0,4
Poboación activa	704,6	515,9	1.220,5	719,5	545,7	1.265,2	2,1	5,8	3,7
Poboación ocupada	646,8	425,4	1.072,2	659,8	445,7	1.105,5	2,0	4,8	3,1
Poboación parada	57,8	90,5	148,3	59,7	100,1	159,8	3,3	10,6	7,8
Poboación inactiva	427,4	723,3	1.151,8	416,1	699,6	1.115,7	-2,6	-3,3	-3,1
Paro rexistrado			140,5			146,0			3,9
Afiliaídos á Seguridade social			923,9			947,1			2,5
			(%)			(puntos porcentuais)			
Taxa de actividade	62,2	41,6	51,5	63,4	43,8	53,1	1,1	2,2	1,7
Taxa de ocupación	57,1	34,3	45,2	58,1	35,8	46,4	1,0	1,5	1,2
Taxa de temporalidade	32,9	37,9	34,8	32,2	36,9	34,1	-0,6	-1,0	-0,7
Taxa de paro	8,2	17,5	12,2	8,3	18,3	12,6	0,1	0,8	0,5

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE, INE e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

C.2.4.

Poboación ocupada 2002-03: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, grupos de idade e nivel de formación acadado

	2002		2003		03/02		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
	(en miles de persoas)						(%)
Poboación ocupada	646,8	425,4	1.072,2	1.105,4	2,0	4,8	
Sectores económicos							
Agricultura e pesca	76,0	62,0	138,0	136,7	-5,7	4,8	
Industria	152,1	65,9	218,0	156,8	3,1	-12,3	
Construción	127,7	5,7	133,4	124,8	-2,3	-3,0	
Servizos	290,9	291,7	582,6	306,4	5,3	9,1	
Situación profesional							
Empresarios o membros cooperativa	158,5	96,6	255,2	101,0	-2,7	4,6	
Axudas familiares	11,1	24,3	35,4	20,9	-11,7	-14,0	
Asalariados	476,7	304,1	780,8	323,4	3,9	6,3	
Outra situación	0,5	0,4	0,8	0,3	-20,0	-25,0	
Grupos de idade							
16-19 anos	11,2	5,6	16,8	11,7	4,5	-7,1	
20-24 anos	51,8	30,2	82,0	51,6	-0,4	4,0	
25-54 anos	498,0	331,1	829,1	351,9	2,3	6,3	
55 e máis anos	85,8	58,4	144,2	57,2	1,3	-2,1	
Nivel de formación acadado							
Analfabetos	1,0	0,6	1,6	0,6	1,5		
Educación primaria	173,5	114,0	287,5	137,5	235,1	-14,4	
Educación secundaria. Primeira etapa	218,6	107,8	326,4	248,1	13,5	11,6	
Educación secundaria. Segunda etapa	107,0	77,1	184,1	85,1	12,5	10,4	
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	0,4	-	0,4	0,6	50,0		
Educación superior, agás doutorado	143,5	124,7	268,2	140,2	3,8	12,4	
Doutorado	2,9	1,3	4,2	1,6	13,8	23,1	
					4,9	16,7	

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa; INE, Enquisa de Poboación Activa

C.2.5.

Asalariados e taxa de temporalidade 2002-03: distribución segundo sexo e sector

	Total		Homes		Mulleres	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003
	(en miles de persoas)					
Asalariados	780,8	818,8	476,7	495,4	304,1	323,4
Empregos temporais	271,9	279,0	156,6	159,7	115,3	119,3
Empregos indefinidos	508,9	539,8	320,1	335,7	188,8	204,1
Taxa temporalidade (%)	34,8	34,1	32,9	32,2	37,9	36,9
Asalariados sector privado	615,8	634,5	393,8	404,2	222,0	230,3
Empregos temporais	237,8	235,2	143,6	142,6	94,2	92,6
Empregos indefinidos	378,0	399,3	250,2	261,6	127,8	137,7
Taxa temporalidade (%)	38,6	37,1	36,5	35,3	42,4	40,2
Asalariados sector público	165,0	184,3	82,9	91,2	82,1	93,1
Empregos temporais	34,1	43,8	13,0	17,1	21,1	26,7
Empregos indefinidos	130,9	140,5	69,9	74,1	61,0	66,4
Taxa temporalidade (%)	20,7	23,8	15,7	18,8	25,7	28,7

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

que no conxunto do Estado, a caída do emprego foi do 2,0% (o VEB descendeu un 1,4%).

O aumento da poboación ocupada en 2003 rexístrase tanto no caso das mulleres como no dos homes. A medra da poboación ocupada feminina foi de 20,2 miles de persoas (4,8% máis que en 2002) fronte ós 13,0 miles de ocupados máis rexistrados no caso dos homes (2,0% máis que en 2002). Esta evolución fixo que o peso relativo da ocupación feminina no emprego galego acadara o 40,3% da poboación ocupada en 2003, seis décimas máis que no ano anterior.

Cómpre destaca-los desequilibrios tanto territoriais como sectoriais que presenta o mercado laboral galego. No primeiro caso, as provincias costeiras son as que presentan unha medra da ocupación, descendendo a mesma en Ourense. A evolución sectorial tampouco é positiva, sendo preocupante que o emprego aumentan só no sector servizos.

Desde unha perspectiva territorial, A Coruña e Pontevedra, con 456,9 e 373,6 miles de ocupados, respectivamente, acollen o 75,1% da poboación ocupada de Galicia (case un punto porcentual máis que en 2002). En relación á ocupación en

2002, a poboación ocupada medra en tódalas provincias agás en Ourense, que rexistra unha caída do 3,1% (4,2 miles de ocupados menos), sendo A Coruña a que presenta o maior incremento con 24,2 miles de ocupados máis (un 5,6% máis que en 2002).

No concernente á evolución sectorial da ocupación, o emprego no sector primario descende un 0,9% (1,3 miles de persoas), producíndose esta queda pola caída da ocupación masculina, que descende un 5,7% respecto á ocupación de 2002 (4,3 miles de ocupados). O número de mulleres empregadas neste sector medra un 4,8% (3,0 miles de persoas).

Esta caída do emprego no sector primario prodúcese unicamente polo comportamento do subsector pesqueiro, con 2,2 miles de empregos menos (7,5%), mentres que a agricultura experimenta unha evolución positiva, ó medra-la ocupación en 0,8 miles de traballadores (0,7%). O descenso da ocupación no subsector pesqueiro é un dato significativo que será analizado polo miúdo polo CES de Galicia no seu informe *Os custos sociais das mareas negras: "Evaluación dos efectos económicos, sociais e ambientais provocados polos verquidos de fuel no afundimento do Prestige"*.

O emprego non primario (industria, construción e servizos) incrementouse en case 34,7 miles de persoas, cunha taxa de variación do 3,7%, alcanzando en 2003 as 968,8 miles de ocupados. Cómpre salientar que esta taxa de crecemento segue a estar por riba da taxa de crecemento do VEB non primario (2,7% respecto ó ano 2002).

O sector servizos foi o único que presentou en 2003 unha medra da ocupación, con 42,1 miles de novas ocupacións, sendo en termos relativos a porcentaxe de incremento do 7,2%. Este sector segue como o principal sector en volume de ocupación (co 56,5% de ocupados) de Galicia, mais aínda por baixo do grado de terciarización medio da economía española (63,8%). En termos relativos, este forte crecemento do emprego (tres puntos por riba do experimentado no conxunto do Estado) fai que o diferencial entre as importancias relativas da ocupación na economía galega e española se reduza en máis dun punto (7,3 puntos porcentuais en 2003 e 8,6 puntos no ano anterior).

A industria e a construción, logo do crecemento do último ano, presentan en 2003 una caída da ocupación. No sector industrial este descenso foi do 1,6% (3,5 miles de persoas menos), mentres que no sector da construción, a queda foi do 3,0% (3,9 miles de empregos menos).

No caso do sector industrial cómpre salientar as fortes caídas do emprego nas industrias textis, de coiro e calzado, cun descenso do 18,6% respecto á ocupación estimada no ano anterior (6,0 miles de ocupados menos), nas industrias de fabricación de material de transporte, co 14,7% (6,8 miles de persoas), nas industrias de madeira e da cortiza, cun 14,4% menos (3,0 miles de traballadores menos) e nas industrias de papel, cun 16,9% menos (1,3 miles de ocupados menos). Pola contra, no

caso da fabricación de produtos metálicos e no de fabricación de produtos químicos, o emprego medrou un 33,2% (6,7 empregos máis) e 20,0% (3,5 miles de ocupados), respectivamente.

Na distribución do emprego por sectores e sexos a importancia relativa da ocupación feminina no total galego mantense en torno ó 40% da poboación ocupada total. Esta sitúase lixeiramente por riba do 50% no caso dos servizos (50,9%), sendo do 47,7% no sector primario, do 26,9% no sector industrial, e do 3,6% no caso da construción.

Comparado co ano anterior, o sector da construción foi o único que amosa un descenso da ocupación tanto no caso dos homes como das mulleres (2,8 e 1,1 miles de empregos menos, respectivamente), situándose no caso contrario o sector servizos, con 15,6 miles de homes e 26,6 miles de mulleres máis que en 2002. A industria presenta unha caída da ocupación feminina, con 8,1 miles de empregadas menos (medra en 4,6 miles de persoas no caso dos homes), namentres que no sector primario a medra da ocupación prodúcese no caso das mulleres e o descenso no dos homes (3,0 e 4,3 miles de persoas menos).

No referente á situación profesional das persoas ocupadas, o incremento da ocupación debeuse fundamentalmente ó incremento da poboación ocupada asalariada, que medra un 4,9% respecto ó ano 2002 (38,0 miles de ocupados máis), ata acadalos 818,8 miles de ocupados.

A evolución na distribución do emprego reflicte unha mellora no proceso de modernización da estrutura ocupacional de Galicia. En 2002 o peso relativo dos asalariados na ocupación galega era do 72,8% (oito puntos inferior ó rexistrado no conxunto do Estado, 80,8%), mentres que en 2003 esta porcentaxe acadou

C.2.6.

Poboación parada 2002-03: distribución segundo sector económico, grupos de idade, tempo de procura de emprego e nivel de formación acadado

	2002			2003			03/02		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>								
Poboación parada	57,8	90,5	148,3	59,7	100,1	159,8	3,3	10,6	7,8
Sectores económicos									
Agricultura e pesca	2,8	1,3	4,1	2,8	1,5	4,3	0,0	15,4	4,9
Industria	8,6	8,9	17,5	10,8	11,3	22,1	25,6	27,0	26,3
Construción	10,6	0,6	11,2	12,5	1,5	14,0	17,9	150,0	25,0
Servizos	20,0	37,4	57,4	17,6	40,1	57,7	-12,0	7,2	0,5
Levan máis de 3 anos en paro	6,8	18,9	25,7	6,2	20,4	26,6	-8,8	7,9	3,5
Buscan o seu 1º emprego	9,0	23,5	32,5	9,8	25,3	35,1	8,9	7,7	8,0
Grupos de idade									
16-19 anos	4,2	2,4	6,6	3,4	2,6	6,0	-19,0	8,3	-9,1
20-24 anos	10,3	15,4	25,7	10,9	18,8	29,7	5,8	22,1	15,6
25-54 anos	38,2	70,2	108,4	41,0	73,9	114,9	7,3	5,3	6,0
55 e máis anos	5,1	2,6	7,7	4,4	4,8	9,2	-13,7	84,6	19,5
Tempo procura de emprego									
menos de 1 mes	4,1	3,7	7,8	3,7	3,8	7,5	-9,8	2,7	-3,8
de 1 a 2 meses	10,5	10,6	21,1	10,9	10,9	21,8	3,8	2,8	3,3
de 3 a 5 meses	10,4	12,4	22,8	10,5	13,0	23,5	1,0	4,8	3,1
de 6 a 11 meses	9,6	13,9	23,5	10,4	16,3	26,7	8,3	17,3	13,6
de 1 a 2 anos	7,7	14,9	22,6	7,6	17,2	24,8	-1,3	15,4	9,7
máis de 2 anos	11,3	30,0	41,3	11,3	34,4	45,7	0,0	14,7	10,7
xa atopou traballo	4,2	5,0	9,2	5,2	4,5	9,7	23,8	-10,0	5,4
Nivel de formación acadado									
Educación primaria	13,7	10,6	24,3	9,6	10,8	20,4	-29,9	1,9	-16,0
Educación secundaria. Primeira etapa	21,6	26,0	47,6	23,8	31,1	54,9	10,2	19,6	15,3
Educación secundaria. Segunda etapa	10,7	24,6	35,3	11,3	23,8	35,1	5,6	-3,3	-0,6
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	-	-	-	-	0,2	0,2			
Educación superior, agás doutorado	11,6	29,3	40,9	14,7	34,2	48,9	26,7	16,7	19,6
Doutorado	0,1	0,1	0,2	0,2	-	0,2	100,0	-100,0	0,0

Fonte: IGE, Encuesta de Poboación Activa; INE, Encuesta de Población Activa

C.2.7.

Contratos iniciales de trabajo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2003: distribución segundo tipo de contrato

	Galicia		España		Total
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
	<i>(en miles de persoas)</i>				
Contratos de duración indefinida					
Indefinido ordinario	17.182	14.266	371.613	344.332	715.945
Indefinido de fomento de emprego	12.217	5.066	273.309	150.423	423.732
Indefinido minusválidos	4.618	9.092	92.521	191.413	283.934
	347	118	5.783	2.496	8.279
Contratos de duración temporal					
Obra ou servizo	372.775	310.572	7.548.497	5.849.798	13.398.295
Eventual segundo circunstancias de produción	175.078	98.031	3.603.883	1.719.420	5.323.303
Interinidade	142.939	132.023	3.359.259	3.107.586	6.466.845
Temporais para minusválidos	20.115	48.783	302.415	764.990	1.067.405
Temporais de inserción	375	128	6.676	2.891	9.567
Relevo	5.543	6.174	39.915	49.332	89.247
Xubilación parcial	557	110	8.275	2.491	10.766
C. de substitución por xubilación ós 64 anos	601	46	9.125	1.202	10.327
Contrato en prácticas	22	7	798	337	1.135
Outros contratos	3.435	3.130	38.777	37.694	76.471
Contratos convertidos en indefinidos (1)	9.465	5.833	77.552	48.222	125.774
	14.645	16.307	101.822	115.633	217.455
Total contratos	16.077	12.640	327.250	226.573	553.823
	406.034	337.478	8.247.360	6.420.703	14.668.063

(1) Falta a desagregación dos contratos de relevo en Galicia (74 contratos en 2003) segundo sexos. Si están incluídos no total galego.
Fonte: INEM

C.2.8.

Demandas de emprego e colocacións rexistradas 2002-03

2002					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Altas	893.860	360.385	95.129	76.940	361.406
Baixas	879.096	353.239	93.826	75.067	356.964
Colocacións xestionadas	36.797	10.360	4.596	4.569	17.272
Colocacións comunicadas	665.479	274.401	68.813	50.838	271.427
Non renovación	143.666	55.798	14.303	16.023	57.542
Traslado	12.014	4.797	1.356	1.889	3.972
Outras	21.140	7.883	4.758	1.748	6.751
Colocacións	691.059	290.064	70.189	48.267	282.539
Xestionadas	38.756	11.184	4.459	4.428	18.685
Comunicadas	652.303	278.880	65.730	43.839	263.854
Ofertas xestionadas (SPE)	89.947	26.512	8.733	20.566	34.136
Sistema SILEE	42.273	11.760	4.823	4.814	20.876
Sistema SGC	47.674	14.752	3.910	15.752	13.260
2003					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Altas	919.703	375.330	98.671	77.854	367.848
Baixas	913.337	373.439	97.660	76.963	365.275
Colocacións xestionadas	34.403	9.952	4.488	4.207	15.756
Colocacións comunicadas	692.961	291.037	71.838	52.162	277.924
Non renovación	152.253	59.369	14.778	16.939	61.167
Traslado	13.105	5.275	1.517	2.067	4.246
Outras	20.615	7.806	5.039	1.588	6.182
Colocacións	723.817	313.684	72.731	49.660	287.742
Xestionadas	37.104	11.357	4.294	4.142	17.311
Comunicadas	686.713	302.327	68.437	45.518	270.431
Ofertas xestionadas (SPE)	89.767				
Servizo Galego de Colocación	53.790				
cebrtrios asociados	35.977				

Fonte: INEM e Xunta de Galicia

os 74,1% (7,4 puntos menos que en España, 81,5%).

Na evolución do emprego segundo situación profesional e sexo, a ocupación asalariada medra tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo a mesma superior no caso das mulleres que no dos homes (19,3 e 18,7 miles de ocupados, respectivamente). Asemade, nos dous casos experimentábase un descenso das axudas familiares, sendo esta caída máis acusada no caso das mulleres, con 3,4 miles de persoas menos (14,0% menos que en 2002). A importancia relativa das axudas familiares no caso das mulleres sitúase en 68,1% do total de axudas familiares galegas no ano 2003, sendo esta porcentaxe do 39,5% no caso das mulleres asalariadas.

O número estimado de empresarios ou membros de cooperativas permanece

practicamente constante ó longo de 2003 (255,3 miles de persoas). Non obstante, mentres que o número de homes empresarios e membros de cooperativas descende en 2003 un 2,7% (4,3 miles de empresarios menos), o número de mulleres empresarios e membros de cooperativas rexistra unha medra do 4,6% (4,4 miles de mulleres máis).

No concernernte ó desemprego estimado pola EPA, cómpre salientar que a evolución do paro é o peor dato do mercado de traballo en Galicia no ano 2003, ó aumenta-lo paro e a taxa de paro. Ó igual que o acontecido en 2002, a poboación parada estimada pola EPA volveu a medrar, sendo este ano do 7,8% (11,5 miles de parados máis), acadando os 159,8 miles de persoas, das que o 62,6% son mulleres (o 61,0% no ano anterior).

Atendendo ó tempo de permanencia no desemprego, o 28,6% das persoas paradas (45,7 miles de parados) levaban máis de dous anos en paro, e un 15,5% dos desempregados (24,8 miles de persoas) entre un e dous anos.

A análise por xénero pon de manifesto que as mulleres son as que sofren con maior intensidade os problemas do desemprego. A poboación parada feminina que leva máis de un ano en paro representa o 51,5% do paro feminino, porcentaxe que acada o 31,7% no caso dos homes. Asemade, cómpre salientar que o peso relativo do desemprego feminino no total galego medra a medida que aumenta o tempo de procura de desemprego, de tal xeito que entre as persoas que levan en situación de paro un tempo inferior a dous meses, a metade dos desempregados son mulleres, sendo esta porcentaxe do 73,2% no caso do desemprego superior a un ano (70,3% en 2002).

O incremento do 7,8% da poboación desempregada (11,5 miles de persoas) e a medra do 3,7% dos activos (44,7 miles de persoas) actuando de forma simultánea serve para que a taxa de paro aumente no ano 2003 en catro décimas, situándose no 12,6%. Esta taxa de desemprego está por riba da media española, que se sitúa no 11,3%, medrando ademais o diferencial negativo para Galicia.

Tendo en conta a evolución dos parados e da poboación activa, no ano 2003 volve a incrementarse o diferencial entre as taxas de paro masculina e feminina. En 2003 este diferencial foi de dez puntos, situándose no 18,3% a taxa de paro feminina fronte ó 8,3% no caso dos homes. No último ano hai máis de cen mil mulleres en paro, fronte a 59,7 miles de homes. Nun mercado de traballo no que a maioría dos activos son homes (un 56,9%), son sen embargo mulleres a maioría das persoas sen emprego (62,6%).

En 2003 rexistráronse en Galicia 743.672 contratos, dos que a maior parte foron contratos iniciais (714.881) e o resto conversións de contratos temporais en indefinidos (28.791). Nese ano o número de contratos rexistrado medrou un 3,9%, máis de tres puntos por riba do que o fixera en 2002.

A diferenza do acontecido en 2002, no último ano rexístrase unha medra do 2,3% no caso da contratación indefinida inicial (descendera un 14,3% en 2002). O número de conversións de contratos temporais en indefinidos aumentou un 4,9% e a contratación temporal rexistrou un crecemento do 3,8%.

En termos absolutos, o número de contratos indefinidos realizados (31.448 contratos de duración indefinida e 28.791 conversións de contratos temporais en indefinidos) é notablemente inferior ós temporais (683.433). O peso relativo dos contratos temporais no conxunto da contratación mantense no 91,5% de 2002.

Na evolución da contratación por sexos, o dato máis destacable é a desigual distribución: o 54,6% foron subscritos por homes (56,4% en 2002) e o 45,4% restante por mulleres. Atendendo á duración dos contratos estas porcentaxes varían lixeiramente: o 55,2% dos contratos indefinidos totais realizáronse a homes, sendo esta porcentaxe do 54,6% no caso da contratación temporal.

A relación entre o número de contratos temporais realizados (683.433 contratos) e a poboación asalariada temporal (278,9 miles de persoas) indica o grao de rotación existente no mercado de traballo galego, que se sitúa en 2,5 contratos por persoa (3,2 contratos no conxunto do Estado).

A diferenza do acontecido en 2002 a taxa de temporalidade en Galicia descendeu no último ano, pasando do 34,8%

C.2.9.

Custo laboral segundo traballador e mes e segundo hora efectiva nas CC.AA. 2002-03

	Custo salarial ordinario por traballador/mes			Custo salarial ordinario por hora			Incremento salarial pactado (%)
	2002 (en €)	2003 (en €)	03/02 (%)	2002 (en €)	2003 (en €)	03/02 (%)	
Andalucía	1.165,30	1.194,69	2,5	8,32	8,59	3,3	3,8
Aragón	1.203,57	1.247,86	3,7	8,91	9,26	4,0	3,7
Asturias	1.221,35	1.271,72	4,1	9,05	9,47	4,6	3,7
Baleares	1.144,49	1.185,84	3,6	8,00	8,26	3,2	3,2
Canarias	1.078,14	1.103,82	2,4	7,58	7,82	3,1	4,1
Cantabria	1.155,07	1.194,44	3,4	8,29	8,60	3,8	3,4
Castela e León	1.130,35	1.153,63	2,1	8,21	8,49	3,3	3,6
Castela-A Mancha	1.045,36	1.113,89	6,6	7,34	7,84	6,9	3,6
Cataluña	1.329,55	1.358,42	2,2	9,66	9,92	2,7	4,1
C. Valenciana	1.109,03	1.145,82	3,3	7,94	8,17	2,9	3,7
Extremadura	995,74	1.042,56	4,7	7,19	7,66	6,6	3,4
Galicia	1.092,09	1.112,80	1,9	7,77	7,97	2,7	4,0
Madrid	1.468,91	1.525,15	3,8	10,35	10,75	3,9	3,9
Murcia	1.018,30	1.069,97	5,1	7,43	7,84	5,4	3,9
Navarra	1.373,01	1.438,43	4,8	10,28	10,78	4,8	3,8
País Vasco	1.443,03	1.472,35	2,0	10,93	11,24	2,8	4,2
A Rioxa	1.117,25	1.167,63	4,5	8,07	8,59	6,4	3,6
Total	1.246,61	1.283,62	3,0	8,96	9,26	3,4	3,7

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de costes laborales, e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

do ano 2002 ó 34,1% do ano 2003. En España, esta taxa descendeu catro décimas para acadalo 30,6% en 2003.

O devandito descenso da taxa de temporalidade prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres: a taxa masculina cae 0,6 puntos e a feminina 1,0 puntos porcentuais. En 2003, a taxa de temporalidade en Galicia no caso das mulleres foi de 36,9%, 4,7 puntos porcentuais superior á rexistrada para o caso dos homes (32,2%). No conxunto do Estado, as taxas de temporalidade feminina e masculina foron de 33,5% e 28,6%, respectivamente.

No sector privado, a taxa de temporalidade descendeu en Galicia 1,5 puntos para situarse en 37,1%, namentres que no sector público, esta medrou máis de tres puntos acadando o 23,8% en 2003. No conxunto do Estado, estas taxas de temporalidade foron de 32,5% e 22,7%, respectivamente.

As demandas de emprego rexistradas (919.703) aumentaron un 2,9% respecto ó ano 2002 e as colocacións medraron un 4,7% respecto ó mesmo ano. Do total de

colocacións (723.817), un 78,1% correspondeu a persoas cun nivel de estudos de “educación xeral”.

O número de empresas de traballo temporal en Galicia en 2003 foi de 31 (o 4,3% do total deste tipo de empresas en España) e realizaron un total de 75.617 contratos de posta a disposición (o 10,6% dos contratos rexistrados no INEM). É dicir, un 917 contratos menos que os rexistrados no ano anterior (o 3,8% do total de contratos no conxunto do Estado).

O custo salarial ordinario por traballador e mes nos sectores non primarios medrou ó longo do ano 2003 un 1,9% (3,0% en España), para acadalo 1.112,80 euros (o 86,7% do custo total medio en España). Os traballadores do sector industrial son os que presentan un maior custo total, con 1.903,02 euros ó mes (366,37 menos que no conxunto do Estado), seguido do sector da construción, con 1.739,16 euros/mes (163,19 euros menos) e o sector servizos, con 1.660,06 euros (258,09 euros menos).

No que atinxe á relación entre as ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes e os incrementos sala-

C.2.10.

Accidentes e enfermidades profesionais 2002-03: distribución segundo a gravidade e sectores económicos

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)
Agricultura	1.271	1.248	-1,8	146	129	-11,6	5	1	-80,0	1.422	1.378	-3,1
Pesca	1.738	1.531	-13,5	77	83	7,8	8	14	75,0	1.823	1.628	-10,7
Industria	15.108	14.636	-3,2	205	271	32,2	23	26	13,0	15.336	14.933	-2,6
Construcción	12.289	11.606	-5,9	233	269	15,5	30	27	-10,0	12.552	11.902	-5,2
Servicios	16.178	16.069	-0,7	247	254	2,8	36	26	-27,8	16.461	16.349	-0,7
Total	46.584	45.090	-3,3	908	1.006	10,8	102	94	-7,8	47.594	46.190	-2,9

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia

riais pactados nas CC.AA., Galicia é a cuarta comunidade autónoma cos salarios máis baixos, con 1.112,80 euros (170,83 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura, Murcia e Canarias. Comparado co ano anterior, Galicia é a comunidade autónoma onde menos aumentou o custo salarial ordinario por traballador/mes, cun 1,9%, 1,1 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado.

Respecto ós incrementos salariais pactados, estes medraron un 4,0% en Galicia fronte ó 3,7% no conxunto do Estado, superada pola medra do País Vasco, co 4,2%, e A Rioxa e Cataluña, co 4,1%.

Cómpre salienta-lo descenso producido no número de horas efectivas de traballo por traballador e mes en Galicia ó longo do ano 2003, que pasou de 140,8 horas en 2002 a 139,7 horas no último ano.

O custo salarial ordinario por hora rexistrou no último ano unha medra do 2,7% (sete décimas inferior á do conxunto do Estado), para situarse nos 7,97 euros.

En 2003 mantense practicamente constante a xornada media pactada ou ponderada na negociación colectiva galega. Esta acada as 1.762,6 horas/ano en 2003, 0,9 horas menos que en 2002. O sector servicios foi o que pactou a maior xornada media con 1.788,0 horas/ano,

estando no caso contrario o sector da construción, cunha xornada media pactada de 1.752,3 horas/ano.

No ano 2003 rexístrase unha caída da xornada efectiva media por traballador que acada as 1.669,5 horas/ano, fronte ás 1.690,1 horas no mesmo período do ano anterior. O maior número de horas efectivas rexístranse no sector da construción, con 1.796,6 horas/ano, seguida do sector industrial, con 1.711,3 horas/ano.

En relación á sinistralidade no mercado laboral, no ano 2003 rexistráronse 46.190 accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornadas de traballo, fronte ós 47.593 do ano anterior, o que supón un descenso do 2,9%.

Por sectores, o 35,4% dos sinistros aconteceron no sector servicios (16.349); o 32,3%, na industria (14.933); e o 25,8% (11.902), no sector da construción. A meirande parte dos accidentes teñen a consideración de leves e un 2,4% considéranse graves ou mortais.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral en Galicia descendeu en Galicia un 5,3% (2,7 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado), para situarse nos 60,6 miles de accidentes/nº medio de persoas expostas fronte ós 65,7 miles de accidentes en España (64,0 e 71,4 miles de accidentes en 2002, respectivamente). Comparado co resto das comunidades autó-

Indicadores de demanda formativa 2002-03: permisos individuales de formación

	2002				2003				03/02	
	Permisos solicitados	Horas solicitadas	Permisos aprobados	Horas aprobadas	Permisos solicitados	Horas solicitadas	Permisos aprobados	Horas aprobadas	Financiación aprobada (€)	Financiación aprobada (%)
Andalucía	145	22.937	112	20.564	150	23.781	94	16.486	211.087,2	-33,5
Aragón	60	9.263	49	8.400	67	10.471	46	8.844	105.742,1	-14,5
Asturias	32	5.145	24	5.052	45	6.794	29	5.686	71.005,1	5,2
Baleares	35	4.667	30	4.625	30	5.231	10	3.612	30.644,0	-66,9
Canarias	27	3.338	22	3.318	23	2.520	15	2.211	40.421,4	-39,8
Cantabria	8	1.701	7	1.067	13	2.106	7	1.960	17.984,7	19,1
Castela e León	109	16.962	59	14.769	72	11.775	49	9.304	113.317,8	-26,3
Castela - A Mancha	18	2.892	14	2.623	28	4.227	22	3.913	66.986,5	57,0
Cataluña	533	80.946	402	71.804	543	83.948	372	65.235	990.856,5	-17,1
Com. Valenciana	219	34.697	190	32.816	212	32.218	164	28.152	398.402,8	-24,0
Extremadura	10	1.075	5	1.045	8	864	5	662	12.910,9	-2,8
Galicia	44	7.994	31	6.779	64	9.698	42	7.283	106.666,8	0,2
Madrid	359	55.745	309	51.547	392	58.349	231	34.267	559.666,0	-43,1
Murcia	12	3.015	11	2.075	25	5.292	22	4.193	67.008,9	111,7
Navarra	48	8.027	40	7.492	38	5.902	28	5.035	70.331,5	-44,0
País Vasco	93	16.656	73	13.212	99	16.222	65	11.199	187.677,1	-19,5
Rioxa, A	11	1.816	9	1.506	13	1.613	10	1.088	21.692,3	-16,8
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	1	98	1	98	3.863,3	0,0
Sin asignar	11	1.294	7	1.239	13	1.111	4	1.111	12.209,8	-50,2
Total	1.774	278.070	1.394	249.933	1.836	282.220	1.216	210.339	3.088.375,4	-25,6

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de FORCEM

C.2.12.

Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2002-03

	2002	2003
	Nº beneficiarios	Nº beneficiarios
Formación e orientación	82.451	105.591
Orientación laboral e asesoram.	46.647	67.006
F.P. Ocupacional	35.804	38.585
Fomento do emprego e estabilidade	13.591	10.208
Contratación indefinida discapitados	302	374
Fomento da contratación indefinida	10.934	7.747 (2)
Fomento contratos en prácticas	1.917	1.778
Conciliación da vida laboral e familiar	383	235
Contratación traballadores difícil reinserción	55	74
Economía social e autoemprego	8.032	7.468
Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais	2.643	1.792
Apoio ó autoemprego autónomo	3.730	3.782
Integración Laboral dos discapitados	1.352	1.481
Iniciativas de emprego: ILE/IER (1)	307	413
Programas de cooperación	11.253	12.114
Programas de cooperación con entidades locais	5.962	6.524
Programas de cooperación con outras administracións (2)	772	935
Escolas obradoiro, obradoiros de emprego, unidades de promoción e desenvolvemento e obradoiros de emprego	4.519	4.637
Programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica		18
Total	115.327	135.381

(1) En 2003 o número de beneficiarios dos programas de fomento de emprego e da estabilidade laboral foi de 5.834 e os de fomento da contratación indefinida de colectivos desfavorecidos, 1.913 traballadores

(2) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude*

nomas, Galicia é a terceira comunidade co menor índice, sendo superior ó rexistrado en Estremadura (48,8 miles de accidentes) e Aragón (52,3 miles de accidentes), ademais de Ceuta e Melilla (55,0 e 43,3 miles de accidentes, respectivamente).

Respecto ós accidentes “in itinere”, producíronse 4.980 no ano 2003, un 28,4% máis que no ano anterior.

Políticas activas

Cadros C.2.11. e C.2.12.

O número de permisos individuais de formación aprobados polo FORCEM en Galicia no ano 2003 foi de 42, ascendendo o número de horas aprobadas a 7.283 horas (nese ano solicitáronse un total de 64 permisos e 9.698 horas). Galicia sitúase como a oitava comunidade polo número de permisos aprobados (un 3,5% do total estatal), por detrás Cataluña, de Madrid, C. Valenciana, Andalucía, País Vasco, Castela e León e Aragón.

O financiamento total aprobado foi de 106,6 miles de euros (un 0,2% máis que no ano anterior) o que representa o 3,5% do total estatal.

En relación ás políticas activas de emprego da Comunidade Autónoma, o número de beneficiarios das accións desenvolvidas en 2003 foi de 135.381 traballadores, dos que 105.591 beneficiarios o son dos programas de formación e orientación laboral e asesoramento.

Dentro das medidas de mellora da empregabilidade, pódese salienta-lo papel do Servizo Galego de Colocación (SGC). No ano 2002, o número de ofertas de traballo xestionadas polo Servicio Público de Emrego de Galicia ascendeu a 89.767, das que 53.790 corresponden a oficinas de emprego e 35.977 corresponden ós centros asociados ó SGC. O número total de demandantes de emprego ós que se lle ofertou unha acción de orientación laboral ascendeu a 67.006 persoas.

C.2.13.

Empresas de economía social constituídas en Galicia e España 2002-03

	Galicia		España	
	2002	2003	2002	2003
Sociedades	419	356	8.307	7.479
Socios iniciais	2.417	2.288	48.382	47.538

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

Tendo en conta que en 2003 houbo un total de 60.239 persoas que accederon a un contrato indefinido (28.791 corresponden a contratos temporais convertidos en indefinidos), estas actuacións de fomento tiveron unha incidencia de 16,9%.

En 2003 créase o Instituto Galego das Cualificacións como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións en Galicia. As áreas de actuación do Instituto son a de cualificación; área de formación profesional; área de certificados de profesionalidade; área de profesións reguladas; área de Observatorio ocupacional e actividades formativas e informativas. O IGC inclúe no seu organigrama o Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

Asemade, cómpre salientar que en 2003 puxéronse en marcha un novo programa de desenvolvemento local, co fin de aproveitar tódolos recursos dispoñibles no ámbito local para favorecer o crecemento socioeconómico e o incremento do nivel de vida, e un programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica.

Economía social

Cadros C.2.13. e C.2.14.

A 31 de decembro de 2003, o número de empresas de economía social (cooperativas e sociedades laborais) ascendía en España a 43.314 sociedades, 1.123

máis que no ano 2002, das que o 4,6%, 2.009 firmas, estaban en Galicia (130 máis que no exercicio anterior).

O conxunto destas empresas en Galicia xeraba un total de 14.031 empregos (33 menos que no ano anterior), o 3,4% do total do sector español. No ano 2003 o número de empregos nestas sociedades equivale ó 1,3% da poboación ocupada galega, fronte ó 2,6% no conxunto do Estado.

É destacable, polo tanto, que a dimensión polo número de traballadores é moito menor en Galicia que en España, tendo en conta o anterior e o número medio de traballadores por empresa, 7,0 en Galicia fronte a 9,9 no Estado.

A maior dimensión, en canto a traballadores, das empresas de economía social en Galicia dáse na provincia de Ourense, con 9,0 traballadores por empresa. Pola contra, a menor corresponde a Lugo, con 4,9 traballadores.

No ano 2003 descende tanto o número de constituicións de cooperativas e sociedades laborais consideradas no seu conxunto como o número de socios iniciais. No devandito ano constituíronse un total de 356 cooperativas e sociedades laborais (63 menos que no ano anterior), con 2.288 socios iniciais (129 menos).

O número de beneficiarios dos distintos programas da comunidade autónoma de axuda ó autoemprego e á economía social foi de 7.468 traballadores, dos que a metade beneficiáronse dos programas de

C.2.14.

Empresas e traballadores de economía social nas CC.AA. 2002-03

	2002				2003			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total	(%)	CA / total	(%)	CA / total	(%)	CA / total	(%)
Andalucía	8.305	19,7	68.353	17,7	8.653	20,0	89.484	20,8
Aragón	1.525	3,6	10.977	2,8	1.515	3,5	10.313	2,4
Asturias	724	1,7	6.218	1,6	768	1,8	6.410	1,5
Baleares	366	0,9	3.357	0,9	419	1,0	3.653	0,9
Canarias	1.296	3,1	10.927	2,8	1.246	2,9	10.732	2,5
Cantabria	237	0,6	2.128	0,6	244	0,6	2.103	0,5
Castela - A Mancha	2.952	7,0	21.511	5,6	2.969	6,9	20.696	4,8
Castela e León	2.350	5,6	16.873	4,4	2.297	5,3	15.300	3,6
Cataluña	7.965	18,9	53.602	13,9	8.300	19,2	52.787	12,3
C. Valenciana	4.474	10,6	51.756	13,4	4.541	10,5	68.345	15,9
Extremadura	1.254	3,0	9.731	2,5	1.224	2,8	11.117	2,6
Galicia	1.879	4,5	14.064	3,6	2.009	4,6	14.031	3,3
A Coruña	650	1,5	4.461	1,2	674	33,5	4.480	31,9
Lugo	344	0,8	1.768	0,5	373	18,6	1.834	13,1
Ourense	323	0,8	3.017	0,8	321	16,0	2.873	20,5
Pontevedra	562	1,3	4.818	1,2	641	31,9	4.844	34,5
Madrid	3.127	7,4	22.592	5,9	3.188	7,4	23.924	5,6
Murcia	2.120	5,0	18.138	4,7	2.290	5,3	23.769	5,5
Navarra	803	1,9	8.830	2,3	786	1,8	8.723	2,0
País Vasco	2.504	5,9	63.765	16,5	2.549	5,9	65.307	15,2
Rioxa	238	0,6	1.996	0,5	247	0,6	2.025	0,5
Ceuta e Melilla	72	0,2	632	0,2	69	0,2	632	0,1
Total	42.191	100	385.450	100	43.314	100	429.351	100

(1) cooperativas e sociedades laborais a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

apoio ó autoemprego. Un 24% dos traballadores o fixo dos programas de promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais e un 20% das medidas de integración laboral das persoas con discapacidade.

Desenvolvemento de empresas

Cadros C.2.15. e C.2.16.

O número de empresas activas a 1 de xaneiro de 2004 medrou en Galicia un 4,0% respecto ó mesmo período do ano anterior (4,6% no conxunto do Estado), acadando as 180.977 empresas (o 6,2% do total de empresas existentes en España).

A estrutura da poboación empresarial caracterízase polo peso do sector servizos, que acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas, así como polo predominio da condición xurídica “persoas físicas”, que representan case as dúas terceiras partes das empresas activas, e as sociedades de responsabilidade limitada,

que supoñen en torno ó 27% das empresas.

O devandito dinamismo empresarial do derradeiro ano (6.900 empresas activas máis) ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada polas SRL, con 3.470 sociedades máis (un 7,6%), e as persoas físicas, con 2.219 empresas máis (2,0%). En termos porcentuais salienta o incremento rexistrado polas asociacións e outros tipos e as comunidades de bens, con aumentos superiores ó 10%.

Ó longo de 2003 constituíronse, segundo os datos do Rexistro Mercantil, 5.405 sociedades (o 4,4% das sociedades constituídas en España). Cómpre salientar que comparado co ano anterior, medra o número de constituicións de sociedades nun 1,4% (72 sociedades máis) respecto ó ano anterior. A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 91,7%) e só un 1,7% foron sociedades anónimas. Unha simple análise da taxa das sociedades constituídas sobre as existentes sitúa á comunidade no

Empresas existentes 2003 (1): distribución segundo a súa condición xurídica

	Persoas Físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de Responsabilidade Limitada	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades Cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros	Total
A Coruña	47.613	1.739	19.160	8	1	866	404	4.865	153	74.809
Lugo	15.333	305	5.065	-	-	1.305	170	244	57	22.479
Ourense	14.821	479	5.341	2	-	274	141	1.010	50	22.118
Pontevedra	38.272	1.539	19.508	3	-	2.399	283	1.445	112	61.571
Total	114.039	4.062	49.074	13	1	4.844	1.008	7.564	372	180.977
España	1.738.456	122.579	839.958	456	114	88.737	25.557	118.413	8.313	2.942.563
G/E (%)	6,6	3,3	5,8	2,9	0,9	5,5	3,9	6,4	4,5	6,2

(1) Os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2004.
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

C.2.16.

Sociedades constituídas nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo a súa forma xurídica

	Anónimas		Limitadas		Outras		Total	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Andalucía	324	242	17.643	19.004	1.503	1.621	19.470	20.867
Aragón	66	70	2.278	2.539	233	232	2.577	2.841
Asturias	54	68	1.373	1.564	158	140	1.585	1.772
Baleares	46	33	3.261	3.535	82	116	3.389	3.684
Canarias	77	93	5.254	5.324	231	202	5.562	5.619
Cantabria	13	16	940	952	37	51	990	1.019
Castela - A Mancha	73	82	3.094	3.500	429	365	3.596	3.947
Castela e León	104	80	3.620	3.844	289	285	4.013	4.209
Cataluña	503	429	21.408	22.371	863	816	22.774	23.616
C. Valenciana	225	237	12.762	13.593	548	561	13.535	14.391
Extremadura	38	28	1.191	1.257	126	99	1.355	1.384
Galicia	109	91	4.848	4.958	376	356	5.333	5.405
A Coruña		26		1.931		109	-	2.066
Lugo		15		446		45	-	506
Ourense		5		441		43	-	489
Pontevedra		45		2.140		159	-	2.344
Madrid	1.255	904	21.459	22.409	1.121	1.028	23.835	24.341
Murcia	48	47	3.078	3.455	254	268	3.380	3.770
Navarra	44	33	1.197	1.214	134	114	1.375	1.361
Pais Vasco	155	128	4.307	4.255	242	215	4.704	4.598
A Rioxa	19	17	512	549	17	22	548	588
Ceuta e Melilla		4		190		6		200
Total	3.153	2.602	108.225	114.513	6.643	6.497	118.021	123.612

Fonte: Registro Mercantil Central

78,6% da media española en 2003, 2,6 puntos menos que no ano anterior.

No ano 2003 rexistráronse nove suspensións de pagamentos, o 4,5% das producidas en España, e dezasete quebras, un 2,5% das acontecidas no conxunto do Estado. O número de extincións de sociedades foi de 520, o que representa o 4,5% das sociedades extinguidas en España.

Unha vez considerada a evolución empresarial e a evolución da ocupación nos diferentes sectores e ramas de actividade galegas, cómpre facer referencia ós factores determinantes da **localización** física dunha empresa.

Estes son múltiples, e varían segundo a actividade da que se trate. Os custos laborais son importantes, pero tamén o son as infraestructuras de transporte e comunicacións, a dispoñibilidade e prezo do solo empresarial, a fiscalidade, a lexislación laboral e ambiental e o seu control, o capital humano, o sistema de I+D+i, as economías de aglomeración, etcétera.

Xa que logo, non semella razoable

que a mesma explicación sirva para todos os procesos de localización ou deslocalización empresarial, nin que a solución sexa a mesma. Nalgúns sectores de actividade a man de obra pouco cualificada é a peza básica do proceso productivo e, por elo, os custes salariais son chave. Noutros, a dispoñibilidade dun entorno que provea de man de obra altamente cualificada e laboratorios de investigación pode ser o fundamental.

Dito o anterior, Galicia debería tentar combinar un abandono progresivo das actividades intensivas en man de obra pouco cualificada –ás que inevitablemente van vencelladas niveis salariais baixos para os estándares dun país desenvolvido– con a potenciación da súa especialización en actividades máis sofisticadas e polo tanto xeradoras dun meirande valor engadido, salarios e beneficios empresarias. De aí a importancia de potenciar liñas de actuación como a formación e a I+D+i vencelladas ás necesidades do aparello productivo; a dispoñibilidade de solo industrial nas condicións requiridas polas empresas; a intermodalidade no transporte –conexións de portos, aeroportos, camiños

de ferro e autoestradas-, que podería chegar a transformar en vantaxe o carácter periférico de Galicia; e as telecomunicacións.

Xunto a elo, existen outros factores de tipo regulatorio que deberían ser tamén tidos en conta. Nomeadamente, a renegociación dalgunhas restriccións impostas dende a Unión Europea, o control de prácticas de *dumping* feitas por países fóra do territorio europeo. En terceiro lugar, as axudas autonómicas e locais ás empresas deberían esixir como contrapartida certos compromisos de permanencia das empresas beneficiarias. E derradeiro, deberían artellarse medidas compensatorias pactadas entre sindicatos, empresarios e Administración para minimizar os custes sociais dos procesos de axuste, como o que afecta xa ó subsector dos talleres textis. ■

C.3. sectores productivos

Panorama xeral

Cadros C.3.1. a C.3.9.

Atendendo ós datos da Contabilidade Trimestral de Galicia (base 2000) estimado polo IGE, o produto interior bruto a prezos de mercado no ano 2003 acadou os 36.128,0 millóns de euros (prezos constantes), un 2,4% máis que no ano precedente. En termos nominais (prezos correntes), a taxa de crecemento do PIB a prezos de mercado foi do 6,6%.

A economía galega mellora trimestre a trimestre, pasando dun crecemento do 2,1% no primeiro trimestre de 2003 a un 2,8% no derradeiro trimestre do ano. En termos nominais, a taxa de crecemento foi do 6,3% no primeiro trimestre do ano e do 6,9% no cuarto trimestre.

Ó longo do ano 2003 a ocupación en Galicia medrou en 33,3 miles de persoas ata acada-los 1.105,5 miles de ocupados. En termos relativos, a medra experimentado foi do 3,1% respecto ó ano anterior,

C.3.1.

Índice de Producción Industrial de Galicia e España 2002-03: distribución segundo destino económico ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
	(Base 2000 = 100)			(Base 2000 = 100)		
			(%)			(%)
Índice Xeral	101,4	105,2	3,8	98,9	100,5	1,6
Bens de consumo	91,8	94,8	3,3	101,5	102,0	0,5
consumo duradeiro	91,8	101,2	10,3	95,3	94,7	-0,6
consumo non duradeiro	91,8	94,3	2,8	102,6	103,2	0,6
Bens de equipamento	92,9	96,1	3,5	91,9	92,5	0,6
Bens intermedios	109,2	112,7	3,2	99,3	101,4	2,1
Enerxía	110,2	116,0	5,3	103,0	106,9	3,8

(1) Media anual
Fonte: INE

cifra que é sete décimas superior á experimentada polo crecemento económico (prezos constantes).

O maior crecemento do emprego respecto da produción arroxa interrogantes sobre o tipo de emprego que se está creando e a súa produtividade.

O máis destacable é que, por vez primeira, se destrúe emprego na industria e na construción, ademais de no sector primario, e que a ocupación só crece no sector servizos.

Atendendo á desagregación por ramas de actividade, o sector servizos de mercado é o que xera un maior valor engadido, con 14.314,4 millóns de euros (o 39,6% do PIBpm galego), seguido do sector industria e dos servizos non de mercado, con 5.573,5 (o 15,4% do PIBpm galego) e 5.254,3 millóns de euros (14,5% do PIBpm galego), respectivamente.

O VEB a prezos básicos (prezos constantes) do sector primario (agricultura, gandería e pesca) experimentou en 2003 unha caída do 3,7% respecto ó ano precedente (en 2002 a taxa de variación interanual foi do 0,7%). Ó longo do ano 2003, a produción experimentou unha taxa de crecemento do -4,7% no primeiro e segundo trimestres fronte ó -3,8% no 3º trimestre e o -1,5% no derradeiro trimestre do ano.

Este comportamento do sector primario foi acompañado dun descenso da ocupación (fonte: EPA) do 0,9% (1,3 miles de persoas menos que no ano anterior), acollendo un total de 136,7 miles de traballadores.

A caída do emprego no sector primario prodúcese polo descenso da ocupación no subsector pesqueiro, con 2,2 miles de ocupados menos (-7,5% menos que en 2002), xa que o subsector agrícola presenta unha medra de 0,8 miles de traballadores (0,7%).

O sector industrial (sen a rama enerxética) experimentou en 2003 un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constantes) do 2,4%, porcentaxe cinco décimas inferior á acadada no ano precedente. A desaceleración da produción industrial ráchase no primeiro trimestre de 2003 ó presentar unha taxa de crecemento do 2,4% (2,3% no trimestre anterior), sendo de 2,6% no segundo trimestre do ano. Nos dous últimos trimestres, a actividade industrial volta a presentar unha desaceleración, con incrementos do 2,5% e 2,3%.

Atendendo ó Índice de Producción Industrial de Galicia (IPIga), que estima a evolución da industria na comunidade, no ano 2003 a taxa de crecemento do índice xeral entre os anos 2002 e 2003 foi do 3,8% fronte ó 2,7% do ano precedente.

Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2002-03 (1): distribución segundo ramas de actividade

	2002		2003		03/02	
	(número)	(% total)	(número)	(% total)	(número)	(%)
Sector primario	101.636	11,0	99.743	10,5	-1.893	-1,9
Actividades agrícolas	73.434	7,9	71.615	7,6	-1.819	-2,5
Pesca	28.202	3,1	28.128	3,0	-74	-0,3
Industria	164.922	17,9	164.645	17,4	-277	-0,2
Minería enerxética	216	0,0	192	0,0	-24	-11,1
Minería non enerxética	6.534	0,7	6.455	0,7	-79	-1,2
Alimentación	25.435	2,8	25.934	2,7	499	2,0
Téxtil, confección e coiro	20.971	2,3	20.463	2,2	-508	-2,4
Madeira	13.660	1,5	13.575	1,4	-85	-0,6
Papel e edición	7.130	0,8	7.409	0,8	279	3,9
Refinado de petróleo	579	0,1	592	0,1	13	2,2
Química	3.752	0,4	3.795	0,4	43	1,1
Caucho e plástico	3.661	0,4	3.738	0,4	77	2,1
Productos minerais non metálicos	12.009	1,3	12.036	1,3	27	0,2
Metallería e produtos metálicos	20.497	2,2	20.471	2,2	-26	-0,1
Maquinaria	5.465	0,6	5.505	0,6	40	0,7
Material eléctrico e óptico	6.682	0,7	6.146	0,6	-536	-8,0
Material de transporte	26.613	2,9	26.454	2,8	-159	-0,6
Fabricación de mobles	6.643	0,7	6.795	0,7	152	2,3
Reciclaxe	460	0,0	475	0,1	15	3,3
Electricidade, gas, auga	4.615	0,5	4.610	0,5	-5	-0,1
Construcción	113.760	12,3	118.111	12,5	4.351	3,8
Servicios	543.543	58,8	564.626	59,6	21.083	3,9
Venda e reparación vehículos, gasolinas	25.050	2,7	25.247	2,7	197	0,8
Comercio por xunto e interm. agás veh. motor	48.875	5,3	50.206	5,3	1.331	2,7
Comercio polo miúdo agás veh. motor; repar. ef. pers.	98.051	10,6	100.743	10,6	2.692	2,7
Hostalería	54.317	5,9	56.401	6,0	2.084	3,8
Transporte; act. anexas ó transporte e act. axencias viaxe	40.891	4,4	41.795	4,4	904	2,2
Correos, banca, e outros servizos	96.093	10,4	100.553	10,6	4.460	4,6
Adm. pública, defensa nacional e seguridade social	60.117	6,5	64.270	6,8	4.153	6,9
Educación	24.671	2,7	25.704	2,7	1.033	4,2
Act. sanitarias e veterinarias, servizos sociais; act. saneamento público	46.932	5,1	48.992	5,2	2.060	4,4
Fogares e outros	48.546	5,3	50.715	5,4	2.169	4,5
Total	923.861	100	947.125	100	23.264	2,5

(1) en medias anuais

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social

C.3.3.

Empresas e traballadores en alta no Réxime Xeral e Réxime especial da minería do carbón 2003: distribución segundo o tamaño da empresa (1)

	Total	De 1 a 2 traballadores	De 3 a 5 traballadores	De 6 a 9 traballadores	De 10 a 25 traballadores	De 26 a 49 traballadores	De 50 a 249 traballadores	De 250 a 499 traballadores	De 500 a 999 traballadores	1000 e máis traballadores
Galicia	80.204	44.413	17.911	7.556	6.804	2.004	1.320	101	56	39
A Coruña	32.769	17.896	7.313	3.059	2.940	870	618	53	28	12
Lugo	11.124	6.503	2.456	992	815	217	124	9	5	3
Ourense	9.870	5.671	2.142	898	796	201	141	13	6	2
Pontevedra	29.509	15.687	6.811	2.916	2.702	838	489	42	13	11
España	1.227.989	658.976	269.897	120.355	116.920	34.968	22.831	2.231	994	817
G/E (%)	6,5	6,7	6,6	6,3	5,8	5,7	5,8	4,5	5,6	4,8

(1) datos a 31 de decembro.

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

C.3.4.

Sectores productivos 2002						
	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Sector primario	2.956	12.812,4	1.748,8	552,6	8.092,6	21
Complexo Mar-Industria	795	4.387,5	607,2	205,3	3.304,4	28
Complexo Agro-Gandeiro	1.302	6.071,3	668,6	214,7	2.822,1	18
Complexo Silvicultura-Madeira	859	2.353,6	473,0	132,6	1.966,1	20
Industria	4.084	23.011,2	4.270,9	1.237,0	15.365,2	31
Energía	154	631,4	278,4	152,2	2.041,0	14
Bens intermedios	987	3.870,0	853,1	256,4	3.376,7	25
Bes de equipamento	2.080	11.718,7	1.794,2	236,5	5.721,6	26
Bens de consumo	863	6.791,1	1.345,1	592,0	4.225,9	51
Construcción e obras públicas	3.984	9.147,5	2.393,7	573,8	9.417,5	21
Servicios	2.510	4.656,9	1.593,1	252,2	7.690,9	25
Turismo viaxes e ocio	668	947,7	270,2	76,3	813,7	17
Transportes e serv. asociados	693	1.427,7	503,0	157,5	2.937,0	21
Servicios empresariais	523	1.021,9	429,1	42,6	2.411,5	37
Comunicacións	474	938,0	224,5	-46,2	1.262,7	22
Servicios relac. coa saúde	152	321,6	166,3	22,0	266,0	39
Total	13.534	49.628,0	10.006,5	2.615,6	40.566,3	25

Fonte: Ardán

O emprego industrial (incluída a rama enerxética) rexistrou en 2003 un descenso do 1,6% (a produción medra un 2,7% nese ano), acadando os 214,6 miles de persoas ocupadas (fonte EPA). As ramas de fabricación de material de transporte e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes, ó acolle-lo 18,4% e 18,9% dos ocupados nas distintas ramas industriais. Séguenlle en importancia as actividades téxtiles e as industrias metalúrxicas produtos metálicos, que acollen en torno ó 12,5% cada unha delas.

A rama enerxética presentou no ano 2003 unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,4% fronte ó -2,9% do ano anterior.

A diferenza do acontecido en 2002, nos catro trimestres de 2003 o subsector enerxético presenta unha taxa de crecemento positiva da súa produción (en termos reais), acadando un máximo de 4,0% no terceiro trimestre e un mínimo de 2,3% no primeiro trimestre do ano.

As actividades de “producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga” acollen no ano 2003 o 2,6% dos traballadores nas distintas ramas industriais.

Cómpre salientar que un ano máis o maior crecemento sectorial rexístrase na construción, que experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,1%, 7,5 puntos porcentuais inferior á taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos nominais (prezos correntes). Este diferencial remite ó comportamento inflacionario que vive o sector.

Ó longo do ano mantense practicamente constante o crecemento do VEB a prezos básicos, que experimenta unha de taxa de crecemento do 3,1% (en termos reais) nos tres primeiros trimestres do ano e do 3,3% no derradeiro trimestre.

O emprego neste sector en 2003 rexistra unha caída do 3,0% (4,0 miles de persoas menos) acadando nese ano unha

ocupación de 129,4 miles de persoas (fonte EPA).

No ano 2003 o sector servizos experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 2,6% fronte ó 1,8% experimentado no ano anterior. Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do VEB, en termos reais, no primeiro caso foi do 2,1% respecto ó ano anterior, e no segundo de 4,0%.

Atendendo á evolución trimestral, ó longo do ano prodúcese unha aceleración so seu crecemento, rexistrándose unha taxa de crecemento no primeiro trimestre do 2,1%, 1 punto menos que no cuarto trimestre do ano.

A ocupación no sector servizos medrou no ano 2003 un 7,2% respecto ó ano anterior ata chegar ós 624,7 miles de ocupados (fonte EPA). Entre as ramas máis importantes, salientan as de “comercio por xunto e polo miúdo” e “outros servizos”, que acollen o 22,3% e o 20,8% dos ocupados nas ramas do sector servizos.

O emprego neste sector medrou case tres veces máis que a produción, rexistrándose o incremento máis importante en “Administración pública, defensa e seguridade social”, cun 23,3% máis que en 2002, e na “venta, mantemento e reparación de vehículos de motor. Gasolineiras”, cun 19,8%.

Con respecto á evolución do número de empresas cómpre salientar que no réxime xeral da Seguridade Social en Galicia (segundo a radicación do seu centro de traballo) o número de empresas acadou as 80.204, 2.535 empresas máis que ás rexistradas no ano anterior (un 3,3% máis). Asemade, o número de traballadores en alta laboral na Seguridade Social no réxime xeral aumentou un 3,3% respecto á ano anterior (porcentaxe dúas décimas

superior á estimada pola EPA), para acadalos 667,7 miles de traballadores en 2003. É dicir, o número medio de traballadores por empresa mantense en 8,3 traballadores.

O 55,4% das empresas teñen de un a dous traballadores (44.413 empresas), un 22,3% das empresas de tres a cinco traballadores (17.911 empresas) e en 1.519 empresas (1,9%) traballan máis de 50 traballadores.

Da evolución do pequeno grupo de sete grandes empresas galegas cotizadas na Bolsa, entre os anos 2002 e 2003 perden un 20,6% do seu valor de capitalización, por mor da caída experimentada por Inditex (28,5% inferior á de 2002). Os incrementos máis importantes prodúcense A. Domínguez e Banco Pastor, cunha medra do 84,2% e 37,0%, respectivamente.

As consideracións sobre as variables empresariais da economía galega realízase a partires, fundamentalmente, da información que proporciona o servizo de estudos Ardán, que considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunhas empresas importantes, polo que as cifras poden presentar algunha limitación no seu alcance–, das que se teñen datos no dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós 240.000 euros.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas consideradas no período 2001-2002 (últimos datos dispoñibles) foi de 13.534 empresas, fronte ás 12.784 empresas seleccionadas para o período comprendido entre os anos 2000 e 2001. Comparado cos datos do Dirce, a estas empresas representan o 27,2% do total de empresas galegas (sociedades anónimas e sociedades de responsabilidade limitada) e acollen aproximadamente o 43% dos traballadores asalariados galegos. O emprego medio nas empresas con-

C.3.5.

Evolución da actividade empresarial 2001-02: ingresos, custos e resultados

	2001		2002		02/01
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	45.568,8	100	49.628,0	100	8,9
Consumo e outros gastos de explotación	36.436,9	80,0	39.621,5	79,8	8,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	9.131,9	20,0	10.006,5	20,2	9,6
Gastos de persoal	5.802,7	12,7	6.254,3	12,6	7,8
Resultado económico bruto da explotación	3.329,3	7,3	3.752,2	7,6	12,7
Amortizacións	1.213,9	2,7	1.389,5	2,8	14,5
Resultado económico neto da explotación	2.115,4	4,6	2.362,8	4,8	11,7
Resultado financeiro	-159,2	-0,3	-243,8	-0,5	-53,2
Ingresos financeiros	558,7	1,2	555,0	1,1	-0,7
Gastos financeiros	717,9	1,6	798,8	1,6	11,3
Resultado de actividades ordinarias	1.956,2	4,3	2.119,0	4,3	8,3
Resultado de actividades extraordinarias	-213,3	-0,5	-181,3	-0,4	15,0
Resultado antes de impostos	1.743,0	3,8	1.937,6	3,9	11,2
Impostos	496,1	1,1	589,7	1,2	18,9
Resultado neto do exercicio	1.246,9	2,7	1.347,9	2,7	8,1
Cash-flow	2.381,5	5,2	2.615,6	5,3	9,8

Fonte: Ardán

C.3.6.

Empresa galega 2001-02: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación ⁽¹⁾

	Crecedemento dos ingresos	V.E.B.c.f. / ingresos	Gastos persoal / ingresos	Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos	Carga financeira / ingresos	Cash-flow / ingresos
				(%)		
2002	5,94	26,92	18,53	3,08	0,97	3,51
2001	8,83	27,06	18,70	3,13	1,04	3,45

(1) Os datos corresponden á mediana (P₅₀). A mediana é o valor central da mostra do estudio

Fonte: Ardán

sideradas foi de 25 traballadores por empresa.

A conta de explotación agregada destas 13.534 empresas no ano 2002 amosa un incremento do 8,3% do resultado de actividade ordinaria –aquela directamente relacionada coa actividade das empresas, xa que exclúe os resultados extraordinarios e o imposto de sociedades– así como unha medra do resultado de actividades extraordinarias (15,0%). Esta evolución xustifica que o resultado neto do exercicio do conxunto de empresas consideradas en 2002 rexistre un incremento do 8,1%.

Tamén salienta o incremento do 11,3% dos gastos financeiros fronte á caída do 0,7% dos ingresos financeiros, o que fai que os resultados financeiros negativos medren máis dun 50%. O resultado financeiro das empresas consideradas

acada no ano 2002 os –243,8 millóns de euros fronte ós –159,2 millóns de euros do ano 2001. Na estrutura de custos das empresas o seu peso relativo no total dos ingresos de explotación equivale no ano 2002 ó –0,5% dos ingresos.

No período 2001-02 o VEB a custo de factores e os ingresos de explotación do conxunto de empresas consideradas rexistran unha medra do 9,6% e do 8,9%, respectivamente. A importancia relativa do VEB no total dos ingresos de explotación medra dúas décimas acadando no ano 2002 un total de 20,2%.

O indicador carga financeira/ingresos de explotación rexistra un descenso dende o 1,04% de 2001 ata os 0,97% do ano 2002.

Cómpre salientar respecto ós gastos

de persoal, que experimentan un crecemento do 7,8%, polo que descende o seu peso relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 12,7% de 2001 ó 12,6% do ano 2002.

A análise do balance agrupado das 13.534 empresas consideradas permite coñecer a súa situación financeira e patrimonial nos anos 2001 e 2002. O trazo fundamental é a boa situación financeira e patrimonial das empresas, despois dun período con bos resultados.

En 2002 as empresas aproveitaron eses resultados para darlle maior solidez á súa estrutura. O financiamento permanente medra un 11,1%, os fondos propios incrementáronse nun 13,3% e os recursos alleos a longo prazo o fixeron nun 7,5%.

A estrutura financeira e patrimonial reflectida na análise de Ardán mostra unha situación de solvencia: o financiamento permanente, con 20.985,4 millóns de euros, representa o 51,7% do total das fontes de financiamento (50,8% en 2001) e, dentro deste, os fondos propios significan o 30,9% do total das fontes de financiamento e os recursos alleos o 18,5%. O activo fixo neto acada os 17.508,9 millóns de euros, o que propicia un fondo de rotación de 3.476,6 millóns de euros.

Da análise do balance das empresas despréndese que o activo total experimenta unha medra do 9,1%, sedo isto do 13,1% no caso do activo fixo neto e do 6,2% no do circulante neto. Outro aspecto a destacar é o crecemento do inmovilizado material neto –que é a partida do activo que reflicte os investimentos productivos– que medra nun 11,2%, aumentado a súa contribución medio punto porcentual (27,6% do activo total en 2002).

No concernente ó estudio económico e financeiro, os indicadores de nivel

de actividade e resultados sobre os ingresos de explotación amosan que no período 2001-2002 prodúcese unha desaceleración do crecemento dos ingresos e unha redución, respecto ós ingresos, do VEB, dos gastos de persoal e da carga financeira.

A rendibilidade económica (ratio que resulta de dividi-lo beneficio antes de intereses e impostos, entre o activo total neto medio) practicamente non varía, permanecendo estables tanto a rotación de activos como a marxe. A rendibilidade financeira (ratio que resulta de dividi-lo beneficio neto da empresa entre os recursos propios medios da mesma), a pesar da redución do custo da débeda, decrece no período considerado.

En 2002 os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios acollen, en conxunto, o 63,5% do VEB total xerado polas empresas galegas estudadas (63,0% en 2001), sendo esta porcentaxe lixeiramente superior ó 70% no caso do sector industrial e dos servizos. Pola contra, estes oito municipios xeran o 43,9% do VEB polas empresas do sector primario.

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, que xeran un total de 2.041,3 e 1.541,8 millóns de euros, o que supón o 20,4% e 15,4% do VEB total xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán.

En Vigo, Arteixo e O Porriño, salienta a importancia relativa do sector industrial ó representar o 57,8%, o 87,0% e o 58,0%, respectivamente, do VEB xerado nos devanditos municipios (a media galega é do 42,7%), mentres que en Pontevedra e Ourense sobresaen o sector da construción, que acolle o 60,1% e 53,4% do seu VEB xerado (en Galicia representa o 23,9%).

C.3.7.

Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 2001-02

	2001		2002		02/01
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Activo total	37.187,0	100	40.566,3	100	9,1
Activo fixo (neto)	15.478,6	41,6	17.508,9	43,2	13,1
Gastos amortizables	287,0	0,8	319,0	0,8	11,1
Inmobilizado inmaterial	1.254,3	3,4	1.410,7	3,5	12,5
Inmobilizado material	10.077,1	27,1	11.202,9	27,6	11,2
Outro inmovilizado	3.823,2	10,3	4.545,3	11,2	18,9
Outro activo fixo	37,0	0,1	30,9	0,1	-16,3
Circulante neto	21.708,4	58,4	23.057,4	56,8	6,2
Existencias	7.237,8	19,5	7.241,0	17,8	0,0
Debedores	11.289,6	30,4	11.797,5	29,1	4,5
Tesourería	1.504,2	4,0	1.630,5	4,0	8,4
Outro activo circulante	1.676,9	4,5	2.388,4	5,9	42,4
Fontes de financiamento	37.187,0	100	40.566,3	100	9,1
Financiamento permanente	18.893,0	50,8	20.985,4	51,7	11,1
Fondos propios	11.066,1	29,8	12.540,9	30,9	13,3
Recursos alleos l/p	6.988,4	18,8	7.515,5	18,5	7,5
Ingresos distribuídos en varios exercicios	838,5	2,3	929,0	2,3	10,8
Acreedores a curto prazo	18.294,0	49,2	19.580,8	48,3	7,0
Fondo de rotación	3.414,5	9,2	3.476,6	8,6	1,8

Fonte: Ardán

C.3.8.

Empresa galega 2001-02: rendibilidade e magnitudes asociadas (1)

	Rendibilidade económica	Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos	Custo neto da débeda	Coefficiente de endebedamento
	(%)			(%)		
2002	5,82	3,30	1,725	14,60	2,22	2,38
2001	5,83	3,36	1,723	15,20	2,34	2,48

(1) Os datos corresponden á mediana (P₅₀). A mediana é o valor central da mostra do estudio
Fonte: Ardán

C.3.9.

Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 2001-02

Núcleos	2001		2002				02/01
	Total	Total	S. Primario	Industria	Construcción	Servicios	
	(en millóns de €)						
Vigo	1.952,7	2.041,3	249,6	1.180,7	306,7	304,3	4,5
A Coruña	1.302,2	1.541,8	225,6	322,6	445,8	547,8	18,4
Arteixo	895,2	1.070,2	28,6	930,6	79,4	31,7	19,5
Santiago	478,8	492,1	108,0	216,7	123,9	43,6	2,8
Pontevedra	356,9	370,3	42,0	62,2	222,6	43,6	3,8
O Porriño	263,3	295,9	44,6	171,7	55,3	24,3	12,4
Lugo	264,3	287,9	47,8	85,1	72,1	82,9	8,9
Ourense	235,6	257,1	22,1	47,1	137,2	50,0	9,1
Subtotal	5.749,0	6.356,7	768,3	3.016,5	1.442,9	1.128,3	10,6
Galicia	9.131,9	10.006,5	1.748,8	4.270,9	2.393,7	1.593,1	9,6

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

C.3.10.

Macromagnitudes agrarias 2001: renda agraria ⁽¹⁾

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en millóns de euros)				
A - Conta de produción					
Producción da rama agraria	1.998,2	656,2	579,2	286,5	476,3
Consumos intermedios	715,5	280,0	229,5	78,9	127,1
Valor Engadido Bruto a prezos básicos	1.282,8	376,2	349,8	207,5	349,2
Consumo de capital fixo	273,0	88,0	102,6	38,8	43,5
Bens de equipamento	243,9	80,3	95,8	29,9	37,9
Construcións	29,1	7,7	6,8	9,0	5,7
Valor Engadido Neto a prezos básicos	1.009,8	288,2	247,2	168,7	305,7
B - Conta de explotación					
Outros impostos sobre a produción	10,5	3,7	3,6	1,6	1,6
Outras subvencións á produción	92,9	25,9	34,3	15,5	17,2
Renda agraria	1.092,2	310,4	277,8	182,7	321,3

(1) As macromagnitudes agrarias reflicten o movemento económico xerado ó redor do sector agrario nun exercicio. Para o seu cálculo no ano 2001 adoptouse a metodoloxía establecida pola axencia Eurostat coma consecuencia da aplicación do regulamento (CE) 2223/96 do Consello, relativo ó Sistema Europeo de Contas Económicas Integradas (SEC). Unha das diferenzas entre a nova metodoloxía empregada e a establecida pola que se utilizaba anteriormente (sistema FAO) é a exclusión da contabilidade agraria da achega económica do sector forestal.

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria

Sector primario

Cadros C.3.10. a C.3.17.

Atendendo ós datos da distribución xeral de terras do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, do total da superficie xeográfica galega (2.947,6 miles de hectáreas), un 60,0% corresponde á superficie forestal, en tanto que a superficie adicada a cultivo acada o 13,6%, e a prados e pasteiros, o 15,8%. A superficie agraria fertilizable en Galicia representa o 23,3% da superficie total censada.

As macromagnitudes agrarias do ano 2001, que reflicten o movemento económico xerado ó redor do sector agrario nese exercicio, indican que o valor da produción das ramas agrarias ascendeu a 1.998,2 millóns de euros, dos que o 63,6% corresponde ó subsector gandeiro, fronte ó 32,1% do subsector agrícola e o 4,3% ós servizos e actividades secundarias non agrarias (entre outras, a transformación do leite nas propias explotacións ou os beneficios de actividades coma a caza).

O valor engadido bruto a prezos básicos acadou os 1.282,8 millóns de euros e o consumo de capital fixo os 273,0 millóns, polo que o valor engadido netos a prezos básicos ascendeu a 1.009,8 millóns de

euros, dos que o 30,3% xerouse na provincia de Pontevedra e un 28,5% en A Coruña.

Na industria láctea, as explotacións galegas teñen asignada unha cota de produción global do 31,2% do total de España, sendo o peso relativo do número de gandeiros do 53,3%.

A produción de madeira en Galicia acadou en 2002 os 4.893,5 miles de metros cúbicos con cortiza (un 5,8% menos que no ano anterior), dos que 2.828,4 miles de metros cúbicos pertencen a especies frondosas (un 3,1% máis que a produción do ano anterior). En relación ó destino da produción de madeira nese ano, a meirande parte da mesma corresponde a madeira para trituración, co 70,5%, seguida do destino de toros, co 26,0%.

A renda agraria, calculada como a suma do valor engadido neto a prezos básicos e “outras subvencións á produción” menos “outros impostos sobre a produción” acadou en 2001 (último dato dispoñible) os 1.092,2 millóns de euros. A renda agraria en Pontevedra foi de 321,3 millóns de euros (o 29,4% do total galego), ascendendo en A Coruña a 310,4 millóns de euros (28,4%) e en Lugo e

C.3.11.

Macromagnitudes agrarias 2001: renda agraria ⁽¹⁾

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en millóns de euros)				
A - Conta de produción					
Producción da rama agraria	1.998,2	656,2	579,2	286,5	476,3
Consumos intermedios	715,5	280,0	229,5	78,9	127,1
Valor Engadido Bruto a prezos básicos	1.282,8	376,2	349,8	207,5	349,2
Consumo de capital fixo	273,0	88,0	102,6	38,8	43,5
Bens de equipamento	243,9	80,3	95,8	29,9	37,9
Construcións	29,1	7,7	6,8	9,0	5,7
Valor Engadido Neto a prezos básicos	1.009,8	288,2	247,2	168,7	305,7
B - Conta de explotación					
Outros impostos sobre a produción	10,5	3,7	3,6	1,6	1,6
Outras subvencións á produción	92,9	25,9	34,3	15,5	17,2
Renda agraria	1.092,2	310,4	277,8	182,7	321,3

(1) As macromagnitudes agrarias reflicten o movemento económico xerado ó redor do sector agrario nun exercicio. Para o seu cálculo no ano 2001 adoptouse a metodoloxía establecida pola axencia Eurostat como consecuencia da aplicación do regulamento (CE) 2223/96 do Consello, relativo ó Sistema Europeo de Contas Económicas Integradas (SEC). Unha das diferenzas entre a nova metodoloxía empregada e a establecida pola que se utilizaba anteriormente (sistema FAO) é a exclusión da contabilidade agraria da achega económica do sector forestal.

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria

Ourense a 277,8 e 182,7 millóns de euros, respectivamente (25,4% e 16,7%).

A media anual dos prezos percibidos polos agricultores españois medrou en 2003 un 5,5% respecto ó valor medio do índice de 2002 (o IPC creceu un 3,1% en 2003) e o dos prezos pagados polos agricultores no caso dos bens de investimento foi do 2,7%.

Dentro do subsector mar-industria, cómpre salientalo descenso da produción pesqueira en Galicia, un 6,8% inferior respecto ó ano 2002, situándose nas 124.665,7 toneladas. O valor da produción do produtos considerados acadou un total de 334,9 millóns de euros, un 2,3% menos que no ano 2002. A diferenza do acontecido no caso da produción, que rexistra un descenso nos diferentes grupos de especies (agás os gasterópodos, nos que permanece practicamente constante), o valor da mesma aumenta no caso dos bivalvos, os cefalópodos e os crustáceos.

Cómpre salientalo comportamento da produción de peixe en Galicia, que representa o 86,2% da produción total e o 68,3% do seu valor en 2003. A produción descendeu un 6,3% respecto á produción

do ano anterior, e o seu valor en primeira venda un 5,5%.

Atendendo á análise das variables empresariais das empresas pertencentes ó sector primario e industrias relacionadas, formadas polos subsectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira, está formado, no ano 2002, por un total de 2.956 empresas (non considera as cooperativas), o que representa o 21,8% do total de empresas galegas consideradas por Ardán, e presentan un emprego medio de 21 traballadores por empresa.

As actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro son as que engloban un maior número de empresas (1.302 empresas) xerando o 47,4% do total de ingresos de explotación do sector primario e o 38,2% do valor engadido bruto a custo de factores. As 795 empresas pertencentes ó subsector mar-industria, xeran o 34,7% do valor engadido bruto, e as 859 empresas do subsector silvicultura-madeira, o 27,0%.

No ano 2001 as empresas do sector primario e industrias relacionadas, consideradas no seu conxunto, presentaron unha medra do seu resultado neto do exercicio do 20,7% para situarse nos 270,4 millóns de euros. Este incremento produí-

C.3.12.

Cota leiteira asignada ás CC.AA. e nº de explotacións nas campañas 2000-01 e 2002-03

	Campaña 2000-01				Campaña 2002-03			
	Cota		Explotacións		Cota		Explotacións	
	(toneladas)	(%)	(número)	(%)	(toneladas)	(%)	(número)	(%)
Andalucía	421.101	7,8	1.899	3,2	457.591	7,6	1.546	3,2
Aragón	81.796	1,5	253	0,4	90.981	1,5	214	0,4
Asturias	597.728	11,0	8.109	13,5	656.001	11,0	6.397	13,1
Baleares	104.232	1,9	462	0,8	103.515	1,7	377	0,8
Cantabria	468.152	8,6	4.819	8,0	522.802	8,7	3.988	8,1
Castela e León	753.017	13,9	6.655	11,0	832.014	13,9	5.457	11,1
Castela A Mancha	162.405	3,0	748	1,2	193.281	3,2	641	1,3
Cataluña	556.799	10,3	1.899	3,2	609.356	10,2	1.633	3,3
Estremadura	41.425	0,8	491	0,8	41.188	0,7	351	0,7
Galicia	1.667.304	30,8	32.097	53,3	1.868.140	31,2	26.115	53,3
venda a industrias	1.659.351	30,6	31.894	52,9	-	-	-	-
vendas directas	7.953	0,1	203	0,3	-	-	-	-
Madrid	92.206	1,7	252	0,4	90.289	1,5	195	0,4
Reión de Murcia	19.685	0,4	65	0,1	31.081	0,5	53	0,1
Navarra	158.055	2,9	623	1,0	173.280	2,9	501	1,0
País Vasco	235.821	4,4	1.762	2,9	250.238	4,2	1.432	2,9
A Rioxa	17.551	0,3	54	0,1	18.414	0,3	46	0,1
Comunidade Valenciana	41.074	0,8	82	0,1	44.921	0,8	63	0,1
Total	5.418.351	100	60.270	100	5.983.092	100	49.009	100

Fonte: Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia e Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

C.3.13.

Producción pesqueira 2002-03: distribución segundo grandes grupos de especies

	Producción			Valor		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
	(en Tm.)		(%)	(en miles de €)		(%)
Producción pesqueira	133.728,7	124.665,7	-6,8	342.908,4	334.918,5	-2,3
Bivalvos	8.888,8	8.271,6	-6,9	55.890,0	59.123,1	5,8
Cefalópodos	8.060,7	7.170,2	-11,0	21.420,8	22.567,9	5,4
Crustáceos	1.420,7	1.411,3	-0,7	22.123,4	23.623,2	6,8
Equinodermos	615,8	300,8	-51,2	983,8	495,4	-49,6
Gasterópodos	8,2	8,3	0,7	20,8	12,6	-39,4
Invertebrados	0,1	0,0	-66,7	2,5	0,9	-65,0
Peixes	114.639,7	107.422,3	-6,3	242.020,4	228.697,0	-5,5
Outros	94,7	81,3	-14,2	446,7	398,5	-10,8

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Anuario da produción pesqueira en 2003

cese pola medra do resultado de actividades extraordinarias (272,6%), xa que o resultado de actividades ordinarias experimentou unha caída do 12,4% (sitúase en 256,0 millóns de euros).

O sector primario e industrias relacionadas amosa un incremento do VEB do 5,0%, unha décima superior ó crecemento experimentado polo conxunto das empresas galegas consideradas. O VEB xerado polas empresas deste sector ascendeu a os 1.748,8 millóns de euros, o que representa o 17,5% do total galego (18,2% en 2001).

Os ingresos de explotación acadaron os 12.812,4 millóns de euros (un 5,1% superior ó rexistrado en 2001), polo que o

peso relativo do VEB nos ingresos de explotación mantense no 13,7%.

A carga financeira empeorou en 2002 un 44,7% para situarse en -92,9 millóns de euros (un -0,7% dos ingresos de explotación). O indicador do nivel de actividade carga financeira/ingresos de explotación acadou o 0,82% no ano 2002 (0,83% no ano anterior).

Os gastos de persoal das empresas do sector primario seleccionadas por Ardán acadaron os 1.094,3 millóns de euros, un 5,9% máis que o ano anterior, permanecendo practicamente constante o peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación (8,47% e 8,54%

C.3.14.

Sector primario 2001-02: taxas de crecemento nominal

	Sector Primario	Agro-gandeiro	Mar industria	Silvicultura madeira
	(%)			
Ingresos de explotación	5,12	7,87	0,46	7,35
VEB	4,98	8,32	1,69	4,75
Gastos de persoal	5,95	7,02	3,76	7,51
Rtdo. neto do exercicio	20,72	26,12	50,61	-14,36
Rtdo. de actividades ordinarias	-12,42	-2,29	-34,79	-9,43
Rtdo. antes de impostos	20,36	22,32	49,80	-10,73
Rendibilidade Económica	↑	↑	↑	↓
Rendibilidade Financeira	↑	↑	↑	↓
Gastos persoal / ingresos	↑	↑	↑	↓
Carga financeira / ingresos		=		

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

C.3.15.

Investimento e financiamento nas empresas do sector primario 2001-02: taxas de crecemento nominal

	Sector Primario	Agro-gandeiro	Mar industria	Silvicultura madeira
Activo total	7,84	7,73	7,16	9,15
Activo fixo (neto)	9,05	8,42	10,24	8,04
Circulante neto	6,91	7,21	4,95	10,11
Financiamento permanente	10,12	10,20	9,63	10,80
Fondos propios	11,17	12,08	11,66	9,34
Recursos alleos l/p	8,12	3,77	6,27	17,39
Ingresos distribuídos en varios exercicios	8,03	17,41	7,87	-6,44
Acreeedores a curto prazo	5,58	5,48	4,71	7,33
Fondo de rotación	17,30	25,30	6,43	31,99

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

nos anos 2001 e 2002, respectivamente). O indicador do nivel de actividade gastos de persoal/ingresos de explotación medrou dende o 11,98% ata o 12,30% de 2002.

O balance agregado das empresas deste sector amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 12,5% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 568,0 millóns de euros, un 17,3% superior ó existente o ano anterior. O 87,5% restante está financiado polos acreeedores a curto prazo. No concerente ás fontes de financiamento, o 50,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un

11,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 33,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 8,1%, cun peso relativo do 13,0% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 8.092,6 millóns de euros, un 7,8% superior ó valor de 2001, dos que 3.535,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,0% superior ó rexistrado no ano anterior). Os 4.557,4 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 6,9% en relación a 2001.

A rendibilidade económica permanece practicamente constante no ano 2002, situándose en 5,10% (5,07% en 2001), en

C.3.16.

Sector primario 2001-02: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	4,51	5,94	16,94	26,92	12,30	18,53	2,03	3,08	0,82	0,97	2,88	3,51
2001	8,04	8,83	16,77	27,06	11,98	18,70	2,04	3,13	0,83	1,04	2,80	3,45

(%)

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	5,10	5,82	2,47	3,30	1,99	1,72	11,37	14,60	2,17	2,22	2,16	2,38
2001	5,07	5,83	2,41	3,36	2,00	1,72	11,78	15,20	2,20	2,34	2,21	2,48

(%)

(%)

(1) Os datos corresponden á mediana (P₅₀). A mediana é o valor central da mostra do estudo.

Fonte: Ardán

C.3.17.

Sector primario 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	2001	2002	02/01
	(en millóns de €)		(%)
Vigo	236,3	249,6	5,6
A Coruña	207,9	225,6	8,5
Santiago	99,6	108,0	8,4
Lugo	43,6	47,8	9,7
Ribeira	48,4	46,3	-4,3
O Porriño	46,4	44,6	-3,8
Redondela	43,5	42,3	-2,8
Pontevedra	40,7	42,0	3,0

Fonte: Ardán

tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos descende catro décimas para situarse no 11,37% (11,78% no ano anterior). Ámbalas dúas son inferiores ás rendibilidades experimentadas polas 13.534 empresas seleccionadas, consideradas no seu conxunto.

Vigo, cun total de 249,6 millóns de euros, é o principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas. Séguelle en importancia A Coruña e Santiago, cun valor engadido bruto xerado de 225,6 millóns de euros e 108,0 millóns, respectivamente. Estes tres municipios acollen o 33,3% do VEB xerado por este sector.

Sector industrial

Cadros C.3.18. a C.3.23.

Segundo a *Encuesta industrial anual de empresas* do INE, no ano 2002 (último ano dispoñible) hai 166.080 persoas ocupadas na industria, destacando por actividades a de “material de transporte” con 27.552 persoas ocupadas, seguida da de “alimentación, bebidas e tabacos”, 27.431 persoas, e polas actividades da “industria téxtil, confección, coiro e calzado” e “industrias metalúrxicas e fabricación de produtos metálicos”, con 22.143 e 22.426 persoas, respectivamente. En conxunto, estas catro actividades engloban o 62,2% da poboación ocupada na industria en Galicia.

Por ingresos de explotación, a actividade de “material de transporte” é a máis destacable, con 6.638,7 millóns de euros, o que representa case a cuarta parte do total de ingresos de explotación da industria en Galicia no ano 2002. Séguenlle en importancia as “industrias de alimentación, bebida e tabaco” con 5.192,7 millóns de euros e as “industrias extractivas, enerxía e auga”, con 4.749,3 millóns de euros.

A evolución dos ingresos de explotación da industria no período 2001/2002 amosa unha medra de 1.908,9 millóns de euros (7,3%). Destacan polo súa forte incremento en termos relativos, os ingresos de explotación da “industria química” (28,0% respecto a 2001) e das “industrias metalúrxicas e fabricación de produtos metálicos”, co 17,9%. Polo contrario, “industrias de material de transporte” e as das “industrias metalúrxicas e fabricación de produtos metálicos” son as actividades que rexistran unha maior medra dos ingresos de explotación en termos absolutos, con 552,1 e 451,1 millóns de euros máis, respectivamente.

Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia ocupa a sexta posición no que á cifra de negocios, ingresos e gastos de explotación, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana, Madrid e o País Vasco, e a sétima no que ós gastos de persoal se refire, por detrás das devanditas comunidades e de Castela

C.3.18.

Principais indicadores das empresas industriais nas CC.AA. 2001-02: taxas de crecemento

	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Total consumos	Gastos de persoal	Gastos de explotación	Persoas ocupadas
	(%)					
Andalucía	7,4	7,6	4,1	3,8	4,7	-1,7
Aragón	5,1	5,0	1,8	6,6	4,1	2,8
Asturias	7,2	6,7	7,3	1,7	7,3	-2,0
Baleares	10,8	11,0	14,1	1,8	12,0	-2,9
Canarias	5,8	5,7	-3,4	5,6	0,5	4,1
Cantabria	11,4	11,6	14,7	7,2	12,2	4,5
Castela - A Mancha	0,0	0,1	-8,4	8,3	-2,8	2,8
Castela e León	3,3	3,3	0,2	4,8	2,6	2,7
Cataluña	-3,4	-3,2	-5,9	-0,7	-3,5	-4,7
C. Valenciana	3,3	3,5	3,4	4,1	4,5	0,2
Extremadura	7,0	6,6	2,0	3,0	4,0	0,9
Galicia	7,5	7,3	6,1	5,8	6,8	2,5
Madrid	-3,8	-3,9	-4,2	-5,1	-4,3	-3,4
Murcia	-0,4	-0,3	-6,0	4,0	-2,7	0,5
Navarra	7,1	7,0	7,5	3,4	6,1	-1,2
País Vasco	3,4	3,5	3,6	1,5	3,5	0,0
La Rioja	2,4	2,5	5,5	2,8	5,6	0,4
Total	1,5	1,6	-0,4	1,6	1,0	-1,1

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos INE, Encuesta Industrial de Empresas

e León. O peso relativo do volume total de consumos galegos no total estatal acadou o 6,7%, en tanto que no caso do volume total da cifra de negocios, ingresos de explotación e de gastos de explotación, este chega ó 6,2% e no caso dos gastos de persoal, a súa importancia relativa no total estatal é do 5,2%. Cómpre salientar ditas porcentaxes, tendo en conta que a participación da economía galega no total estatal foi no ano 2002 do 5,38%.

O índice de produción industrial amosa que, segundo o destino económico, os bens de consumo duradeiro e os bens enerxéticos son os que presentan unha medra superior á rexistrada polo conxunto do sector enerxético, con 10,3% e 5,3%, respectivamente (o índice industrial medra un 3,8%). O índice de produción industrial para os bens de equipamento medra un 3,5%, sendo do 3,3% no caso dos bens de consumo e do 3,2% no dos bens intermedios.

Finalmente, concretando a análise do sector coas variables empresariais consideradas polo Ardán, o sector industrial galego, composto polos subsectores enerxético, bens de equipamento, intermedios

e bens de consumo, está formado por 4.084 empresas (non se consideran as industrias relacionadas co sector primario, analizadas ó estudialo mesmo), o que representa o 30,2% do total das empresas seleccionadas para o conxunto de Galicia. O seu emprego medio foi de 31 traballadores por empresa segundo os datos facilitados por elas mesmas.

A conta de explotación agregada das empresas do sector industrial amosa que no ano 2002 as empresas do sector industrial, consideradas no seu conxunto, presentaron unha medra do seu resultado neto do exercicio do 3,8% para situarse nos 648,1 millóns de euros. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos se incrementa un 7,0% acadando os 867,2 millóns de euros, namentres que o resultado de actividades ordinarias medrou un 8,9% para situarse en 1.186,2 millóns de euros.

As empresas industriais xeraron un VEB a custo de factores de 4.270,9 millóns de euros no ano 2002 (o 42,7% do total xerado polas empresas galegas consideradas), e uns ingresos de explotación de 23.011,2 millóns de euros (o 46,4%).

C.3.20.

Resumo do sector industrial 2001-02: taxas de crecemento nominal

	Sector Industrial	Energía	Bens de equipamento	Bens intermedios	Bens de consumo
	(%)				
Ingresos de explotación	6,33	2,76	1,80	8,02	14,45
VEB	9,68	30,83	1,63	8,39	19,18
Gastos de persoal	6,40	7,95	2,31	10,95	11,25
Rtdo. neto do exercicio	3,84	45,83	-74,47	-6,73	11,31
Rtdo. de actividades ordinarias	8,89	48,69	-16,64	1,26	18,81
Rtdo. antes de impostos	6,95	49,17	-72,42	-6,77	18,51
Rendibilidade Económica	↓	↓	↓	↑	↓
Rendibilidade Financeira	↓	↓	↓	↓	↓
Gastos persoal / ingresos	↑	↓	↑	↓	↓
Carga financeira / ingresos	↓	↓	↓	↓	↓

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

C.3.21.

Investimento e financiamento nas empresas do sector industrial 2001-02: taxas de crecemento nominal

	Sector Industrial	Energía	Bens de equipamento	Bens intermedios	Bens de consumo
	(%)				
Activo total	12,41	15,4	8,51	13,85	15,41
Activo fixo (neto)	10,03	15,02	3,34	16,45	8,02
Circulante neto	14,34	16,88	10,97	11,99	22,48
Financiamento permanente	14,68	9,22	14,76	14,88	18,37
Fondos propios	17,32	7,48	18,11	13,31	22,80
Recursos alleos l/p	7,97	10,29	7,06	15,87	-8,65
Ingresos distribuídos en varios exercicios	17,55	9,18	0,22	42,61	22,82
Acreedores a curto prazo	10,30	33,47	5,11	12,63	12,51
Fondo de rotación	77,39	-97,53	138,66	9,62	792,94

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

Comparado co ano anterior, o VEB medrou un 9,7%, 3,3 puntos máis do que o fan os ingresos de explotación, polo que o seu peso medra dende o 18,0% de 2001 ata o 18,6% do ano 2002.

Respecto o balance agregado das empresas deste sector, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 9,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 806,3 millóns de euros, un 77,4% superior ó existente o ano anterior. O 90,6% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 49,2% corresponde ó financiamento per-

manente, onde os fondos propios, que crecen un 17,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 34,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 8,0%, cun peso relativo do 13,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 15.365,2 millóns de euros, un 12,4% superior ó valor de 2001, dos que 6.748,9 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 10,0% superior respecto ó ano anterior). Os 8.616,4 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 14,3% en relación a 2001.

C.3.22.

Sector industrial 2001-02: estudio económico-financiero

Indicadores de nivel de actividad e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	4,11	5,94	21,63	26,92	15,11	18,53	2,88	3,08	0,96	0,97	2,97	3,51
2001	7,42	8,83	21,32	27,06	14,85	18,70	3,14	3,13	1,02	1,04	3,06	3,45

(%)

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
2002	5,70	5,82	3,07	3,30	1,74	1,72	14,09	14,60	2,12	2,22	2,28	2,38
2001	5,93	5,83	3,34	3,36	1,75	1,72	15,02	15,20	2,25	2,34	2,38	2,48

(%)

(%)

(1) Os datos corresponden á mediana (P₅₀). A mediana é o valor central da mostra do estudo.
Fonte: Ardán

C.3.23.

Sector industrial 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	2001	2002	02/01
	<i>(en millóns de €)</i>		<i>(%)</i>
Vigo	1.183,65	1.180,67	-0,3
Arteixo	765,88	930,58	21,5
A Coruña	288,89	322,62	11,7
Santiago	177,80	216,65	21,9
O Porriño	146,27	171,66	17,4
Narón	101,52	116,54	14,8
San Cibrao das Viñas	88,23	90,05	2,1
Lugo	79,19	85,11	7,5

Fonte: Ardán

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2002. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, ó reducirse o custo da débeda neste ano. Ó contrario do acontecido ano anterior, neste ano as rendibilidades económica e financeira das empresas do sector industrial consideradas son lixeiramente inferior ás rexistradas polas 13.534 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

Vigo, mercede, fundamentalmente, ás industrias relacionadas coa automoción, é o principal núcleo de localización das empresas segundo a xeración do valor engadido bruto, con 1.180,7 millóns de euros, un 0,3% menos que no ano anterior. O VEB xerado polas empresas de automoción en Vigo ascendeu en 2002 a 793,9 millóns de euros, o que representa o 67,2% do VEB xerado neste municipio polo sector industrial.

Séguelle en importancia Arteixo, cun VEB xerado de 930,6 millóns de euros, dos que o 95,1% (885,1 millóns de euros) é aportado polas empresas do sector téxtil.

As 2.080 empresas que compoñen o subsector de bens de equipamento experimentaron, en conxunto, unha permanente caída do seu resultado neto do exercicio (74,5%), do resultado de actividades ordi-

narias (-16,6%) e do resultado antes de impostos (72,4%). Estas empresas xeraron un VEB de 1.794,2 millóns de euros (un 1,6% máis que en 2001), o que representa o 42,0% do VEB industrial.

Dentro do subsector industrial de bens de equipamento salientan, pola súa importancia en Galicia, os subsectores automoción e naval, que representan o 28,5% e 4,4%, respectivamente, do VEB industrial.

O subsector de bens intermedios presenta unha caída do resultado neto do exercicio e do resultado antes de impostos de case un 7%, en tanto que o resultado de actividades ordinarias medra un 1,3%. As 987 empresas que compoñen este subsector xeraron un VEB de 853,1 millóns de euros (un 8,4% máis que en 2001), o que significa o 20,0% do VEB industrial.

Dentro deste subsector cómpre salienta-la importancia da industria extractiva, onde as 484 empresas consideradas xeran o 10,3% do VEB industrial.

No subsector de bens de consumo, o resultado neto do exercicio das 863 empresas consideradas medrou un 11,3%, mentres que o resultado de actividades ordinarias o fixo nun 18,8%. O VEB medrou un 19,2% en relación ó ano 2001.

As 595 empresas da industria téxtil,

pertencentes a este subsector de bens de consumo, acollen o 28,2% do VEB industrial.

As 154 empresas enerxéticas consideradas presentan un crecemento do resultado neto do exercicio do 45,8%, sendo esta medra do 48,7% no caso do resultado de actividades ordinarias. O VEB presentou unha medra do 30,8%, 28 puntos porcentuais superior ó rexistrado polos ingresos de explotación.

Pola súa banda, as rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden en tódolos subsectores agás no de bens intermedios, onde medra a rendibilidade económica e descende a rendibilidade financeira.

Construcción

Cadros C.3.4., C.3.9., C.3.24. e C.3.25.

A poboación ocupada no sector da construción caeu en 2003 un 3,0% ata as 129,4 miles de persoas, sendo o seu peso relativo no total galego do 11,7% fronte ó 12,4% de 2002. En termos absolutos, o descenso da ocupación entre ámbolos dous anos considerados foi de 4,0 miles de persoas.

A licitación oficial de tódalas administracións, considerada como un estimador da tendencia de actividade nos próximos meses, foi un 25,7% superior á rexistrada en Galicia no ano 2002. A diferenza do acontecido no ano anterior, esta medra prodúcese tanto polo crecemento da licitación pública total da obra civil, que aumenta un 29,3%, como pola licitación pública en edificación, que aumenta un 16,1%.

A licitación oficial da administración autonómica redúcese un 15,8% respecto ó ano anterior, producíndose esta caída tanto no caso da licitación pública en obra civil

(19,9%) como da licitación total da obra en edificación (12,8%).

Respecto ó consumo de cemento, ó longo do ano 2003 consumíronse en Galicia un total de 2.917,7 miles de toneladas, o que representa o 6,3% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 5,6% en Galicia fronte a un crecemento do 4,8% no conxunto do Estado.

No eido da construción residencial prodúcese unha caída das vivendas rematadas e, pola contra, unha medra das iniciadas e visadas.

Atendendo ó criterio de selección de empresas realizado por Ardán, o sector da construción acolle un total de 3.984 empresas (o 29,4% do total de empresas seleccionadas), cun emprego medio de 21 traballadores. O VEB a custo de factores xerado por estas empresas ascendeu a 2.393,7 millóns de euros, que representa o 23,9% do VEB total xerado polo conxunto de empresas galegas consideradas.

A conta de explotación agregada das empresas constructoras reflicte que 2002 foi un bo ano para as empresas do sector, sendo o sector máis dinámico daquel ano. Por unha banda, o resultado neto do exercicio (425,4 millóns de euros) e o resultado de actividades ordinarias (610,1 millóns) medraron en torno ó 31%, e o resultado antes de impostos (617,4 millóns) o fixo preto do 28% en relación ó ano precedente.

Por outra, o crecemento do VEB no ano 2002 medrou un 13,3% e os ingresos de explotación crecen un 21,5%. O peso relativo do VEB descende dende o 28,1% de 2001 ata o 26,2% de 2002.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o

C.3.24.

Sector construcción e obras públicas 2001-02: estudio económico-financieiro
Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega
2002	9,90	5,94	33,39	26,92	24,58	18,53	3,74	3,08	1,10	0,97	3,56	3,51
2001	12,84	8,83	34,15	27,06	26,03	18,70	3,70	3,13	1,19	1,04	3,42	3,45

(%)

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega
2002	6,26	5,82	3,88	3,30	1,65	1,72	18,91	14,60	2,22	2,22	3,21	2,38
2001	5,97	5,83	3,79	3,36	1,63	1,72	18,09	15,20	2,35	2,34	3,40	2,48

(%)

(1) Os datos corresponden á mediana (P₅₀). A mediana é o valor central da mostra do estudio
 Fonte: Ardán

C.3.25.

Sector construcción e obras públicas 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
A Coruña	354.168,3	445.769,7	25,9
Vigo	264.169,0	306.707,4	16,1
Pontevedra	218.312,9	222.558,3	1,9
Ourense	124.675,9	137.214,4	10,1
Santiago	106.575,1	123.904,8	16,3
Arteixo	72.274,9	79.361,4	9,8
Lugo	67.120,6	72.128,1	7,5
O Porriño	49.125,0	55.286,4	12,5

Fonte: Ardán

financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 27,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 2.049,3 millóns de euros, un 18,1% superior ó existente no ano anterior. O 72,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo.

No concernente ás fontes de financiamento, o 43,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 24,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 18,7%, cun peso relativo do 18,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 9.417,5 millóns de euros, un 6,9% superior ó valor de 2001, dos que 2.015,5 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,9% superior respecto ó ano anterior). Os 7.402,0 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 4,9% con relación a 2001.

As rendibilidade económica e financeira antes de impostos seguen a aumentar en 2002 por riba do que o fai o conxunto de empresas consideradas por Ardán. A rendibilidade económica ascendeu en 2002 ó 6,26% fronte ó 5,82% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira, as porcentaxes foron do 18,91% e do 14,60% no caso das empre-

sas do sector da construción e no caso global de Galicia, respectivamente.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas é A Coruña, cun total de 445,8 millóns de euros, un 25,9% máis que no ano anterior, seguido de Vigo e Pontevedra, cun valor engadido bruto xerado de 306,7 e 222,6 millóns de euros, respectivamente. Entre os tres núcleos de localización acollen o 40,7% do VEB total xerado polas empresas constructoras analizadas.

Servizos

Cadros C.3.26. a C.3.30.

As consideracións sobre o sector servizos agrúpanse segundo os seus cinco grandes subsectores: comercio, turismo, transporte e comunicacións, servizos empresariais e, finalmente, os servizos relacionados coa educación e a saúde.

• Comercio

O número de persoas ocupadas nas actividades de comercio por xunto e polo miúdo representou o 22,3% (139,6 miles de persoas) dos traballadores ocupados nas actividades englobadas no sector servizos.

Segundo os datos do Dirce (INE), a 1 de xaneiro de 2003 o número de locais e empresas dedicados ó comercio por xunto

C.3.26.

Locais maioristas nas CC.AA. 2002-03 ⁽¹⁾: distribución segundo actividade principal ⁽²⁾

	Total 2002	Total 2003	Intermediarios de comercio	Materias primas agrarias e de animais vivos	Productos alimenticios, bebidas e tabaco	Productos de consumo non alimenticios	Productos agrarios semielaborados	Maquinaria e equipamento	Outros
Andalucía	31.734	33.374	7.932	2.019	9.692	5.632	4.391	3.400	308
Aragón	6.914	7.079	1.639	758	1.405	1.171	1.047	1.011	48
Asturias	4.845	4.915	1.358	449	950	751	791	571	45
Baleares	4.599	4.899	1.172	167	1.230	1.180	654	456	40
Canarias	9.716	10.078	1.792	284	3.276	2.518	1.017	1.069	122
Cantabria	2.271	2.355	611	208	572	358	380	210	16
Castela-A Mancha	7.846	11.450	2.099	1.703	3.088	1.397	1.832	1.266	65
Castela e León	11.192	8.202	1.520	931	2.276	1.120	1.482	817	56
Cataluña	43.942	45.007	12.834	1.636	6.619	11.010	6.062	6.227	619
C. Valenciana	26.251	27.305	6.949	1.102	5.183	6.389	4.476	2.911	295
Extremadura	4.685	4.410	740	563	1.348	531	769	429	30
Galicia	14.575	15.038	2.778	1.340	3.991	2.389	2.694	1.754	92
Madrid	30.123	32.416	7.944	596	4.550	10.082	3.680	4.946	618
Murcia	6.847	7.247	1.789	446	2.143	1.033	1.024	733	79
Navarra	2.484	2.451	487	227	608	346	442	311	30
País Vasco	11.810	11.747	3.603	222	2.202	1.643	2.098	1.739	240
A Rioxa	1.811	1.899	545	103	521	255	274	183	18
Ceuta e Melilla	803	869	107	11	266	297	142	29	17
Total	222.448	230.741	55.899	12.765	49.920	48.102	33.255	28.062	2.738

(1) Os datos fan referencia a 1 de xaneiro de cada ano

(2) CNAE-93 grupo 52 "Comercio por xunto e Intermediarios de comercio, agás comercio vehículos motore motocicletas"

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

e intermediarios de comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas (actividade 51 da CNAE-93) ascendeu en Galicia a 15.038 e 13.338, respectivamente, o que supuña o 6,5% do total de locais e empresas de España. O número total de empresas pertencentes ó grupo de actividade de "comercio polo miúdo, agás comercio vehículos motor, motocicletas e ciclomotores" (grupo 52, CNAE 93) ascendeu a 36.017 empresas, o 6,6% do total estatal.

Atendendo ós datos do Índice de vendas do comercio polo miúdo publicado polo IGE, o índice xeral amosa que en 2003 se rompe a tendencia de desaceleración dos niveis rexistrados nos últimos anos. No derradeiro ano este índice medra un 2,2% fronte ó 2,1% do ano anterior.

Atendendo á actividade principal das empresas comerciais, o índice de vendas en establecementos non especializados rexistrou un aumento medio do 5,8% respecto ó ano 2002, sendo este crecemento do 7,0% no caso das grandes superficies. O comercio especializado medra, en conxunto, un 0,1% respecto ó ano 2002, rexistrándose unha medra do 2,6% no caso do outros bens de consumo e un descenso nas outras actividades consideradas (-1,9% no de equipamento persoal e -1,5% no de alimentación).

• *Turismo*

Ó longo do ano 2003 Galicia rexistrou un importante crecemento no número de visitantes, rexistrándose o mesmo tanto no caso dos residentes en España como no estranxeiro. O número de viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros ascendeu nese ano a 3.040.532 persoas (428.076 máis que en 2002), dos que o 82,5% son residentes en España. En termos relativos, o número total de visitantes medrou un 16,4%, sendo esta medra do 17,4% no caso do turistas españois e do

12,0% no caso dos residentes no estranxeiro. No conxunto de España este incremento foi do 4,4% (5,9% no caso dos españois e 2,5% no dos residentes estranxeiros). No caso das pernoctacións o incremento rexistrado en Galicia é tan só sete décimas superior ó do España (3,1% e 2,4%, respectivamente).

Segundo os datos da EPA, o número de traballadores na actividade de "Hoteis, restaurantes e bares" representa o 9,2% (57,6 miles de ocupados) dos ocupados no sector servizos en 2003.

Respecto á situación da oferta turística de Galicia, en 2003 rexístrase un crecemento do número de prazas de aloxamento, que foi dun 6,2% no caso dos hoteis, do 14,1% nos establecementos de turismo rural ou do 9,6% no caso dos paradores. Asemade, cómpre salienta-la apertura de dous novos balnearios (Río Pambre, en Palas de Rei, e a ampliación e remodelación do de Guitiriz), o primeiro centro de talasoterapia de Galicia, en Oia, o que supón un incremento de 399 prazas (18,5%) e a apertura do parador de Monforte de Lemos.

Os datos empresariais reflicten que este grupo de actividades estaba composto por 668 empresas (fonte: Ardán) cun emprego medio de 17 traballadores. O seu valor engadido bruto a custo de factores ascendeu a 270,2 millóns de euros, un 1,9% máis que o xerado o ano anterior

• *Transporte e comunicacións*

En 2003 as actividades de "transporte e actividades anexas. Comunicacións" acollen o 9,0% do total dos ocupados no sector servizos.

No concernente ós transportes e actividades anexas, en 2003 prodúcese un aumento do tráfico de pasaxeiros no caso do transporte marítimo nos portos de inte-

C.3.27.

Viaxeiros, pernactacións e estadia media en establecementos hoteleiros 2002-03

2002

	Viaxeiros		Pernactacións		Estadia media
	Total	Residentes en España	Total	Residentes en España	
Galicia	2.612.456	2.138.408	6.283.580	5.309.607	2,40
A Coruña	1.049.112	787.410	2.511.447	2.002.259	2,39
Lugo	413.874	378.355	706.524	653.291	1,71
Ourense	199.824	184.873	424.237	389.239	2,12
Pontevedra	949.646	787.770	2.621.372	2.264.818	2,76
España	59.868.812	33.258.122	222.554.780	86.718.386	3,72

2003 (1)

	Viaxeiros		Pernactacións		Estadia media
	Total	Residentes en España	Total	Residentes en España	
Galicia (2)	3.040.532	2.509.631	6.458.257	5.467.851	2,12
A Coruña	1.319.824	1.013.868	2.655.201	2.113.253	2,01
Lugo	377.892	342.128	617.855	567.815	1,64
Ourense	257.302	238.405	477.661	431.120	1,66
Pontevedra	1.085.514	915.230	2.707.540	2.355.663	2,49
España	62.490.261	35.223.504	227.870.818	91.036.883	3,65

(1) datos provisionais

(2) información procedente do declarativo sobre totais de entradas de viaxeiros e pernactacións do mes
Fonte: INE, Encuesta de ocupación hoteleira

C.3.28.

Oferta turística 2002-03: distribución segundo tipo de establecemento

	2002			2003		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
Hoteis	534	20.864	37.582	582	22.263	39.909
Hostais e pensións	721	10.478	17.979	739	10.513	18.095
Fondas e casas de hóspedes	1.034	7.431	12.576	866	6.435	10.898
Campings	108		30.445	112		33.314
Apartamentos	45	571	2.087			
Establecementos de turismo rural	383	2.240	4.397	444	2.554	5.017
Cidade de vacacións	1	316	752	4	436	937
Paradores	9	553	1.066	10	598	1.168
Balnearios				11	714	1.342
	número		prazas	número		prazas
Restaurantes	4.977		301.666	5.108		313.056
Cafeterías	1.502		92.696	1.521		94.007

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Dirección Xeral de Turismo

C.3.29.

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2002-03: datos xerais

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)
Estrada (1) <i>(en miles de Tm.)</i>	78.967	83.115	5,3	<i>(en miles de persoas)</i> 56.836	57.784	1,7
Ferrocarril (2)	3.445.910	3.759.889	9,1	5.891.319	5.638.152	-4,3
Marítimo (3) <i>(en Tm.)</i>	29.434.803	28.589.696	-2,9	<i>(en persoas)</i> 104.110	121.161	16,4
Marítimo (4)	1.505.153			645.041		
Aéreo (5)	7.351.824	6.994.915	-4,9	2.513.250	2.721.407	8,3

(1) Os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ó transporte urbano en autobús

(2) sumados orixe e destino

(3) tráfico nos portos do Estado

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.

(5) No caso dos pasaxeiros non se inclúen pasaxeiros en tránsito directo internacional nin Outras Clases de Tráfico (OTC), e no caso das mercadorías, non se inclúen as mercadorías en OTC

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Puertos del Estado, Portos Galicia, Renfe e AENA

C.3.30.

Usuarios de Internet (1) nas CC.AA. 2000-03

	2000	2001	2002	2003
	(% da poboación rexional)			
Andalucía	10,1	18,2	20,3	25,6
Aragón	12,2	18,1	20,6	28,8
Asturias	10,7	22,7	20,5	23,7
Baleares	13,7	21,9	24,7	28,5
Canarias	11,7	19,1	24,6	26,1
Cantabria	9,3	19,1	23,0	25,5
Castela e León	8,8	16,0	20,0	23,5
Castela-A Mancha	8,3	12,3	14,6	19,1
Cataluña	18,6	26,6	27,1	30,8
Comunidade Valenciana	12,5	21,6	20,8	22,1
Estremadura	6,9	14,0	15,6	22,0
Galicia	8,2	14,6	18,9	23,6
Madrid	16,3	23,4	27,0	35,2
Murcia	8,0	18,5	18,9	23,6
Navarra	13,8	17,3	20,9	25,5
País Vasco	14,0	25,1	27,1	29,1
A Rioxa	17,3	24,3	23,3	17,5

(1) uso nos últimos 30 días

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

rese xeral (16,4%), aéreo (8,3%) e por estradas (1,7%), mentres que descende o número de viaxeiros no caso do transporte ferroviario (-4,3%). En relación ó transporte de mercadorías, descende o tráfico de mercadorías no caso do transporte marítimo (un 2,9%) e aéreo (4,9%), aumentando no caso do ferrocarril (un 9,1%) e do transporte por estradas (5,3%).

O subsector transporte e servizos asociados estaba composto por un total de 693 empresas (fonte: Ardán) cun emprego medio de 21 traballadores. O VEB xerado por elas ascendeu en 2002 a 503,0 millóns de euros, un 7,3% máis que no ano anterior.

Respecto ás comunicacións, salienta a medra no número de usuarios da rede internet no ano 2003, que pasa do 18,9% da poboación rexional no ano 2002 ó 23,6% de 2003. Non obstante, segue estando por debaixo da media estatal, sendo a sexta comunidade que menos usa “a rede”, só por diante de A Rioxa, Castela-A Mancha, Estremadura, C. Valenciana e Castela e León, e igualada con Murcia.

Un total de 474 empresas formaban este grupo de actividades (fonte: Ardán), xerando un VEB a custo de factores de 224,5 millóns de euros, un 12,7% máis que en 2001. O emprego medio destas empresas nese ano ascendeu a 22 traballadores.

• *Servizos empresariais*

A poboación ocupada nas actividades de servizos empresariais ascendeu a 129,8 miles de persoas no ano 2003, fronte ás 119,7 miles de persoas do ano anterior. A súa importancia relativa no total da ocupación galega nos servizos foi do 20,8%.

O subsector servizos empresariais está formado en 2002 por 523 empresas (fonte: Ardán), que, cun emprego medio

de 37 traballadores por empresa, xeraban un total de 429,1 millóns de euros (un 14,0% superior ó xerado no ano anterior).

• *Educación e sanidade*

A poboación ocupada nas ramas de actividade da educación e sanidade (actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais) acollían no ano 2003 un total de 57,5 e 57,7 miles de persoas, o que supón que en conxunto acollen o 18,4% da poboación ocupada galega no ano 2003 no sector servizos. Comparado co ano anterior, prodúcese unha medra da poboación ocupada tanto no caso da educación (2,6 miles de persoas) coma da sanidade (1,4 miles de persoas menos).

O sector privado dos servizos da educación e servizos relacionados coa saúde acollía, segundo os datos de Ardán, un total de 232 empresas (80 correspondentes ó subsector da educación e 152 ós servizos relacionados coa saúde). O VEB xerado polas empresas pertencentes á actividade da educación ascendeu a 40,3 millóns de euros (un 23,2% máis que no ano anterior) sendo o seu emprego medio de 22 traballadores por empresa. As 152 empresas dos servizos relacionados coa saúde, cun emprego medio de 39 traballadores, xeraron un VEB total de 166,3 millóns de euros, un 11,8% máis que no ano anterior. ■

C.4. sector público e benestar social

Os presupostos da Comunidade Autónoma e dos Entes Locais Territoriais

Cadros C.4.1. e C.4.3.

O presuposto da Comunidade Autónoma do ano 2003 ten como referencia, respecto á planificación de obxectivos e liñas de actuación, o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (2000-2006).

No ano 2003, a **capacidade de auto-financiación** da Comunidade Autónoma acada o 40% do total dos seus ingresos non financeiros. O 30,5% do total dos seus recursos propios corresponden ó IVE e o 22% ó IRPF. O novo modelo de financiamento autonómico, que entrou en vigor en 2002, supón un aumento significativo, aínda que non suficiente, da autonomía financeira, xa que a Comunidade Autónoma segue a depender das transferencias de recursos alleos nun 60%.

O **orçamento consolidado** (Admi-

C.4.1.

Conta financeira da Comunidade Autónoma 2002-03

	2002	2003	03/02	
	(en miles de €)			(%)
1 Operacións correntes				
Ingresos	6.260.460	6.549.747	289.287	4,6
Impostos directos	800.603	822.702	22.099	2,8
Impostos indirectos	1.700.474	1.836.096	135.622	8,0
Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	185.614	186.032	418	0,2
Transferencias correntes	3.562.707	3.691.533	128.826	3,6
Ingresos patrimoniais	11.062	13.384	2.322	21,0
Gastos	5.315.961	5.527.857	211.896	4,0
Gastos de persoal	2.343.271	2.440.042	96.771	4,1
Gastos en bens correntes e servizos	814.728	857.097	42.369	5,2
Gastos financeiros	156.871	154.257	-2.614	-1,7
Transferencias correntes	2.001.091	2.076.461	75.370	3,8
Aforro por operacións correntes	944.499	1.021.890	77.391	8,2
2 Operacións de capital				
Ingresos	719.092	785.013	65.921	9,2
Alleamento de investimentos reais	68.135	78.104	9.969	14,6
Transferencias de capital	650.957	706.909	55.952	8,6
Gastos	1.582.968	1.713.514	130.546	8,2
Investimentos reais	749.961	849.262	99.301	13,2
Transferencias de capital	833.007	864.252	31.245	3,8
Deficit por operacións de capital	863.876	928.501	64.625	7,5
Necesidades de financiamento	80.623	93.389	12.766	15,8
3 Operacións financeiras				
Recursos financeiros	217.613	414.313	196.700	90,4
Activos financeiros	6.665	665	-6.000	-90,0
Pasivos financeiros	210.948	413.648	202.700	96,1
Atencións financeiras	298.235	507.702	209.467	70,2
Activos financeiros	87.287	94.054	6.767	7,8
Pasivos financeiros	210.948	413.648	202.700	96,1
Financiamento	80.622	93.389	12.767	15,8
4 Endebedamento neto				
Endebedamento bruto	210.948	413.648	202.700	96,1
Amortizacións	210.948	413.648	202.700	96,1
Endebedamento neto	-	-	-	-

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

nistración Xeral e mailos seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003 ascendeu a 7.749.074 miles de euros, un 7,7% superior ó do ano 2002, o que representa o 21,2% do VEB galego a prezos básicos (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 2.816,72 euros/habitante.

En termos comparativos, o orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia representa o 7,1% do total dos orzamentos consolidados de tódalas comunidades autónomas e, en termos de euros/habitantes é un 5,7% superior a media do Estado.

Igual que o ano anterior, estímase unha situación inicial de capacidade de financiamento, que se cifra en 93.389 miles de euros, e sen endebedamento neto.

Todo o endebedamento bruto (413.649 miles de euros) aplícase á amortización da débeda. Isto significa un ano máis, cadralo obxectivo do déficit cero.

A débeda en Galicia, segundo o avance do Banco de España, foi de 3.156,3 millóns de euros, un 0,8% máis que no ano anterior. Esta cantidade significa o 7,2% do endebedamento total das Comunidades Autónomas españolas. O endebedamento por habitante acadou os 1.147,28 euros, un 0,3% superior á media de endebedamento por habitante do conxunto das Comunidades Autónomas. En termos do PIB, a débeda acumulada autonómica galega sitúase no 8,0% do noso PIB a prezos de mercado (prezos correntes), só superada pola C. Valenciana co 10,6% (a media das CC.AA. españolas foi do 5,9%) [fonte: INE, Contabilidad Regional].

C.4.2.

Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2002-03: distribución económica

		2002		2003		03/02	
		importe		valor relativo		importe	
		(en miles de €)		(%)		(%)	
Ingresos							
I	Impostos directos	800.603	822.702	11,1	10,6	22.099	2,8
II	Imposto indirectos	1.700.474	1.836.096	23,6	23,7	135.622	8,0
III	Taxas, prezos e outros ingresos	185.614	186.032	2,6	2,4	418	0,2
IV	Transferencias correntes	3.562.707	3.691.533	49,5	47,6	128.826	3,6
V	Ingresos patrimoniais	11.062	13.385	0,2	0,2	2.323	21,0
	Total operación correntes	6.260.460	6.549.748	87,0	84,5	289.288	4,6
VI	Alleamento de investimentos reais	68.135	78.104	0,9	1,0	9.969	14,6
VII	Transferencias de capital	650.957	706.909	9,0	9,1	55.952	8,6
	Total Ingresos non financeiros	6.979.552	7.334.761	97,0	94,7	355.209	5,1
VIII	Activos financeiros	6.665	665	0,1	0,0	-6.000	-90,0
IX	Pasivos financeiros	210.948	413.648	2,9	5,3	202.700	96,1
	Total Ingresos Financeiros	217.613	414.313	3,0	5,3	196.700	90,4
	Total Operacións de Capital	936.705	1.199.326	13,0	15,5	262.621	28,0
Total		7.197.165	7.749.074	100	100	551.909	7,7
Gastos							
		2002		2003		03/02	
		importe		valor relativo		importe	
		(en miles de €)		(%)		(%)	
I	Gastos de persoal	2.343.271	2.440.042	32,6	31,5	96.771	4,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	814.728	857.097	11,3	11,1	42.369	5,2
III	Gastos financeiros	156.871	154.257	2,2	2,0	-2.614	-1,7
IV	Transferencias correntes	2.001.091	2.076.462	27,8	26,8	75.371	3,8
	Total operación correntes	5.315.961	5.527.858	73,9	71,3	211.897	4,0
VI	Investimentos reais	749.961	849.262	10,4	11,0	99.301	13,2
VII	Transferencias de capital	833.007	864.252	11,6	11,2	31.245	3,8
	Total operacións non financeiras de capital	1.582.968	1.713.514	22,0	22,1	130.546	8,2
	Total Gastos non Financeiros	6.898.929	7.241.372	95,9	93,4	342.443	5,0
VIII	Activos financeiros	87.288	94.054	1,2	1,2	6.766	7,8
IX	Pasivos financeiros	210.948	413.648	2,9	5,3	202.700	96,1
	Total operacións financeiras de capital	298.236	507.702	4,1	6,6	209.466	70,2
	Total Gastos Financeiros	298.236	507.702	4,1	6,6	209.466	70,2
	Total Operacións de Capital	1.881.204	2.221.216	26,1	28,7	340.012	18,1
Total		7.197.165	7.749.074	100	100	551.909	7,7

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

A carga financeira da débeda pública nos orzamentos de 2003 situouse en 565.781 miles de euros, 152.133 miles de euros de gastos financeiros e 413.648 miles de euros de amortización da débeda. A carga financeira que supuxo o 8,6% dos ingresos correntes presupostados, aumentando un 55,5% (201.620 miles de euros) respecto do ano anterior.

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: “(aforro por operacións correntes–endebedamento neto)/gastos por operacións de

capital”, mantense no 59,6%, no exercicio de 2003.

Os ingresos por operacións correntes (6.549.748 miles de euros) experimentaron un incremento de 289.288 miles de euros, un 4,6% superior ó exercicio anterior. Os ingresos polo total das operacións de capital (1.199.326 miles de euros) aumenta en 262.621 miles de euros, un 28% máis que o ano anterior.

No capítulo de transferencias de capital cabe destaca-los 155.274 miles de

C.4.3.

Gastos municipais 2002: distribución provincial

	Habitantes					Total
	< de 5.000	de 5.001 a 20.000	de 20.001 a 50.000	de 50.001 a 100.000	de 100.001 a 500.000	
	(en €/habitante)					
A Coruña	487,89	502,55	574,51	650,84	680,77	573,00
Lugo	467,28	469,13	-	796,30	-	548,32
Ourense	455,53	432,45	-	-	579,79	489,35
Pontevedra	402,81	476,98	434,10	146,49	589,02	470,68
Total Galicia	456,97	483,44	504,63	576,01	621,99	524,86
Total España	995,03	840,87	860,08	881,05	750,41	852,65
Galicia /España (%)	45,9	57,5	58,7	65,4	82,9	61,6

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe económico-financiero de las Administraciones Territoriales 2002

euros, do concepto do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), cun incremento de 14.674 miles de euros respecto ó ano anterior, o que representa o 16,2% da dotación total do FCI para o ano 2003, por riba da participación de Galicia, no ano 2002, que foi do 15,7%. O FCI acada para a Comunidade Autónoma un importe, per cápita, de 57,2 euros, por riba da media (40,6 euros per cápita) das comunidades autónomas que participan en ditos fondos.

As transferencias de capital dos Fondos Europeos, no ano 2003, evolucionaron do seguinte xeito:

- As transferencias estimadas do FEDER P.O., acadan os 172.686 miles de euros, un 1,9% (3.257 miles de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do FEOGA acadan os 178.784 miles de euros (56.143 miles de euros, na sección garantía e 122.640 miles de euros, na sección, un 6% (10.199 miles de euros) máis que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do IFOP acadan os 77.009 miles de euros, un 0,1% menos que o ano anterior.
- As transferencias estimadas do Fondo de Cohesión acadan uns ingresos de 41.236 miles de euros, un 33,8% (10.421 miles de euros) máis que o ano anterior.

Os gastos por operacións non financeiras de capital acadan os 1.713.514

miles de euros (un 8,2% –130.546 miles de euros– máis que en 2002), o que equivale ó 4,7% do VEB galego a prezos básicos, prezos correntes (fonte: IGE). Os investimentos reais aumentan respecto ó ano anterior un 13,2% (99.301 miles de euros) ata acada-los 849.262 miles de euros. As transferencias de capital medran un 3,8% (31.245 miles de euros), acadando os 864.252 miles de euros.

O 48,9% do orzamento consolidado (3.789.976 miles de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (849.262 miles de euros), as transferencias de capital (864.252 miles de euros) e as transferencias correntes (2.076.462 miles de euros).

Se se analizan os orzamentos dende a perspectiva das políticas de gasto, cómprese que as políticas sanitaria e do ensino, dúas políticas prioritarias para mellora-lo benestar social de vida da cidadanía galega, teñen un crecemento inferior á media orzamentaria (5,2% e 3,5%, respectivamente, sobre o presuposto consolidado) polo que perden peso sobre o conxunto do orzamento.

O desequilibrio entre as necesidades e os recursos previstos nos orzamentos, evidénciase especialmente nos recursos destinados á función “Infraestructuras básicas e do transporte” que medran 3,1%, 4,6 puntos por debaixo da media orzamen-

C.4.4.

Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social 2003

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Cotizacións sociais	3.547.257,1	1.527.291,3	384.489,9	363.497,4	1.271.978,4
Réxime Xeral	2.586.027,1	1.147.184,7	254.999,1	259.930,9	923.912,3
Réxime especial de traballadores autónomos	457.677,4	184.808,1	57.944,5	59.922,6	155.002,2
Réxime especial agrario	88.955,4	30.977,5	32.393,4	9.526,2	16.058,4
Réxime especial de traballadores do mar	75.916,8	18.995,2	7.312,3	15,0	49.594,2
Réxime especial da minería do carbón	2.322,0	2.031,8	113,1	68,5	108,6
Réxime especial de empregados de fogar	21.185,1	8.675,3	2.832,3	3.206,6	6.471,1
Accidentados de traballo e enferm. profesionais	22.668,5	8.866,9	2.953,6	2.710,1	8.137,9
Cotizacións de desempregados	292.504,8	125.751,8	25.941,6	28.117,6	112.693,7
Taxas e outros ingresos	41.331,9	16.631,7	4.811,4	4.907,1	14.981,6
Transferencias correntes	1.843,1	1.055,2	346,8	149,3	291,8
Ingresos patrimoniais	98,2	82,1	16,0	0,1	-
Enaxenación de investimentos reais	70,1	70,1	-	-	-
Activos financeiros	330,1	131,3	50,2	37,4	111,2
Totais	3.590.930,4	1.545.261,8	389.714,4	368.591,2	1.287.363,0

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

taria do presuposto consolidado. Parece un crecemento cativo para a realización das grandes obras de infraestrutura necesarias para Galicia que implicarían, pola súa vez, dar un pulo á actividade e ó emprego.

Por último, cómpre destacar que os orzamentos destinados a investigación, só o 0,83% do total, resultan insuficientes co obxectivo de potencia-la sociedade da información e as novas tecnoloxías.

Os Entes Locais Territoriais galegos anotan para o último ano dispoñible (2002) un índice de gasto por habitante do 61,6% da media española, facéndose especialmente acusado para os concellos de menos de 5.000 habitantes, con 45,9%. Este índice non chega ó 60% no caso dos concellos cun número de habitantes entre 5.001 e 50.000 habitantes, e acada o 65,4% no caso dos concellos cunha poboación entre 50.001 e 100.000 habitantes e o 82,9% da media española no caso dos concellos entre 100.001 e 500.000 habitantes.

Seguridade Social: dereitos e obrigas

Cadros C.4.4. a C.4.9.

Ó longo do ano 2003 continuou a tendencia ó aumento do número de perso-

as afiliadas á Seguridade Social. En Galicia, a media anual de afiliados á Seguridade Social nese ano acadou un máximo, con 947.125 persoas afiliadas, 23.264 cotizantes máis ca no ano anterior, o que supón un incremento do 2,5%.

O número de cotizantes á Seguridade Social en Galicia é un 14,3% inferior á ocupación estimada pola EPA (13,8% en 2002), sendo esta diferenza de 0,5% no conxunto do Estado (0,8% en 2002). Isto débese, en parte, ó forte peso que as denominadas axudas familiares (categoría na que non é obrigatorio estar de alta na Seguridade Social no suposto de traballos esporádicos) teñen no emprego galego.

O peso relativo destas axudas familiares no total da poboación ocupada galega é do 2,8% en tanto que no conxunto do Estado esta porcentaxe ascende ó 1,6% (unha décima menos que en 2002).

A devandita diferenza constátase no sector primario, onde hai cerca de 42,4 miles de afiliados e afiliadas menos nos réximes especiais agrario e do mar que persoas ocupadas no sector primario. En 2003 o réxime especial agrario experimentou un descenso de 2.385 cotizantes respecto ó ano 2002 (un 3,6%), sendo a caída de 180 cotizantes no caso do réxime especial do mar (0,6%).

C.4.5.

Beneficiarios e importe medio das prestacións 2002-03: distribución segundo tipo de cobertura

	2002		2003	
	número <i>(en miles de prestacións)</i> <i>(media anual)</i>	importe medio <i>(en €)</i> <i>(media mensual)</i>	número <i>(en miles de prestacións)</i> <i>(media anual)</i>	importe medio <i>(en €)</i> <i>(media mensual)</i>
Pensións contributivas	679,0	430,29	683,2	454,43
Incapacidade permanente	57,8	507,09	59,0	538,44
Xubilación	430,1	479,89	430,1	504,54
Viuvez	165,2	307,21	167,9	331,03
Orfandade e favor familiar	25,9	220,19	26,2	233,59
Pensións non contributivas	54,2	302,76	54,4	310,38
Invalidez	21,8	324,47	21,5	331,85
Xubilación	32,4	288,19	32,9	296,33
LISMI	4,6	102,70	3,9	102,71
Pensións asistenciais	0,9		0,6	
Prestacións por desemprego	73,2		70,6	
Contributivas	35,4		38,7	
Subsidios	30,5		29,9	
Renta activa de inserción	7,2		2,0	
RISGA	<i>(beneficiarios a 31-12)</i> 4.310	<i>(media anual)</i> 278,44	<i>(beneficiarios a 31-12)</i> 4.499	<i>(media anual)</i> 286,76
Axudas de emerxencia social	2.113	785,56	1.834	960,16

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

O aumento do emprego asalariado en 2003 tradúcese nun incremento do número de cotizantes no réxime xeral que, con 21.416 novas persoas cotizantes –unha medra do 3,3%–, acada o 70,5% do total das persoas cotizantes do sistema.

O réxime especial de autónomos experimenta un crecemento de 3.835 novos cotizantes, cun aumento do 2,3%, mentres o réxime especial de empregadas do fogar experimenta un aumento de 601 persoas (4,3% máis).

Este incremento da afiliación posibilitou unha lixeira mellora da ratio cotizantes/pensionistas galegos, que no ano 2003 situouse en 1,39 persoas afiliadas ó sistema da seguridade social por cada pensión que aboa o sistema fronte ós 1,36 do ano 2002. Esta mellora non abonda para reduci-lo diferencial de Galicia en comparación coa media española, que no ano 2003 foi de 2,12 cotizantes por cada pensionista (2,08 en 2002).

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade

Social ó longo do 2003 en Galicia acadaron os 3.590,9 millóns de euros, dos que 3.547,3 millóns de euros corresponden ás cotizacións sociais. Desagregando estas segundo réxime de aplicación, as máis importantes son as do réxime xeral, con 2.586,0 millóns de euros (o 72,9% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 457,7 millóns de euros (12,9%) e as cotizacións de desempregados, con 292,5 millóns de euros (8,2%).

A provincia de A Coruña é a que rexistra uns maiores dereitos recoñecidos netos, con 1.545,3 millóns de euros, o que supón o 43,0% do total galego, seguida de Pontevedra, con 1.287,4 millóns de euros, o 35,9% do total. En Lugo e Ourense ascenden a 389,7 e 368,6 millóns de euros, respectivamente, o que significa o 10,8% e o 10,3% do total da comunidade.

No caso das obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en 2003 (4.981,2 millóns de euros), 4.889,4 millóns corresponden

C.4.6.

Pensiones da Seguridade Social nas CC.AA. 2002-03: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número: medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio: en €)

2002

	Totais		Incapacidade permanente (1)		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.227,1	477,91	173,7	567,98	657,0	541,70	332,1	356,65	64,3	209,33
Aragón	281,5	528,34	21,1	689,55	161,3	591,01	70,7	376,32	8,4	248,27
Asturias	283,9	625,94	30,9	764,73	163,0	636,54	79,9	391,03	10,1	276,02
Baleares	465,6	465,66	16,1	523,86	177,9	523,86	88,3	328,96	5,0	195,55
Canarias	209,6	495,59	21,0	552,24	177,9	523,86	88,3	328,96	1,0	245,73
Cantabria	121,1	533,89	11,0	621,12	72,8	616,73	32,3	361,88	5,0	245,73
Castela-A Mancha	316,1	473,00	26,9	533,47	188,7	530,83	86,9	368,13	13,6	221,22
Castela e León	565,1	498,19	41,9	623,82	353,3	558,41	148,4	356,90	21,5	238,94
Cataluña	1.362,1	531,48	142,7	605,74	834,6	598,40	348,9	369,77	35,9	229,04
Comunidade Valenciana	757,2	473,41	74,0	541,86	443,9	535,20	209,9	355,60	29,5	210,05
Extremadura	195,2	440,60	18,1	482,14	110,3	496,38	56,6	360,11	10,2	210,92
Galicia	679,0	430,29	57,8	507,09	430,1	479,89	165,2	307,21	25,9	220,19
Madrid	812,9	613,47	61,7	714,39	490,1	719,20	228,1	411,64	33,0	249,62
Murcia	198,8	459,56	27,9	482,93	110,6	527,41	51,4	344,23	8,8	206,75
Navarra	102,4	566,35	9,9	722,40	62,2	636,74	26,4	387,61	3,9	255,30
País Vasco	432,9	651,98	40,4	783,34	256,3	761,01	118,7	427,22	17,5	275,20
A Ríoxa	57,3	496,08	5,7	592,84	35,3	667,79	14,4	363,15	1,6	242,64
Ceuta e Melilla	14,0	552,26	1,6	715,64	6,7	663,77	4,3	384,56	1,1	203,50
Total	7.745,8	515,97	787,4	599,48	4.575,3	588,35	2.073,3	367,61	309,8	227,56
G/E (%)	8,8		7,3		9,4		8,0		8,4	

2003

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.242,9	504,65	177,0	600,27	663,2	569,15	337,8	382,05	64,9	222,96
Aragón	282,0	560,54	21,2	706,63	161,1	625,90	71,4	404,40	8,3	262,75
Asturias	283,4	661,45	31,5	807,71	161,0	774,44	80,8	425,33	10,2	295,13
Baleares	150,9	493,89	18,4	586,13	88,0	553,03	39,4	355,75	5,1	206,39
Canarias	213,8	512,67	24,8	561,76	112,9	603,85	61,6	394,05	14,5	222,40
Cantabria	121,5	566,34	11,5	667,13	72,4	649,11	32,7	393,57	4,9	262,67
Castela-A Mancha	318,1	499,05	27,4	565,09	188,8	559,04	88,0	391,44	13,8	234,64
Castela e León	565,5	526,41	41,8	660,53	352,1	586,33	150,0	382,63	21,5	253,99
Cataluña	1.376,4	504,46	142,4	616,07	842,6	533,49	354,5	399,99	36,6	242,30
Comunidade Valenciana	757,2	473,41	74,0	541,86	443,9	535,20	209,9	355,60	29,5	210,05
Extremadura	196,2	463,14	18,5	510,81	110,1	520,27	57,3	381,44	10,9	224,32
Galicia	683,2	454,43	59,0	538,44	430,1	504,54	167,9	331,03	26,2	233,59
Madrid	825,1	649,37	61,7	751,27	497,7	757,67	232,2	445,69	33,5	264,47
Murcia	201,4	485,04	27,8	512,84	112,2	553,80	52,4	368,83	9,0	218,28
Navarra	104,0	602,61	10,1	765,23	63,1	676,09	26,9	417,38	3,9	270,53
País Vasco	436,2	691,17	40,6	828,87	257,7	802,12	120,5	464,45	17,3	293,45
A Ríoxa	57,6	524,40	5,7	627,71	35,5	577,39	14,6	388,51	1,8	258,01
Ceuta e Melilla	14,1	583,13	1,7	755,35	6,7	718,16	4,6	415,14	1,1	213,72
Total	7.819,5	546,04	796,7	634,75	4.603,4	620,12	2.106,2	395,83	313,1	241,55
G/E (%)	8,7		7,4		9,3		8,0		8,4	

(1) desde decembro de 1997, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos figuran incluídas nas de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

C.4.7.

Pensiones non contributivas nas CC-AA. 2002-03: beneficiarios

	Beneficiarios totais		Invalidez (1)		Xubilación	
	2002 (en medias anuais)	03/02 (%)	2002 (en medias anuais)	03/02 (%)	2002 (en medias anuais)	03/02 (%)
Andalucía	109.010	0,6	47.876	-1,1	61.134	1,9
Aragón	10.879	-2,9	3.140	-1,0	7.738	-3,7
Asturias	11.744	-2,5	5.462	-1,6	6.281	-3,2
Baleares	7.874	1,4	3.654	-1,2	4.220	3,6
Canarias	41.303	1,1	19.234	0,8	22.069	1,4
Cantabria	6.479	0,9	3.071	-0,4	3.409	2,1
Castela-A Mancha	23.689	0,6	8.986	0,3	14.703	0,8
Castela e León	28.553	-1,2	11.592	-1,9	16.962	-0,8
Cataluña	60.123	1,2	25.376	2,1	34.746	0,5
C. Valenciana	43.703	3,9	19.287	2,9	24.416	4,6
Extremadura	17.076	0,4	5.899	1,3	11.177	0,0
Galicia	54.177	0,4	21.765	-1,1	32.411	1,5
Madrid	34.675	-0,3	13.918	-0,4	20.756	-0,3
Murcia	15.813	-0,7	8.424	-3,5	7.389	2,6
Navarra	3.582	-3,0	1.059	-1,4	2.523	-3,8
País Vasco	10.547	-2,2	5.425	-0,2	5.122	-4,3
A Ríoxa	2.280	-2,1	934	-4,2	1.346	-0,7
Ceuta e Melilla	4.291	-0,3	2.438	-4,6	1.853	5,2
Total	485.798	0,5	207.540	-0,2	278.255	1,0
G/E (%)	11,2	11,1	10,5	10,4	11,6	11,7

(1) Desde xaneiro de 2001 os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibir a pensión de xubilación
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

C.4.8.

Obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social 2003

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	<i>(en miles de €)</i>				
Gastos de persoal	72.658,1	29.065,2	10.124,6	7.919,3	25.549,0
Gastos correntes en bens e servicios	15.389,7	5.472,7	1.888,7	1.469,7	6.558,6
Gastos financeiros	104,9	30,7	17,6	33,2	23,4
Transferencias correntes	4.889.426,1	1.873.436,1	771.050,0	688.033,1	1.556.906,9
Pensións	4.580.283,7	1.745.797,5	737.927,8	657.747,1	1.438.811,4
Pensións de invalidez	537.059,1	213.168,2	69.229,8	72.627,4	182.033,7
Pensións de xubilación	3.175.615,1	1.184.096,5	545.666,5	473.304,3	972.547,8
Pensións de viudedade	780.554,9	313.448,1	112.566,7	100.113,3	254.426,8
Pensións de orfandade	66.277,0	27.426,9	8.105,6	7.624,5	23.120,0
Pensións a favor de familiares	20.777,5	7.657,8	2.359,1	4.077,6	6.683,1
Incapacidade temporal	166.658,2	59.603,7	18.521,1	17.402,5	71.130,9
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	904,1	293,0	166,2	105,2	339,7
Prestación por maternidade e risco no embarazo	45.366,8	19.668,9	3.968,0	4.091,1	17.638,9
Prestacións familiares	65.738,4	26.295,5	9.169,8	7.355,3	22.917,7
Outras prestacións, indemnizacións e entregas	5.336,0	2.256,1	711,2	696,2	1.672,5
Prestacións sociais	25.089,9	19.472,5	586,0	635,7	4.395,7
Farmacia	0,08	-	0,1	-	-
Transferencias ó exterior	48,9	48,9	-	-	-
Inversións reais	3.267,2	838,5	568,8	85,9	1.774,1
Activos financeiros	312,9	100,9	51,4	38,6	122,0
Pasivos financeiros	78,6	78,6	-	-	-
Total	4.981.237,5	1.909.022,7	783.701,2	697.579,7	1.590.933,9

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

C.4.9.

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2003: distribución segundo reximes

	Dereitos recoñecidos	Obligacións contraídas	Diferencial
	<i>(en miles de €)</i>		
Réxime Xeral	2.586.027,1	2.324.551,7	261.475
Réxime especial de traballadores autónomos	457.677,4	385.108,7	72.569
Réxime especial agrario	88.955,4	1.249.536,7	-1.160.581
Réxime especial de traballadores do mar	75.916,8	396.585,1	-320.668
Réxime especial da minería do carbón	2.322,0	18.642,2	-16.320
Réxime especial de empregados de fogar	21.185,1	84.007,8	-62.823
Accidentados de traballo e enferm. profesionais	22.668,5	137.413,9	-114.745

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

ás transferencias correntes. Destas, 4.580,3 millóns de euros (o 93,7% das transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro) corresponde ás pensións, un 5,8%, 284,0 millóns de euros, ós subsidios, e un 0,6% (25,1 millóns de euros), ás prestacións sociais. Por provincias, A Coruña é quen ten unhas maiores obrigas recoñecidas, con 1.909,0 millóns de euros, o 38,3% do total galego, seguido de Pontevedra, con 1.590,9 millóns (31,9%) e Lugo e Ourense, con 783,7 (o 15,7%) e 697,6 millóns de euros (14,0%), respectivamente.

Finalmente, en relación ó diferencial entre as obrigas contraídas e os dereitos

recoñecidos netos realizados en 2003 pola Tesorería General, éste é positivo no caso do réxime xeral (261,5 millóns de euros) e no caso do réxime especial de traballadores autónomos (72,6 millóns de euros). Este diferencial positivo non logra compensalo diferencial negativo existente no caso dos restantes réximes, salientado o réxime especial agrario, con -1.160,6 millóns de euros, e o réxime especial de traballadores do mar, con -320,7 millóns de euros.

O número de persoas que cobra algún tipo de prestación –ben sexa contributiva ou asistencial– elevouse no ano 2003 a 819,1 miles de persoas entre as

C.4.10.

Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2002-03

	2002					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	14.867	3.691	3.642	13.233	35.433	565,9
Nivel asistencial (media mensual)	12.673	3.450	4.630	9.743	30.496	354,1
Renta Activa de Inserción	2.986	708	1.210	2.337	7.241	50,8
Total	30.526	7.848	9.483	25.313	73.170	970,8
Paro rexistrado (1)	59,3	14,7	17,0	49,5	140,5	1.621,5
Benef.contr./Paro rexistr.	(%) 25,07	25,17	21,38	26,76	25,23	34,90
Benef. subs./Paro rexistr.	21,37	23,52	27,19	19,70	21,71	21,84
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	51,47	53,52	55,68	51,18	52,09	59,87
	2003					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	16.622	3.838	3.974	14.266	38.700	630,4
Nivel asistencial (media mensual)	11.991	3.419	4.625	9.860	29.895	357,9
Renta Activa de Inserción	794	310	295	595	1.994	16,3
Total	29.407	7.567	8.894	24.721	70.589	1.004,7
Paro rexistrado (1)	61,3	14,9	17,6	52,2	146,0	1.657,6
Benef.contr./Paro rexistr.	27,10	25,70	22,62	27,36	26,51	38,03
Benef. subs./Paro rexistr.	(%) 19,55	22,89	26,33	18,91	20,48	21,59
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	47,95	50,67	50,63	47,40	48,36	60,61

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

diferentes fórmulas de protección social: pensións contributivas, pensións non contributivas, LISMI, RISGA, emerxencia social e prestacións por desemprego. Isto significa que un tercio da poboación galega maior de 15 anos é beneficiaria do sistema de protección social pública.

Desta cifra, 683,2 miles de persoas son pensionistas da Seguridade Social, que no ano 2003 tivo un aumento do 0,6% (4,2 miles de persoas) no número de persoas beneficiarias. Cómpre destaca-lo diferencial entre o incremento das persoas afiliadas ó sistema –un 2,5% de novas persoas cotizantes– e o de novas pensionistas, o que supón un avance na solvencia do sistema. Aínda así, as cifras da Seguridade Social en Galicia presentan claras desigualdades: en Galicia está o 8,7% das persoas beneficiarias de pensións do Estado e só o 5,7% das cotizantes do sistema. Estas porcentaxes poderían estar condicionadas polo diferencial de retorno de xubilados a Galicia.

O importe medio da pensión contributiva en Galicia foi de 454,43 euros/mes

(un 5,6% máis que no ano anterior) –o 83,2% do importe medio da pensión en todo o Estado, que foi de 546,04 euros–. Galicia non só segue sendo a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que o diferencial co importe medio estatal segue a aumentar en 2002 respecto ó ano anterior: 85,68 euros inferior en 2002 e 91,61 euros menos no ano 2003.

O resto da cobertura social –agás as prestacións por desemprego–, non financiada polas cotizacións sociais, acolle un total de 65,3 miles de persoas beneficiarias, fronte ás 66,1 miles de persoas do ano anterior.

O número de persoas que cobraron pensión non contributiva da Seguridade Social en Galicia no ano 2003 foi de 54.419, un 0,4% máis ca no ano anterior, o que representa o 11,2% do total de persoas beneficiarias de pensións non contributivas do Estado.

As prestacións sociais e económicas da LISMI déronlle cobertura a 3.938 persoas beneficiarias, 662 persoas menos que

C.4.11.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2002-03

	2002			2003		
	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas
A Coruña	64.184	51.182	13.002	64.980	51.101	13.879
Lugo	22.639	17.475	5.164	23.114	17.826	5.288
Ourense	19.051	13.862	5.189	19.827	14.385	5.442
Pontevedra	58.990	47.491	11.499	46.574	34.909	11.665
Total	164.864	130.010	34.854	154.495	118.221	36.274

Fonte: Sergas

C.4.12.

Prestación farmacéutica en atención primaria 2002-03

		2002	2003	02/03
				(%)
Recetas dispensadas	(en miles)	45.557	48.788	7,1
Activos		12.462	13.617	9,3
Pensionistas		33.094	35.171	6,3
Custo por receita	(en €)	13,52	14,01	3,6
Activos		9,65	9,79	1,5
Pensionistas		14,98	15,64	4,4
Custo/cidadán da prestación	(en €)	232,62	255,88	10,0
Activos		66,07	72,46	9,7
Pensionistas		598,48	662,22	10,7
Custo da prestación farmacéutica	(en millóns de €)	616,1	683,6	11,0
Activos		120,2	133,4	10,9
Pensionistas		495,8	550,3	11,0

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Productos Sanitarios

en 2002, e no caso das pensións asistenciais a 642 persoas, 282 beneficiarios menos ca no ano anterior.

As persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) e das Axudas de Emerxencia Social a 31 de decembro do ano 2003 foron 4.499 (o 67,4% mulleres) e 1.834 persoas, respectivamente, o que supón unha caída de 189 e 279 beneficiarios respecto ó ano 2002.

Prestacións por desemprego

Cadro C.4.10.

Das 146,0 miles de persoas paradas rexistradas en 2003 (un 3,9% máis que no ano anterior), 70,6 miles de persoas eran beneficiarias dunha prestación, un 3,5% menos ca no ano 2002; o resto -75,4 miles de persoas- non tiñan ningún tipo de cobertura. Por iso, a taxa de cobertura en

Galicia descendeu en máis de tres puntos porcentuais e medio para situarse no 48,4% no ano 2003, fronte o 52,1% do ano anterior. Esta a taxa de cobertura segue situándose moi por baixo do valor medio da de España, que, co 60,6%, está 12,2 puntos por riba da galega.

A existencia de 45,7 miles de persoas que levan máis de dous anos en paro (41,3 miles de persoas en 2002), en moitos casos maiores de 45 anos, fai necesaria unha reflexión sobre o modo de actuar nestes colectivos, tanto a través das políticas activas como da protección.

Servizo público en especie: Sanidade e Educación

Cadros C.4.11. e C.4.12.

O número de camas hospitalarias instaladas en Galicia nos centros do Sergas no ano 2003, acadou as 7.123 (7.145 en

2002), en tanto que as camas instaladas nos hospitais concertados ascendeu a 2.168 camas. A ratio número de camas instaladas en Galicia por cada mil habitantes foi, ó igual que en 2002, de 3,4.

Polo que se refire á actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas, no ano 2003 realizáronse un total de 154.495 intervencións –10.369 menos que no ano anterior–, das que 118.221 corresponderon a intervencións programadas e as restantes 36.274 intervencións, a intervencións urxentes. A estas intervencións hai que engadirlas 20.033 intervencións realizadas nos hospitais concertados co Sergas (16.348 programadas).

As listas de espera amosan unha medra da demora media respecto ó ano anterior, que pasa dos 71,4 días do ano 2002 ós 76,7 días de 2003.

O custo total da prestación farmacéutica en 2003 acadou os 794,0 millóns de euros, dos que 656,6 millóns de euros corresponde ó custo da prestación farmacéutica en atención primaria, e 137,3 millóns de euros, ó custo en atención especializada.

Comparado co ano anterior, o custo farmacéutico medra en Galicia nun 11,1%, sendo do 10,3% no caso da atención primaria, e do 15,3% no caso da prestación farmacéutica en atención especializada. O custo medio por cidadán ascendeu no caso da atención primaria a 255,88 euros no ano 2003, fronte ós 232,62 euros do ano anterior, sendo o custo farmacéutico medio por pensionista de 662,22 euros.

En relación á educación, a Encuesta de Población Activa estima que o número de ocupados nas actividades educativas en Galicia ascendeu a 57,5 miles de persoas (2,6 miles de ocupados máis que en 2002), o que representa o 9,2% dos empregados no sector servizos.

No curso 2002-03 ráchase a tendencia á baixa no número de alumnos e alumnas matriculados nos centros non universitarios iniciada nos últimos anos da década anterior. Neste curso a medra foi o 1,5% (un punto superior ó existente no conxunto do Estado), sendo a quinta comunidade autónoma en canto ó incremento de alumnos, por detrás da C. Valenciana (2,3%), Navarra (2,1%), Cataluña (1,9%) e Madrid (1,5%).

O número de alumnos nos centros non universitarios ascendeu a 394.454 (o 5,8% do total estatal), dos que a rede privada tería un 26,8%, mentres que en España xestiona un 32,5%.

No ensino universitario, o número de alumnos no primeiro e segundo ciclo descendeu un 10,0%, para situarse nos 85.096 alumnos no curso 2003-04 (94.560 alumnos no ano anterior). Esta caída prodúcese fundamentalmente pola redución de alumnos experimentada na Universidade de Santiago de Compostela, con 8.582 alumnos menos. A Universidade de Vigo presenta unha caída no número de alumnos matriculados de 1.395 persoas, sendo a Universidade de A Coruña a única que presenta unha medra no seu número de alumnos, con 513 alumnos máis.

As universidades galegas só acadaban en 2002 o 83,1% do gasto corrente medio por alumno nas universidades públicas presenciais España, superando tan só ó gasto medio na Universidade de Extremadura (77,3%). O gasto corrente por alumno nas universidades galegas ascendeu a 3.302,33 euros, fronte ós 3.975,39 euros de media no conxunto das universidades públicas presenciais.

A porcentaxe de poboación maior de 16 anos con estudos universitarios (incluídas persoas con doutoramento) é do 19,6 % no conxunto de España e 17,8 % en Galicia.

Vivenda

O prezo medio do metro cadrado da vivenda libre en Galicia ascendeu a 864,11 euros no ano 2003, un 8,0% superior ó rexistrado no ano precedente. Comparado co total estatal (o prezo medio medrou un 17,0% para situarse nos 1.428,16 euros), o prezo medio da vivenda en Galicia é un 39,5% inferior.

Comparado co prezo medio existente nas outras comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade co menor prezo medio por metro cadrado, sendo superada por Estremadura (615,98 euros) e Castela A Mancha (780,17 euros). Asemade, Galicia rexistra o segundo menor crecemento do prezo medio da vivenda, cun 8,0% respecto ó prezo de 2002 (7,4% en Estremadura).

Se consideramos que a vivenda tipo ten unha superficie de 90 metros cadrados, e dada a renda familiar bruta dispoñible, as galegas e galegos necesitarían un total de 6,69 anos, como media, para pagar unha vivenda (6,53 en 2002), o que significa que se incrementa a porcentaxe da renda familiar que se fai preciso adicar á compra de vivenda. Este tempo é inferior ó necesitado polo conxunto de españois como media (9,47 anos), sendo a terceira comunidade onde se tardaría menos tempo en financiar unha vivenda (Estremadura 5,52 anos e Castela A Mancha 6,23 anos). ■

C.5. desenvolvemento rexional

Infraestructuras

Cadros C.5.1. a C.5.6.

O stock de capital neto total territorializado en Galicia (56.781 millóns de euros de 1990) supuña no ano 1998 (último ano dispoñible) o 5,6% do total de España, segundo o informe do BBVA sobre o stock de capital e a súa distribución territorial. O stock de capital público en Galicia (13.228 millóns de euros) supón o 6,7% do total de España e o stock de capital privado (43.553 millóns de euros), o 5,3%.

Cómpre destacar que a taxa de crecemento do stock de capital total en Galicia no período 1990-1998 acadou o 3,11%, sendo a media de España de 2,54%. O stock de capital público acadou unha taxa de crecemento do 6,16%, superior a de España (4,92%), e o stock de capital privado acadou unha taxa de crecemento do 2,33%, inferior á do Estado (2,53%).

A Coruña participa no capital neto total territorializado de Galicia co 40,5%,

C.5.1.

Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2001-02

	2001		2002		Galicia / España	
	Galicia	España	Galicia	España	2001	2002
	(en quilómetros)				(%)	
A cargo do Estado	2.232	24.458	2.270	24.641	9,1	9,2
Estradas dunha calzada	1.573	16.376	1.578	16.273	9,6	9,7
Estradas de dobre calzada	73	698	73	679	10,5	10,8
Autovías e autoestradas libres	395	5.564	395	5.756	7,1	6,9
Autoestradas de peaxe	191	1.820	224	1.933	10,5	11,6
A cargo dos Entes territoriais	15.175	150.696	15.008	139.498	10,1	10,8
Comunidade Autónoma	5.128	70.854	5.128	69.459	7,2	7,4
Deputación	9.880	68.487	9.880	70.039	14,4	14,1
Outros organismos	167	11.355	-	-	1,5	-
Rede viaria municipal (1)	61.756	489.698	61.756	489.698	12,6	12,6
Total rede de estradas	79.163	664.852	79.034	653.837	11,9	12,1

(1) ano 1995

Fonte: Ministerio de Fomento

C.5.2.

Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2002-03

Organismo	Concepto	2002	2003	03/02
		(en miles de €)		(%)
D.X. Obras Públicas	<i>Estrada (413 B, 600, 610)</i>	139.234,5	155.963,2	12,0
Portos de Galicia	<i>Portos (presuposto de capital)</i>	21.133,0	21.338,0	1,0
Augas de Galicia	<i>Investimentos reais (Cap. VI)</i>	8.238,4	22.289,9	170,6
Obras e Servizos Hidráulicos	<i>Obras hidráulicas (presuposto de capital)</i>	62.037,0	58.808,0	-5,2
Total		230.642,9	258.399,1	12,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Lugo co 14%, Ourense co 13,8% e Pontevedra co 31,7%.

Aínda que o stock de capital total en Galicia (5,6%) está por debaixo do peso poboacional de Galicia (6,7% en 1998), o stock de capital público en Galicia acada o peso poboacional de Galicia. É necesario aumenta-lo stock de capital privado, e xa que logo o investimento privado, que en Galicia é só do 5,3%.

En relación ás infraestructuras de transporte terrestres, a rede de estradas de Galicia esta composta en 2002 por 79.034 quilómetros, dos que 61.756 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.008 km están a cargo dos entes territoriais e 2.270 km, a cargo do Estado. Isto significa que a comunidade galega dispón de 58 quilómetros de estradas pertencentes ó Estado, Comunidade Autónoma e

Deputacións por cada 100 km² de superficie e 6,32 km por cada mil habitantes, cifras superiores ás medias estatais, que son de 32 km/100 km² e 3,92 km/1.000 habitantes, respectivamente.

O número de quilómetros de autovías e autoestradas libres a cargo do Estado foi en Galicia de 395 km (o 6,9% do total estatal) e o autoestradas de peaxe de 224 km (o 11,6% do conxunto do Estado). En termos de poboación, Galicia acolle 14,4 quilómetros de autovías e autoestradas libres por cada cen mil habitantes (13,8 de media en España) e 8,2 quilómetros de autoestradas de peaxe por cada cen mil habitantes (4,6 de media en España). No concernente ás estradas dunha soa calzada, estas ratios son de 57,6 e 38,9 quilómetros por cada cen mil habitantes, respectivamente.

O investimento total presupostado

C.5.3.

Inversións totais de Renfe 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en miles de €)		(%)
A Coruña	25.137,8	17.099,6	-32,0
Mantemento de infraestrutura	2.111,4	3.069,9	45,4
Circulación	234,8	32,0	-86,4
Cargas	167,8	258,4	54,0
Grandes liñas	95,1	-	-100,0
Estacións	395,0	596,8	51,1
Patrimonio e urbanismo	2.400,1	516,2	-78,5
Transporte combinado	115,2	48,3	-58,1
Proxectos e coordinación	19.618,4	12.472,0	-36,4
Direccións corporativas	-	105,9	
Lugo	15.276,0	15.425,1	1,0
Mantemento de infraestrutura	1.189,0	1.718,8	44,6
Circulación	29,5	-	-100,0
Cargas	60,7	63,5	4,6
Transporte combinado	-	9,9	
Proxectos e coordinación	13.972,2	13.632,9	-2,4
Direccións corporativas	24,6	-	-100,0
Ourense	5.606,1	11.047,5	97,1
Mantemento de infraestrutura	4.921,5	9.807,7	99,3
Circulación	61,6	281,3	356,5
Cargas	264,2	267,0	1,1
Estacións	15,8	44,4	181,9
Mantemento integral de trens	-	34,5	
Patrimonio e urbanismo	71,1	416,5	485,7
Proxectos e coordinación	260,9	169,9	-34,9
Telecomunicacións comerciais	11,2	4,1	-63,7
Proxectos corporativos	-	22,1	
Pontevedra	4.919,0	7.966,4	62,0
Mantemento de infraestrutura	4.600,0	5.395,9	17,3
Circulación	71,5	26,9	-62,3
Cargas	49,1	365,5	644,7
Rexionais	2,5	6,8	177,9
Estacións	75,6	344,3	355,5
Patrimonio e urbanismo	11,5	86,5	655,5
Transporte combinado	7,1	1.366,0	19.158,5
Proxectos e coordinación	101,8	374,4	267,7
Total	50.938,9	51.538,5	1,2
España. Total rexionalizable (ETR)		527.163,5	
España. Total		920.391,7	
G/ETR (%)		9,8	

Fonte: Renfe

pola Xunta en estradas, portos e obras hidráulicas ascendeu a 258.399,1 miles de euros en 2003, fronte ós 230.642,9 miles de euros do ano anterior. A Dirección Xeral de Obras Públicas investiu en estradas un total de 155.963,2 miles de euros (139.234,5 miles de euros no ano anterior), en tanto que o investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servicios Hidráulicos) acadou os 81.097,9 miles de euros (un 15,4% superior ó rexistrado en 2002) e Portos de Galicia, unha cantidade similar á do ano anterior, 21.338,0 miles de euros.

O investimento medio na rede de estradas no período 1998-02 ascende a 141,3 miles de euros por cada 1.000 habitantes, mentres a media estatal foi de 114,0 miles de euros. Galicia é a novena

comunidade onde máis se inviste por habitante, por detrás de Asturias (328,1 miles de euros por cada 1.000 habitantes), Cantabria (291,8 miles de euros), Castela e León (232,3 miles de euros), Aragón (213,1 miles de euros por cada mil habitantes), A Rioxa (191,3 miles de euros), Castela A Mancha (174,3 miles de euros), Navarra (165,9 miles de euros) e Extremadura (143,9 miles de euros). No ano 2003 a licitación pública en estradas acadou en Galicia o 8,0% español.

Se a comparación se fai atendendo ós investimentos por quilómetro de rede, Galicia ocuparía a oitava posición, con 22,4 miles de euros/km (a media estatal é de 28,3 miles de euros/km no mesmo período). Sen que haxa unha relación nin moito menos directa coa calidade da rede

C.5.4.

Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en €)		(%)
A Coruña	8.690.800,74	10.678.255,80	22,9
Lugo	3.910.610,16	3.165.259,70	-19,1
Pontevedra	7.742.411,93	9.166.170,49	18,4
Varios portos	-	1.408.313,47	
Total	20.343.822,83	24.417.999,46	20,0

Fonte: Portos de Galicia

C.5.5.

Parques empresariais operativos promovidos polo IGVS ⁽¹⁾

	Xestor	Superficie industrial e comercial		Parcelas
		Superficie total	(m ²)	
A Coruña				
Alvedro	Xestur Coruña	450.000	224.551	260
Arzúa	Xestur Coruña	40.630	31.729	19
As Pontes	Xestur Coruña	256.591	211.434	12
Boiro	Xestur Coruña	241.025	169.111	43
Cerceda	Xestur Coruña	90.808	65.540	19
Coirós	Xestur Coruña	256.750	175.200	19
Melide	Xestur Coruña	147.253	85.615	74
Noia	Xestur Coruña	78.348	48.625	34
Ordes	Xestur Coruña	78.660	53.006	43
Ponteceso	Xestur Coruña	59.748	36.793	72
Pontedeume	Xestur Coruña	116.269	75.007	33
Ribeira - Xarás	Xestur Coruña	123.000	80.365	47
Somozas	Xestur Coruña	325.953	215.134	11
Lugo				
A Pontenova	Xestur Lugo	60.876	37.192	44
Becerreá	Xestur Lugo	29.394	21.605	21
Begonte	Xestur Lugo	36.811	28.256	30
Bóveda	Xestur Lugo	37.694	26.388	30
Castro de Ribeiros de Lea	Xestur Lugo	95.262	65.052	50
Castro de Cervo	Xestur Lugo	116.958	46.079	25
Guitiriz	Xestur Lugo	60.220	37.750	41
Lugo INF	Xestur Lugo	300.857	205.209	145
Meira	Xestur Lugo	75.708	48.800	34
Muimenta	Xestur Lugo	42.279	27.020	22
Pastoriza	Xestur Lugo	44.190	29.880	39
Quiroga	Xestur Lugo	59.954	32.395	36
Vilalba	Xestur Lugo	272.136	206.350	103
Xermade	Xestur Lugo	14.855	11.490	17
Xove	Xestur Lugo	42.675	27.929	33
Ourense				
Allariz		103.400	58.485	30
Celanova	Xestur Ourense	74.100	45.982	42
O Barco de Valdeorras	Xestur Ourense	104.025	63.715	34
O Carballiño	Xestur Ourense	253.535	194.496	28
Pereiro de Aguiar	Xestur Ourense	354.873	164.921	62
Ribadavia	Xestur Ourense	51.973	22.780	22
Sarreaus	Xestur Ourense	580.844	408.374	1
Verín	Xestur Ourense	132.215	28.327	12
Xinzo de Limia	Xestur Ourense	219.949	153.010	54
Pontevedra				
Bueu	Xestur Pontevedra	59.164	38.076	11
Lalín	Xestur Pontevedra	305.354	179.920	105
O Campiño (Pontevedra)	Xestur Pontevedra	343.291	215.279	87
Silleda	Xestur Pontevedra	101.230	73.059	44
Tui	Xestur Pontevedra	157.051	79.822	53
Trabanca-Badiña (Vilagarcía)	Xestur Pontevedra	86.233	56.342	51

(1) actualización a 23-04-2004

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

**Investimento público real territorializado nas CC.AA. segundo axentes das administracións públicas 2002-03 (1):
presupostos iniciais**

	2002				2003			
	Entidades locais (2)		C.A.	Estado (3)	Entidades locais (2)		C.A.	Estado (3)
	Concellos		(en €/por habitante)		Concellos		(en €/por habitante)	
	Deputacións	Total			Deputacións	Total		
Andalucía	200,87	36,22	176,98	103,30	220,96	517,38	201,10	128,20
Aragón	376,91	38,82	247,81	444,94	414,60	1.108,48	271,61	444,32
Asturias	295,84		438,03	312,74	325,42	1.046,61	488,19	332,80
Baleares	162,88	52,75	204,66	116,66	179,17	536,95	208,10	143,74
Canarias	194,92	148,21	234,80	100,37	214,41	678,30	243,43	93,97
Cantabria	269,88		494,10	308,00	296,87	1.071,97	614,78	333,78
Castela e León	206,73	47,02	260,58	216,85	227,41	731,19	341,49	219,10
Castela-A Mancha	294,60	89,61	364,55	228,40	324,07	977,16	427,19	263,61
Cataluña	313,56	9,70	157,18	49,62	344,91	530,06	171,84	50,94
Extremadura	181,45	90,96	358,10	206,92	199,59	837,42	482,75	240,62
Galicia	125,48	35,35	274,42	101,04	138,02	536,29	310,68	128,43
Madrid	219,64		153,95	121,58	241,60	495,17	168,30	108,41
Murcia	167,38		180,54	110,65	184,13	458,57	199,68	94,87
A Ríoxa	467,31		288,50	555,81	514,05	1.311,61	426,37	323,37
C. Valenciana	247,42	42,95	196,01	86,17	272,16	572,55	199,96	107,07
Navarra	567,34		471,76 (4)	18,03	624,08	1.057,13	471,76 (4)	55,35
País Vasco	273,82	182,60	147,49	44,66	301,20	648,58	150,88	44,84
Ceuta	408,88			212,57	449,84	621,45		222,21
Melilla	376,08			290,02	413,73	666,09		273,88
Media rexionalizada	243,50	42,56	217,77	128,41	267,85	632,24	245,22	138,10
Media total	243,50	42,56	217,77	171,90	267,85	675,73	245,22	186,09

1) cada axente comprenden soamente a Admon. centralizada e OO.AA., agás no caso dos Concellos que soamente se refiren á súa Admon. Centralizada

(2) Estimación

(3) non inclúen gastos de defensa

(4) Presupuesto prorrogado

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe económico-financiero de las Administraciones Territoriales 2002

viaria compre lembrar que os accidentes mortais de tráfico en Galicia supoñen o 8,3% do total de España.

No que ó investimento no ferrocarril se refire, ó longo do ano 2003 o investimento de Renfe en Galicia medrou un 1,2%, pasando dos 50.938,9 miles de euros de 2002 ós 51.538,5 miles de euros do 2003 (9,8% do total estatal). A licitación pública de obra ferroviaria en 2003 en Galicia supuxo o 7,5% do total español.

O investimento nas infraestruturas portuarias realizadas por Portos de Galicia ascendeu a 24.418,0 miles de euros, un 20,0% máis que en 2002. Pola súa banda a licitación oficial de obra pública portuaria en 2002 en Galicia só supuxo o 7,8% do total español.

No caso dos aeroportos galegos, o investimento de Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) ascendeu a 39.944 miles de euros no ano 2003 (4.371 miles de euros no ano anterior), dos que 33.903 miles de euros se investiron en A Coruña e 6.041 miles de euros en Pontevedra.

O número de parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e Xesur a 23 de abril de 2004 ascende a 43 e ofertan un total de 1.992 parcelas e unha superficie industrial e comercial de 4.106,1 miles de m².

A realidade galega amosa a necesidade dunha política de solo empresarial que combine de xeito máis axeitado a eficiencia que supón ampliar a oferta preto dos grandes centros productivos da Comunidade coa equidade implícita no intento de levar as empresas e o desenvolvemento económico ó interior de Galicia. Neste momentos nos atopamos con rechamantes diferencias nas porcentaxes de ocupación entre parques empresariais (de 100% a 0%), que explican cómo é posible

escoitar ó tempo as queixas de falla de solo empresarial –que se reflicte en altos prezos- e os anuncios de continuos incrementos na oferta de solo no conxunto de Galicia.

Se é certo que é máis difícil atopar espazos de expansión dentro das áreas urbanas, as novas localizacións non deberían acharse lonxe –en termos de tempo– dos territorios máis dinámicos. Xa que logo, é fundamental localizar a nova oferta de solo empresarial en emprazamentos moi ben conectados por camiño de ferro e estrada a eses centros. Noutras palabras, trataríase de expandir o desenvolvemento dende os centros xa existentes máis que criar novos centros puxantes. A experiencia amosa a grande dificultade desta segunda vía.

O investimento público real territorializado ascendeu en 2003 ata os 616,02 euros por habitante, sendo en 2002 de 536,29 euros por persoa. Este incremento prodúcese tanto no caso da C.A., con 36,26 euros por habitante máis, como no caso do Estado e das entidades locais, con 27,39 euros e 16,08 euros por habitante máis que en 2002.

Esta medra fai que se produza unha redución do diferencial coa media estatal rexionalizada xa que no último ano este investimento era un 11,7% inferior, cando en 2002 era un 15,2% inferior. En relación á media do investimento total, o investimento por habitante en Galicia era en 2003 un 17,4% inferior, fronte ó 20,6% de 2002.

No ano 2003, tódolos axentes das administracións públicas incrementaron o seu investimento público real territorializado por habitante en Galicia, de tal xeito que a participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil ó longo do ano 2003 reflicte a seguinte

C.5.7.

Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2001-02

	2001		2002		02/01	
	Gastos internos (miles de €)	Persoal (1)	Gastos internos (miles de €)	Persoal (1)	Gastos internos	Persoal (1)
Andalucía	538.332	14.785	585.667	14.003	8,8	-5,3
Aragón	139.582	3.466	160.346	3.949	14,9	13,9
Asturias	99.022	2.561	98.933	2.974	-0,1	16,2
Baleares	38.404	760	45.271	705	17,9	-7,2
Canarias	136.692	3.337	173.088	4.004	26,6	20,0
Cantabria	46.314	991	48.348	852	4,4	-14,1
Castela e León	295.943	6.535	317.673	6.968	7,3	6,6
Castela-A Mancha	72.211	1.534	105.296	1.798	45,8	17,2
Cataluña	1.333.896	26.037	1.628.042	28.034	22,1	7,7
C. Valenciana	446.565	9.962	547.944	11.842	22,7	18,9
Extremadura	66.294	1.400	71.380	1.302	7,7	-7,0
Galicia	240.265	5.937	293.195	6.225	22,0	4,9
Madrid	1.974.212	33.369	2.277.822	35.686	15,4	6,9
Murcia	100.989	2.352	97.633	2.147	-3,3	-8,7
Navarra	114.065	2.557	130.881	2.900	14,7	13,4
País Vasco	561.104	9.560	581.744	10.187	3,7	6,6
A Ríoxa	23.268	608	29.489	678	26,7	11,4
Ceuta e Melilla			788	5		
Total	6.227.158	125.750	7.193.540	134.258	15,5	6,8

(1) Persoal en equivalencia a xornada completa
Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

situación: a Comunidade Autónoma participou cun 50,4%; os Concellos, cun 22,4%; o Estado, cun 20,8%; e as Deputacións, cun 6,3%.

Se se compara o investimento público por habitante na comunidade galega coa media rexionalizable, o principal desfase prodúcese no caso dos concellos, con 129,83 euros menos, seguido polo investimento estatal, que é 9,67 euros inferior. Se a comparación se fai coa media total, este desfase é de 129,83 euros e 57,66 euros, respectivamente.

Na distribución territorial do investimento público total do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA., Galicia acadou o 5,5% do investimento fronte ós 5,3% do ano anterior. Aplicando criterios de equidade per cápita, para reducir as disparidades interterritoriais no stock de capital público, o peso da porcentaxe de investimento público en Galicia debería seguir crescendo ata igualar, polo menos, o peso relativo da poboación galega no total estatal, que acadou en 2003 o 6,44%.

I+DT

Cadros C.5.7. a C.5.10.

Galicia dedicou ó investimento en I+DT en 2002 (último dato dispoñible) 0,80% do seu PIB a prezos de mercado (o *Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005* sinala como obxectivo que o indicador gasto en I+D sobre o PIB debería supera-lo límite do 1%), co que é a sétima comunidade que máis porcentaxe dedica a I+DT, por detrás de Madrid, País Vasco, Cataluña, Navarra, Castela e León e a C. Valenciana. No conxunto do Estado esta porcentaxe ascende ó 1,04% do seu PIB adicado a estas actividades.

O gasto total interno de I+DT en Galicia (gasto realizado dentro da unidade ou centro investigador, así como os levados a cabo fóra do centro pero en apoio de tarefas internas de I+D) ascendeu a 293.195 miles de euros, un 22,0% máis que o investido no ano anterior (52.930 miles de euros máis), e representa o 4,1% do gasto total destas actividades en Espa-

C.5.8.

**Importancia relativa dos gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA.
2001-02**

	2001		2002	
	Gastos internos / PIB (1) (%)	Persoal en I+D / 1.000 activos (2)	Gastos internos / PIB (1) (%)	Persoal en I+D / 1.000 activos (2)
Andalucía	0,61	5,0	0,62	4,5
Aragón	0,69	7,0	0,75	7,9
Asturias	0,68	6,5	0,64	7,2
Baleares	0,23	2,0	0,26	1,7
Canarias	0,52	4,2	0,62	4,8
Cantabria	0,55	4,4	0,54	3,7
Castela e León	0,80	6,4	0,81	6,7
Castela-A Mancha	0,33	2,2	0,45	2,5
Cataluña	1,11	8,6	1,27	9,1
C. Valenciana	0,70	5,2	0,81	6,1
Extremadura	0,60	3,4	0,60	2,9
Galicia	0,69	5,0	0,80	5,1
Madrid	1,75	13,7	1,90	14,3
Murcia	0,65	4,8	0,58	4,2
Navarra	1,04	10,3	1,11	11,5
País Vasco	1,34	9,9	1,32	10,4
A Rioxa	0,47	5,3	0,57	5,7
Ceuta e Melilla	-	-	0,04	0,1
Total	0,96	7,1	1,04	7,3

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes
(2) Persoal en equivalencia a xornada completa
Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

ña fronte ó 3,9% do ano anterior. Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a sétima comunidade co maior investimento, por detrás, ó igual que no ano 2001, de Madrid, Cataluña, Andalucía País Vasco, a C. Valenciana e Castela e León.

O gasto público en Galicia nas actividades de I+D representa en 2002 o 61,3% do gasto total (179.780 miles de euros), cando no conxunto do Estado representa o 45,2% do gasto. Comparada co resto das comunidades autónomas, Galicia é a oitava comunidade con maior peso relativo do gasto público, por detrás de Extremadura, Baleares, Canarias, a C. Valenciana, Andalucía, Murcia e Asturias.

O persoal empregado nas actividades de I+D en equivalencia a xornada completa en 2002 ascendeu a 6.225 persoas, o 4,6% do total estatal. Comparado co ano anterior, prodúcese unha medra do 4,9% (288 persoas máis), sendo esta medra do 6,8% no conxunto do Estado. En termos relativos, en Galicia hai un total de 5,1 persoas ocupadas nestas actividades por

cada mil activos, fronte ás 7,3 persoas/1.000 activos que se rexistra de media en España o que a situaría no décimo posto do ranking autonómico, por detrás de Madrid, Navarra, País Vasco, Cataluña, Aragón, Asturias, Castela e León, a C. Valenciana e A Rioxa.

Os datos da Oficina Española de Patentes y Marcas amosan que Galicia, con 224 solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade), é a sétima comunidade en canto o número total de solicitudes, por detrás de Cataluña, Madrid, a C. Valenciana, Andalucía, País Vasco e Aragón.

Se a actividade inventiva se mide a través da ratio de solicitudes de invencións/ millón de habitantes, Galicia está por baixo da media estatal, con 83,1 solicitudes, cando a media no conxunto do Estado acada as 138,5 solicitudes por millón de habitantes. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta unha actividade inventiva superior á rexistrada en Andalucía, Asturias,

C.5.9.

Principais indicadores de I+D en empresas nas CC.AA. 2002: distribución segundo tipo de indicador e tipo de empresa

	Nº de empresas		Gastos en I+D		Personal en EXC	
	Manufacturerais de alta tecnoloxía	Servicios alta tecnoloxía	Manufacturerais de alta tecnoloxía	Servicios alta tecnoloxía	Manufacturerais de alta tecnoloxía	Servicios alta tecnoloxía
			(en miles de €)			
Total	532	877	875.885	1.034.320	952.636	14.987
Andalucía	19	60	32.048	25.355	49.534	709
Aragón	33	10	7.847	13.042	57.151	214
Asturias	6	8	1.771	4.055	5.782	67
Baleares	2	9	183	2.110	14	39
Canarias	-	9	-	30.831	124	213
Cantabria	1	12	9	3.096	5.647	109
Castela e León	13	33	5.214	103.354	25.117	1.005
Castela-A Mancha	9	18	13.659	4.102	11.049	85
Cataluña	245	196	342.023	123.421	389.908	2.746
C. Valenciana	35	88	6.487	32.424	50.920	774
Estemadura	-	4	-	721	1.949	18
Galicia	18	31	4.759	17.611	55.815	271
Madrid	129	344	411.586	488.932	101.023	5.777
Murcia	13	9	2.851	1.565	15.722	48
Navarra	6	8	4.066	18.535	43.935	205
País Vasco	39	99	43.381	163.801	132.554	2.638
A Ríoxa	-	7	-	1.966	6.393	72
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-

Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D.

C.5.10.

Indicadores dos sectores manufactureros de tecnoloxía alta e media-alta en Galicia 2001

	Galicia		Galicia / España	
	Número de establecementos	Cifra de negocios (en millóns de €)	Número de establecementos	Cifra de negocios (%)
Sectores manufactureros de Tecnoloxía Alta				
Industria farmacéutica	183	343,4	4,2	1,3
Maquinaria de oficina e material informático	8	160,0	2,3	1,6
Aparatos de radio, TV e comunicacións	12	4,4	2,9	0,1
Instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería	15	120,3	2,0	1,8
Construcción aeronáutica y espacial	144	54,7	5,2	1,7
	4	3,9	5,8	0,2
Sectores manufactureros de Tecnoloxía Media-Alta				
Industria química agás industria farmacéutica	1.013	7.593,8	5,3	6,4
Maquinaria e equipos	124	589,0	4,0	2,1
Industria química agás industria farmacéutica	374	216,3	3,7	2,9
Maquinaria e aparatos eléctricos	140	374,8	4,9	2,7
Industria automóbil	96	4.893,5	5,4	10,0
Outro material de transporte	279	1.084,1	19,3	21,3
Sectores manufactureros de Alta e Media-Alta Tecnoloxía	1.196	7.937,1	5,1	5,5
Servicios de alta tecnoloxía	1.564	2.478	5,3	5,8
Correos e telecomunicacións	718	2.330,4	9,3	8,2
Actividades informáticas	717	135,3	3,8	1,0
Investigación e desenvolvemento	129	12,4	4,8	1,6

Fonte: INE, Indicadores de alta tecnoloxía

Canarias, Cantabria, Castela A Mancha, Castela e León e Estremadura.

No caso dos sectores das industrias de alta e media alta tecnoloxía e servicios de alta tecnoloxía, as 1.196 empresas englobadas nestes sectores en Galicia, xeraron o 4,3% do VEB do conxunto de sectores de alta e media-alta tecnoloxía en España e en torno ó 20% do PIB galego en 2001.

Entre os diferentes subsectores manufactureiros cómpre salienta-la posición das 96 empresas pertencentes á industria do automóbil, que acollen o 41,9% do VEB xerado por estes sectores e Galicia, así como o 61,7% da cifra de negocios e o 65,9% da venda de produtos. Comparado co total estatal, estas empresas acollen o 8,1% do VEB total xerado por esta industria, e o 10,0% e 11,7% da cifra de negocios e venda de produtos, respectivamente.

En relación á penetración de novas tecnoloxías en 2003, Galicia é unha das comunidades autónomas con menor dispoñibilidade de acceso a internet, menor conexión a internet mediante banda ancha e menor taxa de penetración do uso de internet. En Galicia, a porcentaxe de fogares que dispoñen de acceso a internet e cunha conexión mediante banda ancha é do 16,9% e 6,1%, respectivamente (25,2% e 8,9% no conxunto do Estado), estando só por riba de Estremadura e Castela A Mancha no primeiro caso (14,3% e 14,7%, respectivamente), e por riba de Estremadura (2,1%), Castela A Mancha (4,5%), e Navarra (5,6%) no segundo. A porcentaxe de persoas que usaron internet sobre o total de persoas foi do 27,8% en Galicia, sendo esta porcentaxe do 34,2% no conxunto do Estado.

O gasto medio en compras para uso privado a través de internet nos tres meses anteriores á enquisa de 2003 foi en Galicia de 298,93 euros por comprador (188,40

euros en 2002), sendo de 475,95 euros por comprador no conxunto do Estado (153,3 en 2002).

Os datos do IGE amosan que un 49,7% das persoas maiores de cinco anos empregaron o teléfono móbil (42,8% no ano anterior), sendo esta porcentaxe do 32,3% no caso das persoas que empregaron ordenador persoal (29,0% no ano anterior) e do 23,0% no caso das persoas que se conectaron á internet (18,7% no ano anterior). En relación ó comercio electrónico, o 1,9% das persoas maiores realizaron algunha compra a través da internet (seis décimas superior á do ano anterior), sendo as mais numerosas as compras de viaxes, entradas e libros.

Desenvolvemento territorial e medioambiental

Cadros C.5.11. a C.5.14.

Respecto ó desenvolvemento territorial e atendendo á diferenciación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, cómpre salientar que a primeira acolle o 33,6% da superficie e o 69,8% da poboación galega segundo o padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2003, sendo a súa densidade de poboación de 192,3 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,3 habitantes por quilómetro cadrado da Galicia interior. O número de concellos que conforman a Galicia occidental-costa é de 138 (o 43,8% dos concellos galegos) e o número de entidades singulares de poboación de 13.664 (o 45,6%).

Atendendo á capacidade de compra ou de consumo de bens de bens e produtos de uso xeral, medida a través do índice “cota de mercado” (índice promedio de números índices correspondentes á poboación, número de teléfonos, automóbiles, camións, oficinas bancarias e actividades comerciais polo miúdo), a participación

C.5.11.

Territorio e poboación nas Áreas Funcionais galegas

	Superficie (km ²)	Poboación a 1/1/03	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares (1)
Provincia de A Coruña	7.943	1.120.814	141,1	94	10.292
Ferrol	1.556	209.016	134,4	20	2.599
A Coruña	2.597	526.436	202,7	35	3.403
Santiago	3.790	385.362	101,7	39	4.290
Provincia de Lugo	10.026	360.512	36,0	67	9.741
Mariña	1.395	75.221	53,9	15	1.739
Monforte	1.981	58.981	29,8	12	1.906
Lugo	6.650	226.310	34,0	40	6.096
Provincia de Ourense	7.274	342.213	47,0	92	3.675
Ourense	4.119	270.589	65,7	67	3.101
Verín	1.754	36.749	21,0	12	263
O Barco	1.401	34.875	24,9	13	311
Provincia de Pontevedra	4.417	927.555	210,0	62	6.239
Vigo	1.605	513.396	319,8	25	2.522
Pontevedra	1.316	338.419	257,1	28	2.039
Lalín	1.496	75.740	50,6	9	1.678
Galicia	29.660	2.751.094	92,8	315	29.947
Galicia occidental-costa	9.979	1.919.458	192,3	138	13.664
Galicia interior	19.681	831.636	42,3	177	16.283

(1) ano 1996

Fonte: La Caixa, Anuario económico ; IGE, Renovación do Padrón a 1/01/02; Xunta, Mapa comarcal de Galicia

total dos municipios englobados na Galicia occidental costa representa o 69,1% da participación galega total. Comparado co ano 1998, diminúe tanto a participación galega no conxunto do Estado (6,5% en 1998 e 6,2% en 2003) como a participación dos concellos do interior no total galego (31,3% en 1998 e 30,9% en 2003).

Respecto ós diferentes “índices”, a Galicia occidental costa ten uns valoressuperiores ó 70% do total de Galicia. Cómpre salienta-lo valor acadado polo índice turístico, que expresa a importancia turística desta área, que representa o 82,0% do valor total de Galicia.

En relación ás variables con incidencia na actividade económica, o número de empresas activas en Galicia a 1 de xaneiro de 2002 ascendeu a 170.914, das que un 70,8% estaban establecidas na Galicia occidental-costa. Atendendo á distribución segundo sectores, a Galicia occidental-costa acolle o 72,3% das empresas das ramas de servizos, fronte ó 66,2% das empresas industriais e o 65,1% das empresas pertencentes ó sector da construción.

Finalmente, atendendo ós datos facilitados polo Ardán, o 74,9% das 13.534 empresas consideradas (10.138 firmas) están emprazadas na denominada Galicia occidental-costa e acollen en torno ó 85% dos ingresos de explotación e do VEB xerado no ano 2002.

No concernente ó desenvolvemento medioambiental, un primeiro aspecto a considerar é a aprobación do Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, que ten por obxecto o de “establecer unha serie de normas e procedementos de actuación, así como defini-los órganos competentes que constitúan o sistema e dispositivo de resposta das administracións públicas fronte a unha situación de contaminación mariña”.

A contía dedicada pola Xunta de Galicia ós programas ambientais en 2003 rexistrou unha unha medra do 7,3% respecto ó ano anterior, para situarse nos 287.325,6 miles de euros, dos que un total

C.5.12.

Principais indicadores económicos das Áreas Funcionais galegas 2002

	Cota de Mercado 2003	Cota de Mercado 1998	Índice industrial	Índice comercial	Índice comercial polo miúdo	Índice comercial por xunto	Índice de restauración e bares	Índice Turístico	Índice actividade económica 2002	Índice actividade económica 1997
Provincia de A Coruña	2.486	2.597	2.506	2.577	2.531	2.604	2.889	1.409	2.380	2.396
Ferrol	448	484	550	370	354	376	511	125	395	388
A Coruña	1.175	1.219	1.311	1.372	1.479	1.314	1.511	646	1.307	1.373
Santiago	863	894	645	835	698	914	867	638	678	635
Provincia de Lugo	841	901	978	779	846	736	807	275	715	761
Marilha	182	194	388	142	153	138	155	72	186	205
Monforte	137	154	169	101	103	98	116	32	106	121
Lugo	522	553	411	536	590	500	536	171	423	435
Provincia de Ourense	816	866	859	678	682	667	799	234	675	737
Ourense	651	687	576	564	567	556	667	191	527	575
Verín	84	92	58	53	46	56	67	19	46	50
O Barco	81	87	225	61	69	55	65	24	102	112
Provincia de Pontevedra	2.067	2.135	1.783	2.048	2.226	1.942	2.035	1.066	1.771	1.852
Vigo	1.137	1.170	1.139	1.303	1.509	1.182	1.178	483	1.113	1.105
Pontevedra	761	785	490	624	604	638	710	531	540	637
Lalín	169	180	154	121	113	122	147	52	118	110
Galicia	6.210	6.499	6.126	6.082	6.285	5.949	6.530	2.984	5.541	5.746
Galicia occidental-costa	4.294	4.464	4.303	4.471	4.619	4.389	4.696	2.448	4.054	4.179
Galicia interior	1.916	2.035	1.823	1.611	1.666	1.560	1.834	536	1.487	1.567

Fonte: La Caixa, Anuario económico

C.5.13.

Principais variables con incidencia na actividade económica nas Áreas Funcionais galegas (1)

	Teléfonos	Vehículos de motor	Oficinas bancarias	Número de empresas	Actividades industriais	Actividades comerciais por xunto	Actividades comerciais polo mlido	Actividades de restauración e bares
					(en m ²)	(número)	(en m ²)	
Provincia de A Coruña	405.167	576.128	890	70.814	17.823	4.549	2.277.641	10.434
Ferrol	76.147	107.397	139	10.548	2.515	649	401.337	1.851
A Coruña	194.728	273.505	438	37.660	9.198	2.538	1.119.720	4.911
Santiago	134.292	195.226	313	22.606	6.110	1.362	756.584	3.672
Provincia de Lugo	134.782	202.957	340	22.086	6.340	1.609	876.220	3.415
Marín	29.277	41.015	80	4.486	1.436	311	181.719	803
Monforte	22.306	32.677	56	3.292	1.142	219	114.606	520
Lugo	83.199	129.265	204	14.308	3.762	1.079	579.895	2.092
Provincia de Ourense	130.801	211.993	375	21.260	6.705	1.265	672.021	2.992
Ourense	106.029	174.516	295	17.245	5.274	1.027	546.560	2.358
Verín	12.471	18.847	40	1.868	572	105	67.852	329
O Barco	12.301	18.630	40	2.147	859	133	57.609	305
Provincia de Pontevedra	323.107	537.391	719	56.754	14.638	4.306	1.800.301	7.192
Vigo	186.391	304.098	391	31.927	7.438	2.822	986.963	3.745
Pontevedra	112.974	190.648	270	20.364	5.626	1.248	665.885	2.826
Lalín	23.742	42.645	58	4.463	1.574	236	147.453	621
Galicia	993.857	1.528.469	2.324	170.914	45.506	11.729	5.626.183	24.033
Galicia occidental-costa	695.377	1.047.569	1.548	121.071	30.043	8.571	3.914.729	16.707
Galicia interior	298.480	480.900	776	49.843	15.463	3.158	1.711.454	7.326

(1) s 1 de xaneiro de 2002
Fonte: La Caixa, Anuario económico; INE, DIRCE

C.5.14.

VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 2001-02: distribución segundo Áreas Funcionais (1)

	Empresas	VEB 2001	VEB 2002	Ingresos de explotación 2001	Ingresos de explotación 2002	VEB 02 / VEB 01
				(millóns de €)		(%)
Provincia de A Coruña	5.325	4.152,5	4.717,1	20.049,7	22.363,7	13,6
Ferrol	622	406,0	451,9	2.184,7	2.424,4	11,3
A Coruña	2.968	2.762,7	3.224,8	13.209,5	14.779,3	16,7
Santiago	1.735	983,7	1.040,4	4.655,5	5.160,1	5,8
Provincia de Lugo	1.524	560	607,3	2.860,7	2.996,2	8,4
Mariña	367	135,3	144,5	680,8	709,2	6,9
Monforte	139	32,4	33,4	171,6	183,4	3,1
Lugo	1.018	392,6	429,4	2.008,3	2.103,6	9,4
Provincia de Ourense	1.454	675	722,6	2.788,8	2.978,3	7,1
Ourense	1.173	487,5	524,8	2.149,9	2.316,0	7,7
Verín	100	28,1	27,4	119,4	130,3	-2,7
O Barco	181	159,0	170,4	519,5	532,0	7,2
Provincia de Pontevedra	5.231	3.745	3.959,6	19.869,6	21.289,8	5,7
Vigo	3.264	2.690,5	2.842,6	14.793,8	15.468,6	5,7
Pontevedra	1.663	926,6	971,5	4.522,7	5.197,8	4,8
Lalín	304	127,7	145,6	553,0	623,4	14,0
Galicia	13.534	9.131,9	10.006,5	45.568,8	49.628,0	9,6
Galicia occidental-costa (1)	10.138	7.704,8	8.463,2	39.196,3	42.822,5	9,8
Galicia interior	3.396	1.427,2	1.543,3	6.372,5	6.805,5	8,1

(1) Inclúe tódalas comarcas das áreas funcionais de Ferrol, A Coruña, Mariña e Pontevedra, e as comarcas Baixo Miño e Vigo, na área funcional de Vigo, e as comarcas de A Barbanza, Barcala, Muros, Noia, O Sar, Santiago, e Xallas, na área funcional de Santi

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

de 104.064,2 miles de euros (un 27,3% máis que no presuposto do ano anterior) corresponden ó capítulo de investimentos. En termos relativos, o presuposto da Consellería de Medio ambiente supón o 3,7% do total orzamentario e o 0,7% do PIB a prezos de mercado (prezos correntes).

O número total de conatos e incendios rexistrados en Galicia en 2003 ascendeu a 8.553, o 44,1% dos sinistros rexistrados no conxunto do Estado, acadando a superficie estragada polo lume as 19.834,9 hectáreas (o 15,3% da superficie afectada en España).

No que atinxe ós residuos urbanos, en 2001 –último dato dispoñible- a recollida total de residuos representa o 6,2% do total de residuos recollidos en España, sendo esta porcentaxe do 5,9% no caso da recollida selectiva. Comparado co ano anterior, a pesar do incremento do 31,5% na recollida selectiva de residuos en Galicia (descende un 14,5% no conxunto do Estado), o volume total de residuos recollidos en 2001 descendeu un 2,7% (0,6% en España).

Os compromisos de España canto a

emisión de CO₂ derivados da súa aceptación do chamado “protocolo de Kyoto” conlevan a necesidade dunha política enerxética máis ambiciosa dende un punto de vista ecolóxico. Dende Galicia, a contribución ó cumprimento dos compromisos de España debería intensificarse tanto no pulo ás enerxías renovables, como na introducción de pautas de consumo enerxético máis eficientes.

Canto ás primeiras, os pasos dados no eido da enerxía eólica en Galicia teñen sido moi relevantes, convertendo a nosa comunidade en abandeirada no concerto estatal. Outra cousa é a enerxía solar. Cunha tecnoloxía en continua mellora e un número de horas de sol moi superior a outros países europeos, atopámonos aínda moi lonxe deles. As axudas fiscais á instalación de paneis, tanto autonómicas, como locais (a actual lexislación fiscal no eido local contemplaas de xeito específico) deberían ser acompañadas por unha maior clarificación das relacións entre os produtores descentralizados de enerxía solar e os grandes operadores enerxéticos. En particular, parece necesaria unha xestión

C.5.15.

PIB e Renda familiar bruta dispoñible por habitante nas CC.AA. 2002-03

	PIB/hab.		Índice PIB/hab.		RFBD /hab. (2)		Índice/hab.	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
	(en €)		(España=100)		(en €)		(España=100)	
Andalucía	12.863	13.709	74,9	75,3	9.755,64	10.146,28	78,6	78,8
Aragón	18.455	19.726	107,5	108,3	14.044,36	14.741,20	113,2	114,5
Asturias	14.521	15.521	84,6	85,2	11.001,97	11.619,42	88,7	90,3
Baleares	21.226	21.965	123,6	120,6	13.503,85	13.665,75	108,8	106,2
Canarias	16.236	17.006	94,6	93,4	10.424,27	10.701,70	84,0	83,1
Cantabria	16.606	17.681	96,7	97,1	12.179,06	12.725,72	98,1	98,9
Castela-A Mancha	13.864	14.673	80,7	80,6	10.844,61	11.265,90	87,4	87,5
Castela e León	15.925	16.956	92,7	93,1	12.766,97	13.510,16	102,9	105,0
Cataluña	20.376	21.601	118,7	118,6	14.585,30	14.940,53	117,5	116,1
C. Valenciana	16.457	17.314	95,8	95,1	12.352,86	12.689,03	99,5	98,6
Extremadura	11.059	11.812	64,4	64,9	9.486,60	10.049,78	76,4	78,1
Galicia	13.585	14.439	79,1	79,3	11.033,44	11.624,03	88,9	90,3
Madrid	23.057	24.392	134,3	134,0	14.840,79	15.281,73	119,6	118,7
Murcia	14.815	15.826	86,3	86,9	9.814,89	10.114,64	79,1	78,6
Navarra	21.696	23.098	126,4	126,9	14.292,13	14.951,83	115,2	116,2
País Vasco	21.318	22.719	124,2	124,8	14.918,79	15.657,86	120,2	121,7
A Ríoxa	19.361	20.584	112,8	113,0	14.031,26	14.555,83	113,1	113,1
Ceuta (1)	14.621	15.381	85,1	84,5	12.046,96	12.947,91	97,1	100,6
Melilla					12.708,14	13.570,83	102,4	105,4
Total	17.171	18.208	100	100	12.410,07	12.870,59	100	100

(1) Os datos do PIB/hab. e Índice PIB/hab. corresponden a Ceuta e Melilla conxuntamente

(2) Tense en conta a poboación residente a 1 de xullo de cada ano

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Funcas e INE

C.5.16.

Recadación dos principais impostos estatais 2002-03

	2002					Total
	IRPF	Sociedades	IVE	Imp. especiais	Resto	
	(en millóns de <E>)					
Galicia	1.863,7	792,4	1.368,1	65,8	118,3	4.208,3
Estado	32.276,8	21.437,0	25.728,9	10.383,0	4.299,4	94.125,2
G/E (%)	5,8	3,7	5,3	0,6	2,8	4,5
	2003					Total
	IRPF	Sociedades	IVE	Imp. especiais	Resto	
	(en millóns de <E>)					
Galicia	1.787,4	864,4	1.587,7	64,9	127,6	4.432,0
A Coruña	1.082,9	511,2	716,1	46,3	52,5	2.409,0
Lugo	97,5	46,6	119,6	7,4	4,1	275,1
Ourense	105,0	51,5	88,4	4,6	4,6	253,9
Pontevedra	502,1	255,1	663,6	6,6	66,4	1.493,9
Estado	32.829,5	21.919,6	27.140,4	9.786,9	4.373,3	96.049,7
G/E (%)	5,44	3,94	5,85	0,66	2,92	4,61

Fonte: Agencia Estatal de Administración Tributaria

razoable dos excedentes eléctricos producidos polos propietarios dos paneis solares –que fose beneficiosa para ámbalas dúas partes– e unha certa coordinación que compense a natureza fluctuante no tempo na produción deste tipo de enerxía.

Finalmente, debería intensificarse a labor do Instituto de Enerxía Galega (INEGA) na promoción de prácticas aforradoras de enerxía e o uso do transporte público colectivo, hoxe claramente por baixo do seu potencial.

Indicadores económicos de desenvolvemento

Cadros C.5.15. e C.5.16.

O crecemento do VEB, a evolución da poboación e das transferencias de rendas tradúcense nun aumento do 5,4% da renda familiar bruta dispoñible por habitante en Galicia en 2003 respecto ó ano anterior, acadando un total de 11.624,03 euros. Neste ano, a renda familiar bruta dispoñible (RFBD) por habitante en Galicia acada o 90,3% do valor medio de España, o que supón unha medra de 1,4 puntos porcentuais en relación ó ano anterior, no que o indicador estaba situado no

88,9% do valor medio español. Galicia é a sexta comunidade autónoma con menor índice por habitante da RFBD. Por debaixo atópanse Andalucía, Canarias, Castela A Mancha, Extremadura e Murcia.

É relevante a comparación dos valores da RFBD e da produción por habitante de Galicia coa media española. A produción por habitante galega representa o 79,3% do valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 90,3%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 11 puntos (9,8 puntos en 2002). Este diferencial explícase polo funcionamento de mecanismos de compensación, é dicir, de transferencias de rendas e os fondos de desenvolvemento territorial do Estado e da UE, e en menor medida do investimento público do Estado.

Na diminución das diferencias interrexionais é fundamental o comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia favorecendo a converxencia real en termos de renda e benestar social. O compromiso entre equidade e eficiencia debe seguir a reducir as disparidades interterritoriais achegándoas ó nivel de renda e benestar social das rexións comunitarias máis desenvolvidas.

A recadación dos principais impostos estatais en Galicia en 2003 foi de 4.432,0 millóns de euros. Este importe representa sobre o acadado no ano anterior un incremento nominal de 223,7 millóns de euros que, en termos relativos, supón un incremento do 5,3%.

Cómpre salientalo crecemento da recadación experimentada polo IVE, con 219,6 millóns de euros máis (un 16,1% respecto ó ano anterior), e polo imposto de sociedades, con 72,0 millóns de euros máis (9,1%). Pola contra, a contía recadada polo IRPF diminúe en Galicia un 4,1% (76,3 millóns de euros menos).

Neste senso, os ingresos totais por operacións correntes do presuposto consolidado da Comunidade Autónoma superan en 2.117,8 millóns de euros o total da recadación dos principais impostos estatais no ano. ■